# PP e PSOE bloquean agora a reforma do Estatuto

(Páx. 8)

A NOSA TERRA
FUNDADO EN 1907
Nº 1.161
Do 27 de xaneiro
ao 2 de febreiro
de 2005
Ano XXVIII - IV Xeira
1,75 euros

Pepe Carreiro




## Fraga non asiste á presentación do novo Plano de Normalización

# 445 medidas para potenciar o galego

Xosé Gregorio Ferreiro, Responsábel da Comisión Técnica do Plano de Normalización Lingüística, e Xesús Paulo González Moreiras, Director Xeral de Política Lingüística, durante o acto de presentación.

(Páx 2-3)

AGN

## *CAPITOL, ÚLTIMA SESIÓN*
**Miguel Anxo Fernández**

Unha peculiar novela estructurada en 13 secuencias que son támen un pecorrido sentimental pola historia do cine no século XX centradas nun imaxinario cine Capitol.

LOGO DA MANIFESTACIÓN DAS VÍTIMAS DO TERRORISMO, O PSOE debería lembrar a famosa sentenza de Bertolt Brecht, "...non ía connosco..." Agora a dereita española criminaliza os socialistas usando o terrorismo e apropiándose das vítimas de xeito patrimonial, como veu facendo na última década. Ocorre que contou co apoio da dirección socialista na equiparación pública de nacionalistas e terroristas. A estratexia da crispación social posta en marcha de novo por unha parte do PP ten dous eixes confluentes. O primeiro, impedir o pacto PP-PSOE –que se visualizou na reunión entre Raxoi e Zapatero– nun futuro acordo sobre Euskadi e de aí os berros a prol de Acebes. O segundo, utilizar a denominada "industria da crispación" para retornar a un poder que consideran "usurpado" polas malas artes da esquerda e os nacionalistas. A estratexia é usar a rúa. Ana Botella vén de afirmar que todo comezou coas manifestacións do *Prestige*. O terrorismo aparece agora á luz dos feitos non só como un bo negocio económico, senón como a coartada na que basea a dereita a súa campaña propagandística, capaz de aliñar tras si a amplos sectores da sociedade e, como se está vendo cada vez máis nidiamente, de impedir a pacífica convivencia social. Polo tanto, o diálogo e a paz en Euskadi resultan cada vez máis necesarios, como tamén as posturas democráticas claras fronte á manipulación e certos intereses partidistas.♦

## Ismael Rego (PSdeG-PSOE)

'Núñez Féixoo representa os duros do PP madrileño'

(Páx. 9)

## Os cargos estatais non declararán na comisión do *Prestige*

(Páx. 7)

## A Xunta só enviou un conselleiro ao acto

# Dúbidas de que Fraga apoie as medidas a favor do galego aprobadas

**A. EIRÉ - R. VALVERDE**

Vénse de presentar o Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega que pretende introducir cambios no comportamento social elaborando propostas para que aquelas persoas que coñecen o idioma non só o usen no seu contorno social, senón que llelo transmitan aos seus fillos. O apoio das tres forzas políticas parlamentarias fai que xurda coas mellores expectativas. Pero o apoio das administracións é imprescindíbel. Destacadas ausencias no acto fan dubidar da implicación do actual presidente da Xunta.

"Hoxe é un día grande para todos os galegos" afirmou o conselleiro de Educación, Celso Currás, na presentación do Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (PNL), o 22 de xaneiro en Compostela.

Así debía de ser se cremos o profesor Miguel Siguán Soler, experto en linguas minorizadas. "Esta plano xorde coas mellores expectativas. A unanimidade política do Parlamento galego é o seu principal mérito", afirmou. O profesor catalán, convidado como figura mundial no estudo das linguas minorizadas a esta presentación, tamén quixo deixar claro que, a parte do consenso político, "é básico o maior apoio oficial".

É esta condición *sine qua non* a que lle fai albergar a moitos dúbidas consistentes sobre o futuro do PNL. No acto estaban presentes 70 persoas das máis relevantes da sociedade galega, representantes das institucións (Real Academia Galega, Consello da Cultura, Mesa Pola Normalización Lingüística, AS-PG, Instituto da Lingua, Universidades... e outras de carácter sectorial). A maioría delas participaron activamente na redacción deste plano. Notábase primeiramente a falta do presidente da Xunta, Manuel Fraga, e doutros conselleiros, que, nesta ocasión, desperdiciaron a oportunidade para que se visualizase claramente o apoio político. A presenza de Fraga era máis necesaria por canto se afirmaba que el "outorgou" o visto e prace para que se realizase o plano, pero que non está de acordo con moitas das medidas que nel se recollen.

Tamén era manifesta a ausencia da Igrexa Católica, dos poderes xudiciais, de sindicatos, así como de asociacións de pais, dos empresarios, nomeadamente os do ensino, e da maioría dos directores dos medios de comunicación, comezando pola CRTVG. Se realizamos cita expresa destes sectores débese a que nas conclusións do plano teñen un papel relevante que xogar.

**Manuel González, Presidente da Comisión Técnica; Xesús Paulo González Moreiras, Director Xeral de Política Lingüística; Celso Currás, Conselleiro de Educación; Miquel Siguán, profesor e sociolingüista; e Xosé Gregorio Ferreiro, Secretario da Comisión Técnica.** AGN

Porque, ademais da vontade política de pór o PNL en marcha, vontade da que dubida sobre todo o BNG, o éxito do plano ten outras dúas condicións básicas, como apuntou o profesor Siguán: "que os pais falen o galego cos seus fillos e que o utilicen os sectores influentes da sociedade".

### Cinco grandes obxectivos

Celso Currás presentou o PNL como unha ferramenta básica para a supervivencia do idioma, seriamente ameazado, segundo os estudos porque os mozos non falan o galego, aínda que o estudan e o coñecen como nunca.

Partindo da realidade de que aínda hoxe é a lingua do 66 por cento das persoas que viven en núcleos urbanos (os de máis de 10.000 habitantes), o plano persegue cinco grandes obxectivos: garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións; conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos; introducir na sociedade a oferta positiva de atender os cidadáns e os clientes en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística; promover unha visión afábel, moderna e útil da lingua galega que arrede de prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda; dotar o galego de recursos lingüísticos e técnicos que o capaciten para vehicular a vida moderna.

O PNL, como pode apreciarse nas medidas de actuación, aséntase na idea de "cortesía lingüística" para, segundo Currás, "manter unha lingua viva nunha situación de igualdade entre ambos os dous idiomas (galego e castelán) sen que se estableceza unha competencia entre eles".

Idea franciscana na que se vén asentando a política lingüística do PP, o chamado bilingüismo harmónico, un concepto acientífico por ser imposíbel na realidade social, pois dúas linguas sempre entran en conflito cando as fala o mesmo pobo. De non mudar esta política, o castelán acabará relegando cada vez máis ao galego.

Se o castelán segue a "dominar" ao galego, é imposíbel acadar outra das metas que se fixou o conselleiro: "superar o vello complexo de inferioridade" da maioría dos galegofalantes.

A outra base na que se ten que asentar o futuro do galego son, segundo Currás, "as novas tecnoloxías". O PNL considera que as linguas que non consigan desenvolver ferramentas fundamentais de tecnoloxías da fala, perderán terreo no campo da modernidade e atoparanse con graves problemas para ser idiomas que os seus falantes perciban como útiles. Así, o PNL supón unha decidida aposta polo ciberespazo.

Agora só falta saber os medios que van pór os poderes públicos para acadar estes obxectivos.

Na presentación afirmábase que, de perder o PP as próximas eleccións autonómicas, o BNG, mesmo sendo crítico co PNL, tiña unha boa ferramenta para dar pasos adiante na normalización lingüística sen ser acusado de maximalista, ao estar este documento consensuado polas tres forzas políticas parlamentarias. ♦

A NOSA TERRA

**Edita:**
Promocións Culturais Galegas S.A.

**Consello de Administración:**
**Presidente:**
Xosé Fernández Puga.
**Vogais:**
Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé Mª Dobarro, Manuel Mera, Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel Barros e Bieito Alonso.
**Secretario:**
Xan Piñeiro.

**Director:**
Afonso Eiré López.

**Redacción:**
Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, César Lorenzo Gil, Mar Barros, Rubén Valverde, Paco Vila Barros (Fotografía), Perfecto Conde.

**Edicións Especiais:**
Xosé Enrique Acuña.

**Deseño de Maqueta:**
Xoselo Taboada.

**Coordenación Humor Gráfico:**
Picho Suárez.

**Colaboradores:**
**Galiza:** Bieito Iglesias, X.L. Franco Grande, Abelardo Vázquez, X.L. Muñoz Portabales, Martina F. Bañobre, X.C. Garrido Couceiro, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, Mª Pilar Garcia Negro, V.M. Vázquez Portomeñe, A. Gato Soengas, Suso de Toro, Lois Diéguez, Antón Grande, Xavier López, Manuel Lugrís, Xosé M. Añel, Manuel Rivas, Carlos Aymerich.
**Sociedade:** X. Vázquez Pintor, Xavier Queipo, Henrique Harguindey.
**Economía:** Manuel Cao, X.F. Pérez Oia, Xosé García.
**Península:** G. Nuno de Faria, Manuel Lombao, Daniel Álvarez, A. Marqués.
**Mundo:** Xulio Ríos, Moncho F. Leal, Gustavo Luca de Tena, Ignacio Ramonet, Ramón Chao.
**Deportes:** Manuel Pampín.
**Cultura:** Ramiro Fonte, Vítor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Carme Vidal, Celso López Pazos, X.M. Eyré Val, Xesús Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé Freire, Marcos Valcárcel, Rodolfo Dacuña, Xesús González Gómez, Gonzalo Vilas, Franck Meyer, Heitor Mera Herbello, Xosé M. Buxán Bran, Marta Dacosta, Xosé Valiñas, Damián Villalaín, Xerardo Pardo de Vera, José Viale Moutinho.
**Fin de Semana:** Francisco Carballo, Marga Romero, César Varela, Xurxo F. Ledo, Francisco A. Vidal, Antón Patiño Regueira, Rudesindo Soutelo, Irmandade dos Vinhos, Xosé Miranda.
**Lecer:** Xesús Vaamonde Cid.

**Última Páxina:** X.R. Pousa, X.A. Gaciño, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

**Fotografía:**
Andrés Panaro, Xosé Marra.

**Ilustración:**
Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Sanmartín, Ana Pillado Vega, Hermo, Garrincha, Uxía e Brais, Roi Cagiao.

**Xefe de Publicidade:**
Carlos Martínez Muñoz
publicidade@anosaterra.com

**Xefa de Administración:**
Blanca Costas

**Subscricións:**
Lola Fernández Puga
subscripcions@anosaterra.com

**Redacción e Administración:**
Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo.
Apartado 1371. 36200 Vigo

**Edición Electrónica:**
www.anosaterra.com

**Teléfonos:**
**Redacción:**
986 433 886 - 222 405.
Fax 986 223 101.

**Correo Electrónico:**
info@anosaterra.com

**Administración, Subscricións e Publicidade:**
986 433 830*

**Imprenta:** E.C. C-3 1958.

**Depósito Legal:** C-963-1977 .

**ISSN:** 0213-3105.

# Boas intencións pero sen concretar

O Plano de Normalización Lingüística está estruturado por sectores de actuación. A Administración, a Educación, Familia e Mocidade, os Medios de Comunicación e Industrias Culturais, a Economía, a Sanidade, a Sociedade e a Proxección Exterior son para os redactores do plano os espazos nos que cómpre actúar. En primeiro lugar analízase a situación de cada vector resaltando os puntos fortes e febles. Logo expóñense uns obxectivos e detállanse unhas medidas para acadalos. Non embargante, o resultado de cada análise semella máis unha declaración de intencións que unha estruturación de medidas xa que non se explican as maneiras de poñelas en marcha, nin existen uns prazos de execución cos seus correspondentes orzamentos.

O ensino deberá adecuarse ao novo reparto lingüístico das materias. PACO VILABARROS

## ■ Toda a administración en galego

Un dos eixos básicos que pretende o Plano é acadar que todas as institucións públicas que operan en Galicia –concellos, Xunta, Estado, Fegamp, etc.- operen en galego. Para iso, segundo os relatores, é fundamental "establecer normas xerais e uniformes sobre a capacidade lingüística exisíbel nos procesos de acceso á función pública e no desempeño desta función". Salienta tamén que por primeira vez se faga un achegamento á administración de xustiza. Unha das medidas que se pide poñer en práctica consiste en que "nos tribunais, antes do inicio de cada procedemento, se pregunte de oficio cal é a lingua habitual do cidadán e que esa sexa a lingua de toda a actuación, tanto oral coma documental".

## ■ A metade das materias en galego, como mínimo

No eido educativo, o Plano pide que tanto en educación Prmiaria, Secundaria e ciclos formativos "débese garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego". Os relatores fan especial fincapé en que ademais das áreas de coñecemento natural, social e cultural, o galego debe estar presente no ensino das matemáticas e da tecnoloxía. Tamén se establece "a obrigatoriedade de coñecer a lingua para acceder á docencia, fixando prazos concretos e razoábeis para que o profesorado acredite esta competencia".

No tocante á transmisión familiar, os relatores consideran que cómpre "realizar unha campaña que teña por obxectivo que as familias lle transmitan o galego aos fillos e que se use nas interaccións familiares". Ademais, para que os máis cativos non perdan a lingua, "é necesario potenciar unha oferta de preescolar en galego" e propoñerlle á TVG que sitúe en horarios de maior audiencia o programa "Preescolar na casa". En canto os mozos, o plano pide que "se fomente o uso do galego nos ámbitos de máis impacto e utilización polos máis novos (pubs, discos, bares musicais, etc.), establecendo convenios coas asociacións de hostaleiros e outras entidades e colectivos implicados".

## ■ Un 30% de galego nos diarios

No eido dos medios de comunicación e das industrias culturais evidénciase tamén a falta de medidas concretas para acadar uns obxetivos razoábeis. O Plano establece que para fomentar a presenza do galego nos medios escritos cómpre "asinar acordos coas diarios de maior tirada para ir aumentando a presenza do idioma até chegar a un mínimo dun 30%". Tamén se pide que se "promova un diario deportivo en lingua galega" aínda que non se especifica de onde ten que saír o capital ou quen debería ter a iniciativa. Especifícase, iso si, que se debe subvencionar a publicación en galego segundo a porcentaxe e non a prior, o cal implia unha crítica ao modelo de axudas seguido até agora.

No terreo audiovisual, os redactores do plano piden que "se lle imprima a CRTVG un carácter de maior modernidade" para conectar coa xuventude. Do mesmo xeito, consideran que "é necesario negociar con TVE para que aumente o tempo de emisión en lingua galega", así como "recuperar Radio 4 como emisora de RNE que emita integramente en galego". No tocante á dobraxe, unha das medidas consiste en "promover a dobraxe ao galego de polo menos dez filmes anuais, dos que presenten maiores expectativas comerciais".

## ■ Premio anual para as empresas

No eido económico, o obxectivo é "promover a incorporación do uso do galego, especialmente nas empresas punteiras da economía galega". Para acadar este obxectivo as medidas que propón o Plano baseánse en "continuar coas axudas públicas existentes para a galeguización de empresas, outorgándolles prioridade ás accións con carácter perdurábel e global". Debe avaliarse cada ano a produtividade desas axudas e da súa correcta utilización, non obstante, os relatores non especifican que organismos serían os encargados de fiscalizar os resultados obtidos coa campaña de subvencións.

Os relatores piden tamén que se "incorpore como criterio de concesión de axudas públicas ou contratos coa Administración pública a implicación da empresa no uso do galego, introducindo en todas as axudas unha cláusula de promoción do galego". Unha medida que vén de botar abaixo o Tribunal Superior de Xustiza no Concello de Narón. Salienta tamén que se pida emprender unha "campaña de recuperación de memoria empresarial con conciencia de país e premio anual a empresas galeguizadas". No caso dos produtos, unha das medidas máis salientábeis é a de promover que o etiquetado dos produtos que se venden en Galicia estea tamén na nosa lingual. Tamén "promover nos produtos galegos a tripla etiqueta (galego, castelán, inglés) ou cúadrupla (galego, portugués, castelán, francés).

## ■ Deus entende o galego

No eido social, o Plano pretende potenciar o uso do galego na Igrexa, o mundo do deporte, os servizos sociais, o turismo e o asociacionismo. Na área de crenzas relixiosas, o Plano pide que se "cree unha canle de diálogo permanente para aumentar un 10% anual o uso do galego na liturxia e na proxección pública de cada diócese ou sección". Unha das campañas que pretende poñer en marcha consiste no lema "Deus, que nos deu a palabra, enténdeas todas (tamén o galego)". Destaca que no deporte o Plano pide "establecer un acordo cos grandes culbs co obxectivo de incorporar o galego ás súas comunicación". Tamén se fai fincapé en "negociar cos deportistas de elite galegofalantes para que fagan sempre en galego as súas declaracións aos medios de comunicación de Galicia".

## ■ Prospectos dos medicamentos na nosa lingua

No tocante á area da saúde as medidas pasan por potenciar o uso do galego entre os facultativos. Tamén neste caso pídese que se cree un "premio anual de recoñecemento daqueles establecementos sanitarios que máis destaquen na tarefa de normaliación lingüística". Unha das propostas máis salientábeis é a de "establecer programas coa industria farmacéutica, comezando pola establecida en Galicia, para que nunca falte a versión galega nos prospectos e medicamentos vendidos aquí".

## ■ Estudar galego no estranxeiro

O galego ten que ter presenza internacional, segundo os relatores do Plano. Para iso, "Galicia debe estar no proxectos exteriores de maior relevancia". O organismo encargado de difundir a lingua polo mundo sería un Instituto da Lingua chamado *Rosalía de Castro*". Outra medida de consideración sería a de "iniciar conversas con Cataluña e Euskadi para silicitar do Estado que nos niveis de ensino non universitario os alumnos de calquera parte de España estuden unha lingua de carácter autónomo". ♦

Nº 1.161 ● Do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2005 ● Ano XXVIII

*Vivimos no mellor dos mundos posíbeis"*
*Felipe González*

# O 'non' do SLG

**LIDIA SENRA**

A autora defende que o Tratado Constitucional Europeo desprotexe as explotacións labregas alleas ao complexo industrial e agroquímico, causante da degradación da calidade de vida dos consumidores.

O Sindicato Labrego Galego (SLG) vén traballando dende 1986, xunto con organizacións labregas de diferentes países de Europa, ao redor da Política Agraria Común (PAC). Levamos dedicado moito á análise e reflexión sobre as consecuencias que esta política está tendo para os labregos, para o ambiente, para alimentación e para mundo rural. Nese tempo, fomos construíndo alternativas sólidas para a consecución dunha política agraria sostíbel, con labregos producindo alimentos sans, seguros e nutritivos para alimentar a súa poboación, xestionando o territorio e conservando o medio.

O texto constitucional que se nos presenta para a súa ratificación propón consolidar todo o contrario. O obxectivo que se marca é o incremento da produtividade agrícola. Sabemos que, en economía, un aumento da produtividade significa aumentar os rendementos por man de obra. Isto, que vén guiando a actual política agraria, provocou o peche de miles de explotacións (na Galiza máis de tres mil cada ano, e na Unión Europea dos 25 desaparece unha cada minuto). Ademais disto, o actual modelo propicia explotacións de dimensión totalmente inhumana, que se sosteñen coa intensificación da produción, con fortes investimentos en capital, e co empeoramento da nosa calidade de vida (máis traballo para menos ingresos).

Seguir marcando a produtividade como obxectivo é proxectar un futuro con máis destrución de emprego agrario, con maior dependencia dos labregos a respecto das transnacionais agro-químico-farmacéuticas, cunha alimentación cada vez menos saudábel, e cunha forte contaminación dos solos, das augas e do ar.

Consolidar na Constitución europea un modelo deste tipo é atentar contra a propia vida e contra as futuras xeracións, pois a estas alturas xa empeza a haber evidencias claras dos efectos que ten sobre a saúde a contaminación química. A edición francesa da revista *The Ecologist*, no seu número de decembro do 2004, publica unha análise feita por Claude Reiss, biólogo molecular e ex-director do Centro Nacional de Investigacións Científicas de Francia (CNRS), sobre as causas de mortalidade neste país. O estudo amosa un aumento masivo das mortes en Francia por mor de determinados cancros, até o punto de térense convertido, a finais dos anos 80, na primeira causa de falecemento nas persoas entre 35 e 70 anos. Claude Reiss sinala que máis do 90 por cento dos cancros son debidos a factores exteriores, citando como tales, e entre outros, os que son impostos ao individuo polo seu entorno máis inmediato (alimentos, fogar, lugar de traballo), ou máis periférico, como a polución. Outro estudo médico, feito pola Universidade de Birminghan, relaciona a contaminación atmosférica co incremento de cancros en menores de dezaseis anos.

O modo de produción agraria industrial que pretende consagrar a Constitución europea ten unha gran responsabilidade nisto xa que, ademais de pór ao noso alcance uns alimentos cargados de residuos nocivos, é altamente dependente de industrias químicas, que orixinan unha forte contaminación na súa actividade diaria.

Nós entendemos que xa somos demasiado produtivos, e que o que lle corresponde agora á política agraria europea é, xustamente, a potenciación de explotacións de dimensión humana, e asegurar a remuneración correcta do traballo labrego cun xeito de produción respectuoso co medio e coa saúde das persoas.

Hai xa moitos anos que, dende o SLG vimos afirmando que a política agraria non é un asunto que deba ser abordado unicamente dende unha perspectiva corporativista dos labregos, senón que debe ser afrontada dende un punto de vista social porque, como acabamos de ver, aféctanos a todas e a todos. Neste senso, o SLG é fiel, unha vez máis, á súa visión non corporativista do papel da agricultura, polo que lles fai un chamamento aos labregos e ao conxunto da cidadanía para que rexeiten este texto constitucional porque a saúde e a calidade de vida das persoas é algo que debemos protexer por enriba dos intereses dos grandes negocios agro-químico-farmaceuticos. Non debemos ser cómplices en darlle aval constitucional a un modelo de desenvolvemento que, ademais de hipotecarnos e ameazar as xeracións futuras, condiciona calquera alternativa de cambio que puidesen tomar nesta materia a Comisión ou o Parlamento europeos. ♦

**LIDIA SENRA é secretaria xeral do Sindicato Labrego**

Xosé Lois

**"Os seres** humanos mátanse sempre mutuamente. As persoas casadas mátanse sempre. A cuestión é só saber quen será aniquilado primeiro, quen se deixará primeiro destruír e aniquilar. Sobre iso se constrúe o matrimonio". É unha frase de Thomas Bernhard, da obra *Heldenplatz*, que estes días se representa en París. Ah, ben! Os gais casarán. Tamén eles teñen dereito a **odiarse.**

**Os medios** de comunicación destacan os insultos a Bono. Unha semana antes pasaran desapercibidos os que recibiu Atutxa, nas portas das **Cortes.**

**Os *hooligans*** do PP empezan a parecerse aos antichavistas. Claro que os antichavistas de Venezuela non se manifestan persoalmente: mandan as **criadas.**

**Aniversario** do holocausto. Detalle menor. Os que liberaron os campos

## Cartas

### *A unha nai anónima*

Non me coñeces, non sei quen es ti e non creo que nos cheguemos a coñecer. Despois desta carta seguiremos o curso da vida, do destino. Esta sociedade seguirá co seu grave problema contemporáneo, o mal actual, "a soidade", ás veces interior, que esperta cando a única axuda que podemos ter dos demais empeza e remata con un mesmo. Descoñezo se es feliz ou desgrazada, se tes remorsos, dor, preocupación ou incerteza ou polo contrario es feliz e sentes tranquilidade, se queres saber ou non daquel fillo que un día as circunstancias, obrigáronche a renunciar. Se a adopción, unha institución ou un portal, o torno dun convento de clausura foi a túa única saída. Non quero xulgarte, nin intención, nin dereito teño de facelo porque non sei que situación desesperada che obrigou a abandonar o teu fillo. Se unha brutal violación, se che faltou o valor ou non tiveches apoio e deixáronte soa nesas circuntancias, se o medo a unha minusvalía ou grave enfermidade te acovardou, ou unha forte adicción posúe o teu corpo e mente e sentes que non es a mellor nai do mundo, ou se es unha nai angustiada ou estranxeira que tes medo a ser repatriada ao teu país ao nacer o teu fillo.

Este é o motivo da miña carta, dicirche: Por favor!... Se estás embarazada ou se te ves nunha situación así e vas a ter que deixar o teu bebé: Por favor de nai a nai!... Non soltes o teu fillo nun sucio contedor, non o metas nunha escura bolsa de lixo, non lle fagas dano por moi desesperada que esteas. Nin lle quites a vida asfixiándoo ou cravándolle unhas tesoiras. Déixao, polo menos, vivir! Dálle ese dereito, non llo quites tamén. Se tiveches a valentía de traelo nove meses no teu ventre e enfrontácheste á dor do parto, non deixes que a angustia ou o pánico te invadan; e se tes que renunciar ao teu bebé, déixao a bo coidado nunha institución, ou onde non corra perigo a súa vida. Non é o mellor para un neno crecer nun orfanato, pero é mellor que quitarlle a vida, e que a morte do teu pequerrechiño sexa a noticia tráxica do día en todos os noticieiros e despois remate nunha estéril autopsia e o seu corpiño sexa recheo de estériles algodóns ou de xornais vellos... Pénsao... non mates o teu fillo Por favor! Grazas: Unha nai. ♦

**Mª DO CARME ÁLVAREZ**
(A GUARDA)

### *Os que temos que pagar*

Actualmente, a precariedade laboral en Europa sitúase no 13 por cento, en Galiza alcanza o 34 por cento, sen saber moi ben se a política laboral da Xunta quedou caduca ou se os grandes empresarios están gañando máis diñeiro ca nunca. Para combater este desfase, temos as gasolinas máis caras, a ITV, os seguros dos coches, as peaxes nas autoestradas, e o mellor é que na provincia de Pontevedra é onde máis sobe a vivenda. Outras medidas que axudan son: Fenosa, que nos di que imos padecer cortes de luz porque as tarifas son moi baixas, polo tanto, se as soben non teremos problemas; os presidentes dos empresarios, tanto no Estado como en Galiza, dinnos que non se poden subir os soldos por causa da competitividade. Que ben falan aqueles que teñen un salario millonario. Gustaríame miralos co que gañan a maioría das mulleres que andan a mariscar, cun soldo que está por debaixo do soldo mínimo, como a maioría dos pensionistas.

Dende o principio da democracia, as grandes empresas, os ricos, o poder político e as súas

# *A propósito de Leonor*

**XESÚS CONSTELA**

Leonor López ten apenas 16 anos mais xa sufriu en carne propia a inxustiza e a represión. Os seus delitos: ser indíxena en México e non resignarse á humillación de vivir como se non fose humana.

Leonor López.

Oaxaca, estado do sur de México, conta cunha poboación de tres millóns e medio de habitantes, dos cales o setenta por cento son indíxenas. Ten uns índices de analfabetismo e de pobreza dos máis altos do país. Fálanse dezaseis linguas e o 38 por cento da poboación non utiliza o español.

A meirande parte das comunidades indíxenas da zona están agrupadas en torno ao *Consejo Indígena Popular de Oaxaca* (CIPO), un colectivo que reivindica a libre asociación e a autonomía da poboación indíxena. A represión exercida contra as comunidades que constitúen o consello vén sendo denunciada dende hai moito tempo por diversas organizacións. Levan anos aturando abusos por parte de autoridades corruptas e de empresas multinacionais, ao que hai que engadir os ataques do grupo paramilitar Antorcha Campesina.

Leonor López Alavés é unha rapaza de dezaseis anos que vive na comunidade zapoteca de San Isidro Aloapam, na Serra Norte da Oaxaca, zona de importantes recursos madeireiros que espertou o interese dunha fábrica de papel vinculada á empresa norteamericana Kinberly Clark.

A mesma Leonor di que de pequena non xogaba porque no tiña tempo para iso. O que lle gustaba era aprender. Describe a súa escola coma unha casa moi vella á que dous días por semana acudían uns mestres que viñan de moi lonxe porque preferían a vida na cidade ás incomodidades da montaña. Non había máis material escolar que o estritamente necesario. Con once anos rematou os estudos primarios. E isto para un indíxena de Oaxaca significa o final da escolarización de por vida, porque nas comunidades non existen as escolas secundarias. Leonor nunca abandonou a ilusión por estudar e di que o seu soño é chegar a ser avogada.

Cando contaba con once anos, a súa comunidade comezou a verse involucrada en problemas por causa da necesidade de máis terras de cultivo, que remataron coa detención de varias persoas, demandados pola propia *Municipalidad*. Moitos decidiron emigrar á capital do estado ou aos Estados Unidos, e os que ficaron na aldea acabaron tomando a decisión de vender os animais para poderen contratar un grupo de avogados que os defendese, mais o único que conseguiron foi que unha vez mais os enganasen, polo que unha noite fixeron unha xuntanza (nenos e mulleres na súa maioría, porque moitos homes estaban no cárcere) e decidiron abandonar o lugar porque non podían afrontar a desesperada situación na que se atopaban.

Foi por esa época cando entraron en contacto co CIPO a través dunha mestra nova que os convenceu de que a única solución posíbel era organizarse loitando en unión con outras comunidades que andan a sufrir o mesmo calvario. Por este tempo Leonor tiña xa catorce anos.

O CIPO comezou a facer o que non fixeran os avogados. A través de manifestacións e outro tipo de accións pacíficas reclamaron a solución do problema da propiedade da terra dunha vez por todas, mais o número de detidos non fixo máis que aumentar. Polo que o 10 de maio de 2002 convocaron unha marcha de mulleres na capital do estado coa que conseguiron que moitos homes saísen do cárcere.

Pasaron uns meses de aparente bonanza até que un día de agosto de 2003 os paramilitares de Antorcha Campesina fixeron unha incursión na comunidade que se saldou con ducias de feridos espallados polo monte (incluídas dúas mulleres embarazadas). A Cruz Vermella tardou máis de dez horas en aparecer. Nos hospitais non quixeron atendelos debidamente: non hai nada máis perigoso que un indíxena organizado. Os ataques repetíronse noutras comunidades (Santa María Yaviche, Yucunicuca de Morelos....) polo que o consello decidiu organizar un "plantón" no zócalo da cidade de Oaxaca consistente en ter unha presenza permanente para que a cidadanía tivese coñecemento do acontecido nas montañas.

O mesmo 14 de setembro de 2004, véspera das celebracións da independencia mexicana, os membros do CIPO son brutalmente desaloxados por máis de cen policías das forzas especiais do estado. Prodúcese a detención de catorce persoas, entre elas dúas menores: Leonor, de quince anos, e Kalid, de dezasete, que foron conducidas á "Procuraduría" do estado ("*indias pata rajadas, lárguense a su pueblo, no tienen nada que hacer acá afeando la ciudad*"). Separáronas, golpeáronas e torturáronas, e non lles deron alimentos nin auga. O único delito de Leonor consistira en gravar nun vídeo todo o acontecido na praza, mais as autoridades do presidio inventaron unha declaración e obrigaron as dúas rapazas a asinala. Ao día seguinte conducíronas á prisión de alta seguridade de Ixcotel, de onde saíron logo de oito días atroces que nunca vai poder tirar da mente. Cando conta todo isto escápaselle algunha bágoa con forma de interrogación: para cando o recoñecemento ao dereito das nosas comunidades á propiedade da terra que levamos séculos habitando? Para cando o respecto ás linguas nosas, as culturas propias e as tradicións? Para cando a nosa liberación?♦

**XESÚS CONSTELA DOCE é escritor.**

Correo electrónico: info@anosaterra.com

administracións, foron repartindo un pastel a base de millóns co único fin de seguir enriquecendo os mesmos de sempre. Se nalgún momento se descobre algún desfalco, axiña o tapan e quedan tan anchos. Este caciquismo democrático de apoio mutuo entre a política e o capital, á parte de vir de moi atrás, hoxe séguese fortalecendo en detrimento da xente do común. A diferenza é que unha persoa de a pé se se esquece de pagar algún recibo do concello ou doutro organismo, recibe unha notificación de recargo e con ameazas para, a través de Facenda, embargarlle nóminas, contas de banco, etc. Neste caso cae todo o peso da lei, como eles din, pero cando se fala dos seus amigos, só cae unha pluma que, cun vento feble, foxe. Arquívase o asunto e pronto. Até cando? Depende de nós.♦

**LUÍS CHAPELA**
(MOAÑA)

## *Eladio, na nosa memoria*

Esoutro día acompañamos por derradeira vez ao Eladio. A Eladio Pérez González, militante obreiro e nacionalista, discreto e animoso, sinxelo e activo, brillante e prudente; sempre a matinar na construción dun país máis libre, xusto e digno.

Alí estivemos cos seus e moitos amigos de hai anos. Dos tempos iniciais do Sindicato Obreiro Galego, isto é da prehistoria da CIG. Dos primeiros momentos da AN-PG que despois se disolvería para que nacese o BNG. Dos núcleos dirixentes da UPG dos anos setenta en Vigo. Alí estaban Suso, Montes, Brañas, Elsa, Quique, Abelardo Alonso, a célula da UPG do comercio, integrantes da ANPG de Teis e de Coia, tamén Alonso, Viéitez, Solla. Moitos e moitas aínda co ánimo ferido por unha ruptura traumática, por unha crise inexplicábel que lastrou a actividade política do nacionalismo, cando menos na cidade de Vigo, durante a longa e crucial década dos oitenta do pasado século. Esta ben iso de mirar cara ao futuro, máis de cando en vez cómpre revirar a mirada para ver o que imos deixando atrás.

Tamén estaba alí o filósofo Paco Sampedro con quen o Eladio gustaba de botar parrafadas. Os seus veciños de Vincios, encabezados por Modesto e Manolo, cos que traballou sen acougo a prol da devolución dos montes aos veciños e os compañeiros do BNG de Gondomar con Antonio Araúxo ao fronte.

A última vez que falei con el foi na estrea na cidade de Vigo da fermosa película de Margarita Ledo sobre o secuestro do transatlántico Santa María. O Eladio era de terra dentro, da Celanova dos poetas e de Pepe Velo, con quen estaba emparentado. Foi para moitos, non coma un pai senón coma un irmán maior que nos lembraba que a causa nacionalista viña de moito antes e que ía continuar despois desta ou aquela persoa. Por iso sempre soubo achegar a súa man, sen rebumbios e con dedicación, á tarefa común.♦

**CARLOS MÉIXOME**

eran soldados soviéticos. E nos campos, ademais de xudeus, había moita xente de esquerda de toda Europa. Algúns cumprían a dupla **condición.**

**A ministra** Magdalena, como a magdalena de Proust, desata á memoria. Neste caso a dos agravios a **Galiza.**

**As novas** tecnoloxías da comunicación, ás veces, incomunican. Hai quen, mergullado nos chat, e-mail e blogs, acaba formando parte dunha seita que confunde o seu pequeno grupo electrónico co mundo **mundial.**

**Unha** muller do Saviñao apuñalou e matou o seu home. Apenas foi **noticia.**

**O mundo** do fútbol pasa, nalgúns ambientes, por ser o máis torpe. Contodo, cando un equipo perde, o adestrador di: "imos aprender dos erros do último partido". O PP non sabe iso. Non só non corrixe erros, senón que lle regala bazas ao PSOE. Cada insulto a Bono é unha décima menos nas sondaxes. E agora a televisión é **socialista.**♦

Nº 1.161 ● Do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2005 ● Ano XXVIII

# *Requitropa*

**BIEITO IGLESIAS**

*¿Qué tiene la Zarzamora, que llora y llora por los rincones?* Nin idea, en materia de *copla cañí* non sei a cantas ando. Podo imaxinar, en troques, por qué impou Rosa Díez, escurriscada dunha manifestación madrileña reunida polas vítimas do terrorismo (etarra e talvez islámico, os vitimados polo GAL ou polo franquismo nunca figuran nestas demostraciós). A manifa convocárase pra esixir o cumprimento íntegro das penas impostas aos sicarios. Exhibíronse pancartas a cores –vermello e gualde– coa lenda *Cadea perpetua*; de onde se deduce que certa estratexia de *paz por presos*, asumida inclusivamente polos líderes do PP, non lle chista nada ao *bo pobo español*. O desfile rebordou e, na enchente fanática, houberon afogar ao ministro Bono e mais a deputada Díez. Sentiuse un clamor hostil ao goberno de Zapatero, unha *hinchada* saudosa de Aznar berrou *España unida jamás será vencida* (sinistro arremedo dun lema de Allende), puxo pingando aos sociatas entalados entre a multitude e non lles remangou unha losquiada porque Deus –e a escolta– non quixo. Tremendo xuntoiro de animalciños instruídos pola *COPE* ou –aqueles que saben ler e as catro regras– pola *Razón*, *Abc* e *El Mundo*, incapaces de agradecer os servizos *lealistas* emprestados por Rosa no Ulster, en primeira liña de fogo, xordos ás soflamas españolísimas de Bono, o *fillo do falanxista*. Sabernos súbditos do mesmo Reino, *compatriotas* de semellantes mamalós, é motivo suficiente pra nifrar ata desfacer o nó do embigo. Tiña mentes de absterme no referendo europeu, pero seica vou votar a repelo contra Jiménez Losantos –el di *non* a Europa por casticismo, porque é de caste ruín–, agregarei un *si* aos de Arzallus, Pujol e Camilo Nogueira.♦

## EN POLITICA ALLEA

### *Matizar unha* ***información***

Varios medios de comunicación informaban o pasado 26 de xaneiro de que Galiza pode perder os fondos europeos ao medrar a súa economía. A información non é exacta, pois se Galiza supera agora o 75% da renda media europea (achegouse ao 76% no último ano) é debido á ampliación da UE a 25 membros e non á converxencia económica, nin ao crecemento.♦

### *Un concelleiro de* ***Barcelona*** *dálle a razón a* ***Castrillo***

"Coa construción de edificios altos non se pretende incrementar o solo edificábel, senón liberar solo para crear máis zonas verdes, liberar terreo para uso público", declarou **Xavier Costa**, concelleiro de Urbanismo de Barcelona (*El País semanal*, 23 de xaneiro). **Josep Antón Acebillo**, arquitecto municipal cando se xestou o proxecto da torre Agbar e hoxe director da Academia de Arquitectura de Mendrisio (Suíza) opinal igual: "Quen critique os rañaceos, critica os parques. As cidades deben ser densas por natureza. Sen densidade non hai metro, por exemplo". Opinións semellantes a estas foran defendidas por Pérez Castrillo e os redactores do Plano Xeral vigués, ao que se opuxeron o independente, nas fileiras socialistas, **Ventura Pérez Mariño** e o alcalde da Coruña, **Francisco Vázquez**, que si permite en cambio as torres no seu concello.♦

José Bono e o seu fillo, abouxados na manifestación das vítimas do terrorismo.

### ***Bono*** *recibe da súa propia* ***medicina***

**Xosé M. Ponte** comenta en *La Opinión* (24 de xaneiro) o incidente de Bono na manifestación contra o terrorismo. "(...) A segunda conclusión aproveitábel destes lamentábeis incidentes ten que ver cos efectos perversos do populismo demagóxico. O señor Bono e a señora **Díez** son os máis conspicuos representantes do socialismo patrioteiro nas súas inclinacións máis resesas e sentimentais. Van por todas partes coa palabra España na boca e quérense facer os simpáticos ante sectores ultramontanos que os corean, cando lle convén, como representantes (moi minoritarios, claro) dos socialistas bos e decentes. Supoño que terán aprendido a lección".♦

VENTURA & COROMINA / La Vanguardia, mércores 26 de xaneiro do 2005

### *Tres* ***diarios*** *italianos de* ***esquerda*** *estudan unirse*

A prensa italiana de esquerdas e orixe comunista conta con tres diarios. O clásico *L'Unità*, fundado por **Gramsci** en 1924 e órgano do Partido Comunista (agora dos Demócratas de Esquerda) vende 70 mil exemplares diarios. *Il Manifesto*, que comezou en 1969 como revista e dous anos despois xa como diario, foi creado por intelectuais críticos saídos do PCI, como Rosana Rossanda, e consegue vender 40 mil exemplares ao día. Por último, *Liberazione*, órgano do partido escindido do PCI, Refundición Comunista, vende 10 mil exemplares. Precisamente o director deste último, **Piero Sansonetti**, lanzou a idea a pasada semana de unificar as tres empresas, o que en teoría permitiría criar un medio cunha venda de 120 mil exemplares de saída. A medida iría encamiñada a facerlle fronte, en mellores condicións, aos medios de comunicación controlados por Berlusconi.♦


# A política económica da Xunta de Galicia

**MANUEL CAO**

Cando persiste o debate público para lograr un maior desenvolvemento da autonomía de Galicia, Manuel Cao percorre todos os fitos da súa implantación política e administrativa, desde os tempos da primeira Xunta preautonómica á plena institucionalización do autogoberno.

COLECCIÓN CAMPUS / A NOSA TERRA

**Latexos**

# *Teimas de Wojtyla e os seus*

**X.L. FRANCO GRANDE**

Por moi fóra do mundo que viva a Igrexa (polo que se ve cústalle axeitar as súas maneiras ao mundo de hoxe cando tanta facilidade tivo sempre para se acomodar ás máis desparellas circunstancias históricas), tamén a un lle custa comprender a súa belixerancia coa gomiña profiláctica, porque é tempo perdido, e o seu cabreo co espallamento do laicismo no mundo noso –España incluída, que era diferente.

Unha e outra cousa son produto do laicismo que hoxe domina nas sociedades máis avanzadas. E canto máis avanzada sexa unha sociedade, máis laica será. Ao menos en Europa. O disparate é culpar o goberno que temos do laicismo da nosa sociedade, pois non é máis laica hoxe do que onte era con José María Aznar. En tan poucos meses que leva exercendo, non tivo tempo o goberno de ZP de facer tan especial milagre.

Estamos diante dunha grave actitude hipócrita da Igrexa. Dunha hipocrisía moi semellante á de Condolezza Rice cando nos di que agora é a hora da diplomacia para os EE UU mentres Donald Rumsfeld prepara os seus axentes para matar onde e a quen lle pete. É dicir, unha hipocrisía tipicamente política. Porque un non entende tampouco como lle pode interesar tanto á Igrexa a vida do feto e tan pouco a das miles de xentes que morren no Iraq ou en África, ben sexa por guerras, sida ou fame.

Esta actitude hipócrita, e non a do goberno, é a que leva á xente non fanática e con bo sentido a afastarse das resesas doutrinas do Vaticano, doutrinas que moitos temos por pouco cristiás, e, en calquera caso, por moi pouco humanas. Se Wojtyla e os seus fixesen exame de conciencia, indispensable para o propósito de emenda, comprenderían moi ben por que no seminario de Tarazona só hai ao día de hoxe un único seminarista.

Tamén deberan pensar por que en menos de dous anos, entre a mocidade, descendeu á metade o número dos que se declararon asistentes habituais aos oficios dominicais. E que cren que vai pensar a xente da tolerancia da Igrexa cos relixiosos pedófilos e da súa inhumanidade co preservativo; de que sexa tan pouco belixerante coas causas da pobreza e tan combativa cos relixiosos que a denuncian; de que se mostre tan obsesionada polo sexo e tan despreocupada pola alta corrupción... Ao menos, faga exame de conciencia. O propósito de emenda xa é outra cousa.♦

PEPE FERRIN / AGN

OTTO / AGN

**Á esquerda, rolda de prensa dos representantes dos pescadores do Grove (Francisco Iglesias) e de Cangas (Paulo Villar). Á dereita, Dolores Villarino (PSOE) na comisión do *Prestige*.**

## Negativa dos socialistas a que comparezan cargos estatais

# PP e PSOE alíanse para silenciar a comisión do *Prestige*

**A.N.T.**

**O 24 de xaneiro reabríase a comisión de investigación no parlamento galego, despois de que unha sentenza do Tribunal Constitucional obrigara ao PP a retomar os traballos porque o acordo do 11 de marzo de 2003 de darlle carpetazo a este tema vulneraba o propio regulamento da cámara galega. Comezaba esta comisión tarde, dous anos tarde, e naceu incompleta a resultas do pacto PP-PSOE para que non teñan que ser chamadas a comparecer as máximas autoridades da Administración estatal cando se produciu a catástrofe do *Prestige*.**

Na primeira cita da comisión do *Prestige* os tres grupos parlamentarios galegos presentaban tres planos de traballo diverxentes. Así se explicitou na defensa que fixeron destes. Dolores Villarino, do PSdeG-PSOE, dedicaría en dúas ocasións a súa quenda de defensa para xustificar a súa decisión de non pedir as comparecencias das autoridades do Estado, sinalando que "os cidadáns xa depuraron responsabilidades políticas co cambio de goberno do estado", e atacou o PP mais tamén o BNG pola súa suposta actitude nesta comisión que, segundo a deputada, o "que hai é unha vontade de confrontar politicamente co goberno de España, e non de coñecer a verdade".

Alfredo Súarez Canal, portavoz do BNG, aclarou que "un cambio de goberno non implica coñecer a verdade", polo que se lamentou do atraso na operatividade da comisión e deu a coñecer as súas propostas de comparecencias encamiñadas a investigar a xestión, depurar as responsabilidades, analizar as consecuencias, a situación da seguridade marítima e realizar propostas, para que o parlamento elabore un ditame que teña utilidade para o futuro. Suárez Canal amosou a súa vontade de non polemizar e consensuar a lista de comparecentes, mais sen que se convertese a comisión nun *show* de desfile de conselleiros e visitas a "praias esplendorosas", polo que pediu que se se admitían as visitas ás praias propostas polo PP, que estas se fixesen con botellas de osíxeno para ver os fondos e escavadoras para coñecer cal é o alcance da catástrofe.

Na súa intervención nesta primeira xornada, Roberto Castro, deputado *popular*, dixo de *Nunca Máis* que eran "eses da bandeira negra que deberían levar os nenos agora de excursión ás praias", e sinalou que o risco cero non existe e "que calquera accidente no mar pode acontecer como pasa coa violencia doméstica, o terrorismo ou os accidentes de tráfico".

### A segunda xuntanza

Pechouse esta primeira xuntanza da comisión do *Prestige* cunha evidente crispación no ambiente parlamentario, onde o PSOE se aliaba co PP, que continúa coas súas teses de que non se puido facer nada mellor do que se fixo daquelas, e uns socialistas que se negan a pedir contas aos responsábeis do PP no anterior goberno de Madrid, mais si pedían as intervencións dos anteriores conselleiros do goberno galego no momento da crise.

Foi o martes, 25, unha hora despois do previsto, cando se deu a coñecer a lista definitiva de comparecentes para esta comisión. A presentación desta fíxose en dúas partes: unha primeira de consenso das tres forzas que é a de análise da situación actual, estudo das consecuencias e seguridade marítima, e a segunda parte, pactada polo PP e PSOE, de análise da xestión da catástrofe.

Na primeira parte, cabe salientar a solicitude de comparecencias de Paulo Villar, xerente da confraría de Cangas, Francisco Iglesias, patrón maior da confraría do Grove, Fiz Fernández, investigador do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC, Ricardo Beiras, da Universidade de Vigo, María do Carme García Negro, do departamento de Economía Aplicada da Facultade de Económicas da Universidade de Santiago de Compostela, Miquel Porta, epidemiólogo, Juan José González, investigador xefe do programa de contaminación mariña do IEO, Victoriano Urgorri, director da estación de bioloxía mariña da Graña da USC, Martiño Nercellas, da Federación Ecoloxista Galega, Felipe Louzán, ex-capitán con 20 anos de experiencia en petroleiros, Antón Salgado, oficial radioelectrónico da Mariña Mercante, representantes de CEDRE e o Instituto Hidrográfico Portugués, e un representante da plataforma *Nunca Máis*.

Existían dúas propostas para a parte das responsabilidades políticas, unha do PP-PSOE, de que participarán Henrique López Veiga, conselleiro de Pesca, Xosé Manuel Barreiro, actual conselleiro de Medio Ambiente; Alberte Núñez Feijoo, conselleiro de Política Territorial; Xosé Cuíña, conselleiro de Política Territorial durante a crise; Carlos Del Álamo, conselleiro de Medio Ambiente daquela, Antonio Pillado, conselleiro de Xustiza no 2002, e Corina Porro, conselleira de Asuntos Sociais na crise, ademais de catro representantes dos concellos afectados. Estas serán as persoas que finalmente comparecerán no Hórreo.

Na proposta do BNG, ademais dos ex-conselleiros, pedíase a comparecencia de Jaume Matas, ex-ministro de Medio Ambiente; Arsenio Fernández de Mesa, ex-Delegado do Goberno central en Galiza; Francisco Álvarez Cascos, ex ministro de Fomento, Miguel Arias Cañete, ministro de Pesca.

Coa votación desta parte das comparecencias concretábase a evidencia de que esta suposta comisión de investigación nacía coxa pola vontade de PP e PSOE de esquecer, pasar páxina, e, desta volta, non falar das responsabilidades que desde Madrid tiveron na catástrofe do Prestige, pois a gran maioría das competencias continúan a estar nos ministerios que rexentaban Cascos, Matas e Cañete. E deles nada imos saber.

As reaccións a esta decisión final foron dispares. O PP felicitábase por "non deixar fora a ninguén", cando en realidade impuxo o seu criterio de maioría cualificada, o PSOE pedía respecto para a súa actuación "con independencia de criterio", e o BNG lamentaba a decisión final de socialistas e *populares* de non chamar os máximos responsábeis pois "a comisión non servirá para esclarecer a verdade".♦

# *A necesaria credibilidade de Touriño*

**A. EIRÉ**

Logo de que o BNG suspendese calquera contacto co PP para defender as infraestruturas pola súa utilización electoral, Emilio Pérez Touriño debería aclarar algunhas cuestións sobre a política do PSdeG-PSOE. En primeiro lugar, cales son as razóns que o levan a presentar unha proposta parlamentaria pedindo o comezo da reforma estatutaria e, sete días despois, considere que esta reforma non se debe comezar antes das eleccións autonómicas. O trasacordo ten algo que ver co pacto de José Luis Rodríguez Zapatero con Mariano Raxoi? Asumen PP e PSOE os calendarios que lle marcan desde Madrid sen ter en conta os intereses galegos? Ou para o PSOE a reforma estatutaria só é unha lideira electoral na poxa co BNG?

A segunda cuestión que debería aclarar publicamente Pérez Touriño e o cambio de postura do PSdeG-PSOE na comisión do *Prestige*. Porque trocou as soflamas demandando a comparecencia dos cargos do Goberno central en xustificacións para negar que declaren Fernández de Mesa, Álvarez Cascos, Mariano Raxoi, etc.

A terceira cuestión, e non menor: cal é o seu verdadeiro compromiso na demanda das infraestruturas para Galiza e os prazos de execucións. A súa proposta ten que aparecer desvencellada da do Goberno central, so pena de aparecer unicamente como unha delegación da Moncloa. Galiza necesita dos socialistas defendendo as infraestruturas con voz propia. O PSdeG-PSOE non ten credibilidade como alternativa coa defensa mimética do que dite Xosé Blanco en Madrid. ♦

## PP e PSOE prefiren non comezar o proceso antes das autonómicas

# A reforma do Estatuto parada

**A. Eiré**

**O pleno do Parlamento vai rexeitar as propostas do PSdeG-PSOE e BNG para comezar a redacción dun novo Estatuto. O PP oponse a comezar o proceso antes das eleccións autonómicas. Tamén Emilio Pérez Touriño refuga a reforma do Estatuto oito días despois de que o seu grupo presentase a proposta na Cámara.**

Emilio Pérez Touriño e Senén Barro, reitor da Universidade de Santiago. AGN

Nacionalistas e socialistas semellan que andan ás carreiras para aparecer como os promotores da reforma do Estatuto. O BNG presentou en xullo as liñas xerais da reforma e Emilio Pérez Touriño fixo súas en setembro as bases redactadas pola Fundación Iniciativas 21. O 19 de xaneiro, 17 deputados socialistas presentaron no parlamento unha proposta para crear unha comisión que comezase a redacción da reforma estatutaria. O día seguinte, o BNG rexistraba outra proposición, para instar á reforma estatutaria, coa pretensión de que o parlamento declare a elaboración do novo Estatuto como "prioridade política da súa actividade". O 8 de xaneiro, Anxo Quintana anunciara en Rianxo que presentarían unha proposta no parlamento, adiantando as liñas xerais da súa proposta.

Causou sorpresa nos medios políticos que o 25 de xaneiro, Pérez Touriño, refugase reformar o Estatuto agora, argumentando que a campaña electoral non é unha boa ocasión para comezar a súa tramitación. A pregunta sería porque asinou logo a proposta parlamentaria?

O parlamento deberá tomar en consideración en pleno tanto a proposta dos socialistas como a dos nacionalistas, cando no mes que vén comecen as sesións logo do parón do Nadal. Votarán os socialistas contra a súa propia proposta?

Non terán ningunha necesidade. O PP xa adiantou hai tempo que se nega a reformar o Estatuto. Agora diversos voceiros matizan que esta negativa se debe a que xa estamos en período electoral, acusando a socialistas e nacionalistas de "oportunismo electoral". O secretario xeral popular, Xesús Palmou considera que o que hai que facer é "sacarlle o maior partido ao Estatuto que temos".

O voto en contra do PP paralizará todo o proceso. A súa maioría absoluta impedirá que a Cámara tome en consideración as propostas. Noutro caso, unha comisión reducida constituiríase en relatorio para comezar a redacción do novo Estatuto. Nesta comisión estarían membros dos tres partidos e contarían co asesoramento de especialistas e representantes da sociedade civil.

O BNG vén reclamando a constitución desta comisión desde hai dous anos, posto que outra das vías posíbeis para a reforma, que partise do propio Goberno autónomo, sempre foi rexeitada por Manuel Fraga. A outra vía para a reforma sería que a iniciativa partise das Cortes españolas.

### Un atraso con moitos riscos

A decisión do PP de adiar este debate, idea á que sorprendentemente se suma Touriño, leva consigo moitos riscos e ningunha vantaxe, polo menos evidente. En seis autonómicas xa están en marcha os procesos de reforma. O de Euskadi será debatido o 1 de febreiro xa polo pleno do Congreso en medio da polémica da inconstitucionalidade. En Catalunya avanza a súa redacción en comisión co consenso dos cinco partidos, tendo previsto que se debata nas Cortes a comezos de abril. Ese mesmo mes pretende Valencia presentar o seu proxecto de reformas no Congreso. Andalucía levará a reforma ao pleno autonómico para ser aprobada a fins de xuño. Nas Canarias o goberno autonómico tamén presentou o seu proxecto de reforma, que xa está a ser discutido en relatorio. Aragón tamén constituíu en decembro un relatorio parlamentario para comezar a súa redacción.

Galiza camiñará, de novo, con atraso polo seu autogoberno. Semella unha maldición histórica, pero débase a posturas políticas dos partidos estatais que sempre tentaron impedir un autogoberno real de Galiza. Remonolearon e adiaron a aprobación do Estatuto de 1936, ao que se opoñía parte do PSOE. Só a entrada do PG no Fronte Popular e a insistencia dos seus deputados, nomeadamente Castelao, foi quen de sacalo a diante.

Algo semellante pasou nos anos oitenta. O Estatuto galego entrou en vigor dous anos despois que o vasco e o catalán, non sen antes ter que saír a cidadanía á rúa e enfrontarse parte do PSOE e UCD cos seus partidos en Madrid, pois Alfonso Guerra e Fernando Abril Martorell tiñan pacto un "estatuto de segundo". O golpe de estado do 23-F e a Lei Ordenación e Harmonización das Políticas Autonomías (LOHPA) impuxo o denominado "café para todos", igualando as autonomías. O recorte comezou por Galiza.

Agora a reforma do Estatuto de autonomía galego vaise tramitar non só anos despois que o catalán, senón despois de aprobarse outros que non son de comunidades históricas, sobre todo o de Andalucía, ao que PP e PSOE pretenden pór de marco para as reformas dos demais estatutos.

Argumentar que a reforma do Estatuto non pode mesturarse coa campaña electoral, semella non ter moito senso por canto xa está a ser, desde hai tempo un dos eixes centrais desta.

Que comezase agora a tramitación en Comisión non quere dicir que se fose rematar a redacción antes das eleccións autonómicas. Gañe quen gañe os comicios tampouco a situación vai ser moi diferente, pois para a súa aprobación necesítanse polo menos 50 deputados. Así que BNG e PSOE terán que seguir contando co PP, pois semella pouco probábel que baixo dos 25 deputados nas próximas eleccións. Pensar que o PP poida rachar logo e que este e que a tramitación da reforma pode ser un motivo? Non cambia nada se agora comezase a tramitación. ♦

## Ferrol

# A loita do transporte público

**Martina F. Bañobre**

### O autobús da comarca está pendente dun novo plano que logrará para os usuarios un aforro do 30 por cento.

O vindeiro 1 de febreiro, con quince días de atraso sobre a data prevista, entrará en funcionamento o novo plano de transporte público ideado pola Xunta para a área metropolitana de Ferrol. Esta iniciativa –a primeira das súas características que se desenvolve na comunidade– poderán beneficiarse arredor de 160.000 persoas.

A Consellaría de Política Territorial é a principal promotora do novo plano de transporte público para os concellos de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Ares, Mugardos, Valdoviño, Pontedeume e Cabanas. O proxecto suporá a adopción dun sistema de pago informatizado, no que os viaxeiros poderán pagar o importe da viaxe por medio dunha tarxeta. Ao tempo, beneficiaranse dun desconto do 30 por cento sobre o prezo do traxecto.

Un dos obxectivos da medida pasa por darlle pulo a un transporte público que vén perdendo pasaxeiros de xeito paulatino. O novo modelo entrará en funcionamento –e terá a súa correspondente inauguración– o 1 de febreiro. A partir desa data, os usuarios do autobús –polo de agora os de Tranvías de El Ferrol e Rialsa– poderán adquirir nas oficinas de Caixa Galicia as novas tarxetas. Inicialmente emitiranse 20.000 destes dispositivos, que serán expedidos ao prezo de 3 euros. Trátase dunha sorte de alugueiro, xa que o importe lle será reembolsado a quen decida devolvela.

Nestes últimos días están a situarse novas marquesiñas nos traxectos que comprende o plano de transporte metropolitano. Instalaranse ademais paneis informativos e crearase un intercambiador –o seu emprazamento está aínda por decidir– para realizar os transbordos entre diferentes liñas.

Os xuíces serán os usuarios. Está por ver se a iniciativa dá os seus froitos ou se o automóbil segue gañándolle a partida ao autobús. De entrada, o transporte público pode acusar un importante hándicap, e é que polo de agora este ambicioso proxecto non contempla a creación de novas rotas que complementen ás xa estabelecidas. ♦

# *Votará o xeneral Miller?*

**Xosé M. Sarille**

Occidente carece de memoria. Entre a merda consumista e o fenómeno globalizador, a cidadanía europea, por non falar da norteamericana, perdeu a capacidade de lembrar máis alá de dúas horas, o tempo máximo desde o comezo do último programa da televisión.

Xa está este, dirán moitos optimistas que seguen crendo que o mundo mellora. Eles acreditan no vello progreso e na nova modernidade, porque as bombas, coido eu, non lles caen na entrada do xardín. Mais non hai memoria, senón díganme, quen era en realidade o xeneral Miller?

Geoffrey D. Miller porta traxe e capacete do exército dos Estados Unidos con dúas estrelas de cinco puntas. Estivo encargado de coordenar e optimizar os interrogatorios aos prisioneiros de guerra de Guantánamo até que na última primavera partiu para o Iraq. Miller é o vértice xerárquico a onde conducen todos os sumidoiros, picanas, cans adestrados, violacións de fillas diante dos pais, e demais sangues destilados que pingan dos alxubes.

O seu rostro indícanos que estivo ben alimentado desde a infancia, e que talvez posúa unha formación académica envexábel. Cómpre lembrar que a vocación polo crime e a tortura nada teñen que ver coas conquistas culturais. A Alemaña era un país ilustrado nos anos trinta do século XX.

Hoxe tampouco é suficiente a especialidade de carnizaría na FP para lograr a excelencia. Ernesto Sábato comenta que a organización da tortura é moi complexa, difícil e necesitada de xente capaz e formada. Miller foi destinado a Bagdad despois da indiscreción da chusma cuarteleira en Abu Ghraib.

Miller non é un bruto, é un científico do terror. Esquezan esa imaxe arcaica do torturador, do inquisidor sen requintes, do tártaro que cega o elegante Miguel Strogoff, do tricornio subnormal.

El incorpora a estatística ao tormento, fala do "aumento na cantidade de información obtida dos sospeitosos", modula a linguaxe, prescinde de termos bruscos, todo o máis di que "aplica a máxima presión", como moito recorre a "métodos extremos", e usa a informática para casar os datos. Nos peores momentos botou man dunha montaña de eufemismos para que moitos xornalistas pagados pola CIA escribisen recto con liñas tortas nos principais periódicos do mundo.

Nada volvemos saber de Miller desde maio. Estará encerando a alma para entrar radiante na democracia que lles imos inaugurar o domingo aos iraquís. ♦

P.C.

# Ismael Rego

## ‘Non lle poñemos ningunha condición ao BNG para un pacto’

PERFECTO CONDE

Ismael Rego, presidente do grupo socialista no parlamento galego, é un político moi próximo a Emilio Pérez Touriño. Acostuma a esquivar os lastres da lide partidaria falando claro.

**Haberá eleccións anticipadas?**

O goberno de Manuel Fraga está nunha situación de parálise absoluta na que cada departamento vai por libre. Aprobaron uns presupostos que só buscan a mera pervivencia persoal. O seu proxecto máis relevante é o apartado de varios. A estrela deses orzamentos é a discrecionalidade. Isto fai pensar que pode producirse unha convocatoria anticipada de eleccións.

**Hai poucos días, Francisco Rodríguez adiantaba algunhas condicións que terían que darse para que, chegado o caso, fose posíbel un acordo de goberno entre os nacionalistas e o PSOE. Xosé Luís Méndez Romeu apuntaba que o BNG tiña que axeitar algúns comportamentos. Que ten que pasar para que ese acordo sexa posíbel?**

Sen poñerlle ningunha condición a ninguén, os socialistas dicimos que os espazos para un acordo pasan por respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía, sabendo que unha e outro son perfeccionábeis e modificabeis. Partimos dese respecto e, por suposto, do respecto a todas e cada unha das leis de Galiza mentres non se cambien.

**O secretario xeral da UPG dicía que había que cumprir a Lei de Normalización Lingüística.**

Pois xa é chamativo que se nos diga aos socialistas que cumpramos a Lei de Normalización Lingüística. Non hai que esquecer o labor de deputados socialistas tan ilustres como Ramón Piñeiro, Carlos Casares e outros moitos galeguistas que formaron parte do proxecto do PSdeG.

**Como terían que ser os primeiros pasos dun hipotético goberno de alternancia?**

O primeiro grande acordo a tomar tería que ser polo emprego e o segundo polo territorio. Diso si que hai que falar e hai que falar en serio. Non temos aínda directrices de ordenación do territorio, e iso crea limitacións moi serias porque o normal sería que quen ten competencias en materia de ordenación territorial fose o que deseñara o modelo de país e o que queremos facer con el.

**Os nacionalistas póñenlle a proa aos localismos representados por personalidades como a de Francisco Vázquez. Entre outras cousas, din que é dos que non cumpre a normalización lingüística.**

Eu non nego que no PSdeG temos opinións encontradas e contradicións, como en calquera partido. Mesmo se acaba de facer unha actualización que lle afectou, nada menos que, ao nome da comunidade autónoma. Hoxe pódese chamar Galicia ou Galiza. Isto fíxose a través dunha actualización concertada a base de diálogo. Vázquez tén unha posición e lexitimamente defén-dea dentro do exercicio de responsabilidade institucional que ten como alcalde. E o presidente da Xunta, sexa da cor que sexa, ten outra responsabilidade, que é facer que as leis aprobadas no parlamento de Galiza se cumpran. Eu non sei por que o BNG confronta tanto con Paco Vázquez.

**‘O tema de *La Coruña* non debería ser para tanto. Acaso non facía o mesmo o BNG cando denominaba a comunidade autónoma Galiza, aínda que daquela non estivese acordado oficialmente?**

**Será polo feito de non cumprir a norma sobre o topónimo da súa cidade?**

Non debería ser para tanto. Acaso non facía o mesmo o BNG cando denominaba a comunidade autónoma Galiza, aínda que daquela non estivese acordado oficialmente?

**E Fraga e Raxoi coa mesma partitura. O PSOE non cumpre, o Plano Galicia fica reducido...**

Que o PP ande nesa leria non é o estraño. O raro é que nela estean o presidente da Xunta e o goberno do país. Fraga é o único caso en España que está nunha estratexia de confrontación clara co goberno de España, e non en función dos intereses de Galiza senón dos seus intereses persoais e partidarios. Dá a sensación de que Fraga vive nun momento no que, para el, canto mellor, peor. Tanto mellor lle vaia a Galiza co goberno central e coa UE, peor lle vai ir a Fraga

**Eles din que os socialistas non cumpren.**

O que din non se corresponde coa realidade. Aquí había unhas actuacións pendentes por parte do Estado, procedentes dos últimos oito anos do goberno do PP, que non sacou adiante ningún proxecto relevante para Galiza. A única cousa que fixo foi rematar o que faltaba das autovías. A mellor mostra é que a autovía do Cantabrico en Galiza quedaba nunha partida dos presupostos do ano 2006 para o seu primeiro tramo, A Veiga do Eo-Reinante. Pasaron oito anos e empézase agora co novo goberno a executar ese tramo. Deixaron, iso si, como froito da catástrofe do *Prestige* e para lavar a súa mala conciencia, unha relación de actuacións pendentes, que son necesidades obxectivas do país con ou sen o barco. Pero o caso é que fixeron a relación, pero non lle puxeron nin prazos de execución nin soporte ozamentario que substentase a execución desas actuacións.

**Xa, pero abonda co que se fai?**

Chégase ao máximo que se pode executar. Onde non había nin proxectos nin estudos de impacto ambiental nin nada máis ca o anuncio, é moi difícil investir, porque as obras teñen un período de tramitación administrativa, pero aquelas que tiñan avanzados os proxectos como, por exemplo, o tren do Atlántico, a conexión co norte e o sur de Galiza, o que ten que ver coa autovía do Cantábrico ou co tren entre Santiago e Ourense, as autovías Santiago-Lugo e Lugo-Ourense dispoñen agora de solvencia financeira para que se poidan executar nos prazos que estableceu o Congreso.

**O presidente e o vicepresidente primeiro da Xunta din que estamos moi lonxe de ver cumprido o que podía ter sido o Plano Galicia.**

Está claro que en Galiza a liña Acebes-Zaplana represéntaa moi ben Alberto Núñez Feixóo. El e Fraga están na estratexia de con todo e con todos, pero non en favor de Galiza senón dun interese partidario que non ten ningún sentido porque as obras e as actuacións están aí. A min paréceme que Galiza debe estar máis enfocada en clave de presente e de futuro que de pasado. A Fraga isto fáiselle moi duro.

**Algunhas críticas tamén proceden do BNG.**

No caso do BNG é unha pura busca de espazo político. O BNG tivo a posibilidade de negociar os presupostos de España, igual que os negociaron as demais forzas progresistas do parlamento. Negouse a facelo e colgouse da estratexia do PP, sobre todo no veto do Senado, que non tivo ningún sentido práctico para o país. O único para o que tivo algunha utilidade foi para o PP e para Mariano Raxoi. Esa estratexia de coincidencia co PP e con algúns intereses económicos do seu contorno sobre o Plano Galicia, a min cóstame moito comprendela. En Galiza, o que hai que facer é traballar para que haxa un cambio de goberno, e non acabo de entender a que vén ese tipo de matrimonio de conveniencia.

### O condón de Fraga

**E, de paso, Fraga competindo co bispo José Gea Escolano en ver se os homosexuais teñen cromosomas equivocados ou alteracións xenéticas ou viciosas.**

Hai poucos días, Fraga situounos no 1934. Culpou os socialistas da guerra civil e dixo que daquela se disolvera o goberno de Catalunya e que non pasara nada. Só houbo un pequeño detalle sen importancia. Unha guerra civil. É tremendo que un presidente poida dicir estas cousas. Iso, adúbao co tema dos cromosomas dos homosexuais e o do condón. Resulta terríbel. Fraga di que nunca utilizou nin vai utilizar o condón. Será certo. El non o utiliza, pero o que está claro é que llo puxo ao país. A Galiza si lle puxo un condón, que é absolutamente imprescindíbel sacarllo. O condón que Fraga lle puxo a Galiza hai quince anos hai que sacalo para que o país se desenvolva e teña futuro.♦

# *Méndez Romeu quere pactar co PSOE*

**CARLOS AYMERICH**

Desde que está en Madrid, Xosé Luís Méndez Romeu non lle aforra desgustos a Emilio Pérez Touriño. Non pasa semana sen que o político coruñés se ofreza aos meios galegos –entrevistas, declaracións, reportaxes. Porque el quere seguir presente. Tomar posicións, polo que poida pasar. Por iso unha fin de semana anuncia que Galiza xa non pode reclamar máis competencias do Estado, que o Estatuto xa está cumprido. Outra, defende os exercicios diglósicos do seu mentor Francisco Vázquez. E aínda outra máis, como esta pasada, é quen de pontificar sobre pactos para o próximo goberno galego. E nisto Méndez Romeu teno claro: el quere pactar cun partido que impida o debate democrático sobre o autogoberno de Euskadi, que aprobe os orzamentos de José Luis Rodríguez Zapatero e que estea conforme cunha Constitución europea antisocial, antidemocrática e antigalega. Méndez Romeu quere pactar co PSOE. Ou, se cadra, cun PP que xa ofreceu apoiar coa súa abstención os próximos orzamentos de Zapatero para evitar a "chantaxe nacionalista". No resto das condicións, é sabido, xa coinciden plenamente.

Así están as cousas. Ninguén semella disposto a axudar a Touriño no PSOE. É certo que el propio é, teimando en actuar como delegado do goberno español, o seu principal inimigo. Mais cómpre recoñecer que debe ser difícil acertar cando, lonxe de colaborar, os seus compañeiros son os primeiros en lle facer cambadelas e en dubidar da súa valía (quen non escoitou de xente do PSOE aquilo de "*Touriño es un mal candidato pero será un gran presidente*"?). Nomeadamente os do sector desleigado, tanto os que aquí ficaron como os que foron facer carreira a Madrid, que non deixan pasar semana sen deitar dúbidas e insidias sobre o coitado de Emilio.

> 'Anxo Quintana, o próximo presidente de Galiza, vai requerir a colaboración do PSdeG-PSOE sen pretender mudar o que ese partido é e representa hoxe"

Tanto ten. Anxo Quintana, o próximo presidente de Galiza, vai requerir a colaboración do PSdeG-PSOE. E vaino facer sen pretender mudar o que ese partido é e representa hoxe. Porque no plano dos desexos todos preferiríamos un PSdeG soberano, independente do PSOE e cos ollos postos no país. Mais, sendo realistas, o BNG terá que pactar co que hai. Aceptalo sen tentar convertelo en algo que non é e para o que tampouco ten vocación. En calquera caso, a escolla é deles: ou apostan polo cambio que Galiza precisa ou apoian o PP. Pactaren consigo propios, como Méndez Romeu reclama, non os vai sacar da encrucillada. ♦

Acusado da rotura dun vidro, feito que el atribúe ao alumnado

# Militante da AMI a xuízo tras reclamar o uso do galego nun centro de Ourense

**H.V.**

Antom Lopez Baleira, membro da Assembleia da Mocidade Independentista, terá que enfrontarse a un xuízo despois de participar nunha mobilización para reclamar o uso do galego nun instituto de Ourense. Durante a protesta produciuse unha rotura dun vidro do centro e a xustiza acusa a Lopez Baleira de ser o seu autor, cando el atribúe o feito aos alumnos do centro. O militante da AMI tamén é acusado de agresión a un estudante.

A AMI considera que a incriminación de Lopez Baleira é un castigo por reivindicar o cumprimento do decreto de uso do galego nos centros de ensino. Esa norma incúmprese en moitos centros e esta situación levou á AMI a celebrar en maio de 2004 unha mobilización diante do Instituto de Ensino Secundario Blanco Amor de Ourense. "É unha inxustiza que se acuse dunha rotura dun vidro ao noso compañeiro e que non pase nada cos que vulneran o decreto de uso do galego", declarou a responsábel de comunicación da AMI, Maria Osório.

O día dos feitos, un grupo de militantes presentouse diante do IES Blanco Amor e como consecuencia da protesta produciuse unha situación de caos que levou a un incidente polo abandono masivo do centro provocado polos alumnos. O episodio rematou coa rotura dun vidro dunha fiestra do centro.

En calquera caso, a investigación oficial está a realizar pescudas polo miúdo para resolver este caso. Todo partiu da denuncia do director do Blanco Amor, que prestou declaración en primeiro lugar. Posteriormente procedeuse a unha identificación fotográfica das persoas que formaban parte do piquete da AMI e un ex alumno do centro que tomaba partido na mobilización tamén tivo que declarar. Agárdase que se convoque o xuízo de inmediato e que se tome declaración a máis persoas que estiveron presentes no acto de protesta. ♦

Quere expropiar un monte para unha canteira

# Comuneiros de Ponteareas acusan o presidente do PP de Tui de tentar usar a Xunta para beneficiarse

**H.V.**

**Os comuneiros de Xinzo, Ponteareas, denunciaron que o presidente do PP de Tui, Manuel Crisóstomo, trata de que a Consellaría de Medio Ambiente facilite a aprobación dun expediente de expropiación forzosa de 16,6 hectáreas de monte comunal para unha canteira.**

A empresa propiedade de Crisóstomo, *Áridos de Ponteareas S.L.*, solicitoulle á Consellaría de Medio Ambiente a declaración de prevaleza da explotación da canteira sobre o monte comunal. A resposta positiva de Medio Ambiente motivou un recurso da comunidade de montes que está a piques de fallarse.

Previamente, a Consellaría de Innovación emitira informes favorábeis a esta declaración de prevaleza. Esta Consellaría sinalou que *Áridos de Ponteareas* tentou unha conciliación ante o xulgado de primeira instancia número dous de Ponteareas o 13 de febreiro de 2004, feito que rexeitaron os titulares do monte, e que posteriormente pediulle a ocupación dos terreos a Innovación o 28 de xuño de 2004.

En todo caso, a decisión de Medio Ambiente de aprobar a prevaleza dá paso a unha expropiación forzosa que é inédita no noso país. Nunca antes un monte comunal se expropiara para facer unha canteira, denunciaron os veciños. Estes tamén lembraron que unha actividade rendíbel como esta non precisa de protección pública.

A Consellaría de Industria indicou que a súa delegada provincial mantivo unha reunión cunha comisión veciñal e que ten disposición de actuar "como mediadora para que se acade un acordo satisfactorio para ambas partes". A expropiación pode paralizarse en calquera momento se hai acordo, sinalou un portavoz da Consellaría.

A canteira levaba anos en funcionamento. Está situada en monte comunal e fora alugada polo concello a *Áridos de Ponteareas* hai 26 anos, antes da clasificación do monte e a súa recuperación por parte dos veciños. O contrato rematou o 31 de decembro e os veciños reclamáronlle a Manuel Crisóstomo un aluguer semellante ao que pagan as outras canteiras que están no mesmo monte –o que implicaba unha suba importante sobre o que viña pagando porque conseguira que o concello lla alugara por un prezo moi barato.

Segundo afirmaron os veciños, como Crisóstomo non quería aceptar o novo prezo do aluguer e en vista que tiña a preceptiva cuadrícula mineira que lle permite iniciar a expropiación forzosa, deu os pasos para conseguir a declaración de utilidade pública, imprescindíbel para proceder a expropiar. Esta declaración de utilidade pública vén dada pola declaración de prevaleza sobre o monte veciñal, que outorgou Medio Ambiente e que está pendente da resolución das alegacións dos comuneiros. ♦



A refinaría de Repsol na Coruña tirou 1.000 litros de petróleo ao mar

# Case o 90 por cento da contaminación mariña procede de vertidos habituais

PERFECTO CONDE

**Os vertidos comúns, procedentes de limpeza de sentinas e demais procesos de limpeza nos barcos, causan o 90 por cento da contaminación mariña. Se as marés negras son o espectáculo da traxedia nas costas, esta polución silenciosa é letal para a fauna e a flora dos océanos.**

A refinaría de REPSOL derramou 1.000 litros de gasóleo no mar da Coruña o pasado 20 de xaneiro. IAGO LÓPEZ / AGN

O 20 de xaneiro, un derrame de máis de 1.000 litros de gasóleo, producido polo fallo dunha válvula do conduto de transporte da refinaría de Repsol, na Coruña, chegou ao mar a través do regueiro Napal e produciu unha pequena contaminación. A organización ecoloxista Greenpeace presentou, ao día seguinte, ante o Tribunal Superior, unha denuncia contra a citada multinacional petrolífera por suposto delito contra o ambiente. Dende Repsol responderon dicindo que acatarán o que a Administración determine, e anunciaron o propósito de revistar os procedementos operativos da factoría para evitar que se produzan novos vertidos.

Unha vez máis, ponse de manifesto a dramática realidade que están vivindo as augas do noso planeta. Galiza está a padecer aínda as consecuencias da catástrofe orixinada polo *Prestige*, pero cómpre non esquecer que case o 90 por cento da contaminación que sofren as augas mariñas ten a súa orixe nos vertidos rutineiros que se producen dende as refinarías de petróleo ou dende os barcos que transportan este perigoso combustíbel. Só o 12 por cento dos derrames de petróleo ao mar proceden das mareas negras, segundo a información que manexan as organizacións ecoloxistas e boa parte dos organismos competentes. Non é de estrañar, polo tanto, que Greenpeace insista en pedir tolerancia cero en canto aos vertidos de petróleo e os seus derivados.

### Mar insalubre

Segundo Xavier Pastor, director en Europa da organización Oceana, "resulta moi preocupante que algúns buques mostrasen deficiencias no cen por cento das inspeccións que lles foron realizadas, pero aínda é máis alarmante que parte deses barcos mostraran, en todas as súas inspeccións, contravencións do acordo internacional para a prevención da contaminación mariña, como son os buques de transporte químico, os petroleiros letóns e os barcos de subministro malteses".

Oceana ten denunciado reiteradamente que España é un dos países que máis carencias presenta para detectar e para loitar contra a contaminación mariña, un fenómeno que representa actualmente un dos graves problemas que ten a humanidade. Os hidrocarburos (petróleo e os seus derivados) que se verten incontroladamente ao mar conteñen diferentes cantidades de compostos nocivos para a saúde e para vida mariña, como son benceno, tolueno, xileno, etc., e metais pesados como ferro, níquel, cromo, vanadio, cobalto ou hidrocarburos aromáticos policlínicos.

Estes últimos son os máis tóxicos e figuran, polo tanto, nas listas que máis lles preocupan a organizacións internacionais como o Programa de Medio Ambiente das Nacións Unidas e á Organización Mundial da Saúde. Estímase en 228.000 toneladas os compostos desta natureza que se verten anualmente aos nosos sistemas acuáticos.

### O Danubio negro

Un estudo recente do Programa de Medio Ambiente das Nacións Unidas indicou unha concentración de hidrocarburos aromáticos policlínicos que vai dende 0.4 nanogramos por litro, en alta mar, até 40.000 nanogramos nalgunhas zonas do mar Xónico, e considérase que estas altísimas concentracións son debidas ao vertido ilegal de hidrocarburos dende os barcos.

Outras zonas de preocupante concentracion destes contaminantes son estuarios dalgúns ríos. No mar Negro, os estuarios do Danubio e do Dniéper acadan concentracións medias de 1,6 nanogramos por litro, ou sexa, 1,6 partes por trillón. No Mediterráneo, estas concentracións son de 0,56 nanogramos, aínda que nos estuarios do Ebro e do Ródano, por exemplo, téñense acadado medidas de 570 e até 970 nanogramos por litro.

Cóidase que nos sedimentos mariños, as concentracións poden ser moi superiores, en especial nas zonas costeiras e nos portos marítimos, onde o vertido accidental rutineiro de hidorcarburos chega a rexistrar concentracións de 8.000 a 60.000 microgramos por litro ou partes por billón.

Dáse así o caso de que os bibalvos rexistran no Atlántico niveis medios de 25 picogramos por kilo de peso seco, e 82 picogramos no Mediterráneo. No tocante aos peixes, estas concentracións xa son tamén significativas nas augas profundas do Atlántico e, sobre, todo nas mediterráneas, e mesmo se disparan no caso dos mexillóns de zonas portuarias e na cunca oriental do Mediterráneo. ♦

## Peixes envelenados

A toxicidade dalgúns dos elementos que conteñen os hidrocarburos aromáticos xa foi comprobada en diferentes especies. Un dos máis tóxicos é o benzopireno, canceríxeno para o ser humano, que pode provocar a morte dos peixes cando se atopa en concentración igual ou superior a 0.005 miligtamos por litro. O fenatreno e o naftaleno representan toxicidade mortal para peixes en concentración de 0,1 a 1 miligramo por litro, e o antraceno mata os ratos cando se atopa en 18.000 partes por millón, e o naftaleno con só 490 partes por millón.

Ademais, sábese que moitos destes contaminantes provocan efectos subletais en doses moi inferiores ás que se acabn de indicar, como demostraron determinados estudos realizados no mar do Norte, nos que se relacionou a aparición de estados pretumorosos no fígado dos peixes coa presenza de hidrocarburos aromáticos policlínicos.

A contaminación crónica que vén producindo o lavado de tangues no mar, vertido de augas das sentinas e outros residuos oleosos supoñen un perigo que é, polo menos, tres veces máis grande co que representan as mareas negras provocadas polos accidentes dos buques petroleiros. Dun estudo levado a cabo pola organización Oceana en augas atlánticas de Canadá, dedúcese que o 62 por cento das aves que foron encontradas mortas nas praias encontraron a causa da súa morte no vertido rutineiro de hidrocarburos ao mar. Isto permitiu estimar unha ave petroleada por cada 1,3 quilómetros de costa. A Unión Europea ten perto de 100.000 quilómetros de costa. Se se extrapola este parámetro, en Europa hai unha mortaldade de aves mariñas debida á contaminación crónica de hidrocarburos de 77.000 aves cada ano.

Na costa do mar do Norte, entre o 37 e o 47 por cento das aves que foron encontradas mortas foran petroleadas. Das aves que cada ano morren nas costas de Bélxica, calcúlase que o 50 por cento é debido a algún grao de contaminación por hidrocarburos.

Os científicos que opinan que o impacto da contaminación crónica por hidrocarburos no mar é moi superior ao que producen os accidentes causantes das mareas negras, chegan a comparar a mortaldade orixinada en determinadas zonas, a causa dos vertidos ilegais, coa que habería se se rexistrara un accidente como o do *Exxon Valdez* cada ano.

O 20 por cento das tartarugas que morren no Mediterráeno central teñen nos hidrocarburos a causa da súa desaparición, e algo parecido ocorre cos cetáceos que, por tratarse de animais dotados de pulmón, teñen que saír á superficie para respirar e entran en contacto cos hidrocarburos que flotan nas capas superficiais dos océanos.

En fin, que o caso de Repsol na Coruña, aínda non sendo máis ca unha anédota, encádrase no alarmante proceso de contaminación acuática que está a padecer a terra. O 40 por cento dos barcos europeos aínda agora non respecta as normas de seguridade marítima para a prevención da contaminación. Todos os buques tanques de Lituania, os petroleiros letóns, os barcos factoría de Malta e de Chipre, os cargueiros refrixerados de España e de Estonia e os *bulk.carriers* do Reino Unido, Finlandia e España acostuman a presentar deficiencias no 100 por cento das inspeccións a que son sometidos. ♦

# O paro chega ao 14 por cento

ABELARDO VÁZQUEZ PITA

Máis da metade da poboación da provincia é inactiva. Ademais, o 14 por cento dos que poderían traballar, están desempregados.

Manuel Fraga achégase aos traballadores de *Valeo* que acudiron o pasado 19 de decembro ao congreso do PP de Ourense para reclamaren solucións.

NACHO GÓMEZ / AGN

Unha vez máis, a estatística constata a realidade incuestionábel de que a provincia de Ourense non sae dos últimos postos dos índices socioeconómicos galego e español. Nesta ocasión é o Instituto Galego de Estatística o que confirma que a poboación inactiva é moi superior á ocupada. Dun total de 304.000 habitantes maiores de 16 anos, 161.000 son inactivos, mentres que os activos son 143.000, cunha taxa media de paro en 2004 do 14 por cento.

Os sindicatos chamaron a atención estes días polo feito de constatar unha perda de postos especialmente grave na industria ao chegar ás 2.000 persoas (case o 8%), ás que vai haber que sumar os 250 da factoría ourensá de Valeo.

No balance do 2004, os sindicatos cren que en Ourense se precarizou aínda máis o emprego e aumentou a sinistraliedade, ademais de contabilizarse un maior número de peche de empresas con graves consecuencias no só nos empregos directos, senón nos indirectos, como acontece coa propia Valeo. As centrais subliñan tamén a caída do sector agrario, que pasou de 50.000 altas no réxime especial agrario ás actuais 8.000, aproximadamente.

Por se isto fose pouco, esta semana confirmouse tamén o descenso do número de turistas durante 2004, segundo informou a Cámara de Comercio. O descenso con respecto ao ano pasado foi do 7,7%. Como dato de confirmación de que Ourense se consolida como cidade de paso sen suficiente capacidade de captación turística, a mesma institución destacou que aumentou un 30% o número de pernoctacións.

E tan malas noticias coñécense no medio do debate metafísico sobre responsabilidades nun Plano Galicia que está a servir –tamén en Ourense– para sinalar a Administración do Estado como responsábel última e única dos males que devastan á provincia. Precisamente o presidente do PP ourensán e da Deputación, Xosé Luis Baltar, subliñou as responsabilidades do goberno socialista de Madrid na falta de concreción do Plano Galicia para Ourense, esquecendo que el mesmo ten pendente de cumprir un Plano Estratéxico que pactou en 2001 con PSdeG-PSOE, sindicatos e empresarios e cuxo estudio custou 600.000 euros.♦

## Sobre o Tratado Constitucional da Unión Europea (5)

# *Seguranza, defensa e acción exterior*

CARLOS AYMERICH

Un dos argumentos que esgrimen os defensores do Tratado Constitucional é a necesidade de afortalar Europa fronte a uns Estados Unidos arrogantes e belicistas como hai tempo non se lembraba. E o argumento é bon. É difícil non concordar con el. Mágoa que non semelle ser esta a dirección tomada polo Tratado nin, polo visto, pola maioría dos Estados da Unión, tal e como testemuña a atribución a José Manuel Durão Barroso –fiel aliado dos Estados Unidos– da presidencia da Comisión e a insistencia de todos os gobernos, incluído o español, en se congraciar co reelecto presidente estadounidense.

Mais vaiamos por partes e atendamos á análise do texto e dos antecedentes do Tratado para contestarmos ás dúas cuestións que –interrelacionadas– levanta o estudo destas materias. A primeira, aposta o Tratado por unha política exterior e de defensa europea independente dos Estados Unidos? A segunda, aposta o Tratado por unha política exterior e de defensa europea alternativa –nos seus obxectivos e nos seus medios– á desenvolvida polos Estados Unidos?

Canto á primeira cuestión, debe repararse en que o artigo I-41 do Tratado, tras afirmar que "a política común de seguranza e defensa incluirá a definición progresiva dunha política común de defensa da Unión"[1] engade que esta non só deberá respectar os compromisos asumidos por algúns Estados membros coa OTAN[2] senón que, ademais, "será compatíbel coa política común de defensa e seguranza estabelecida en dito marco". Deste modo toda a política exterior e de defensa europea –caso de que se chegue a definir– ten que ser compatíbel e subordenarse ao estabelecido no seo dunha OTAN da que os Estados Unidos son membros e patrocinadores. É daquela neste marco como hai que interpretar moitos dos obxectivos estabelecidos nesta materia polo Tratado. Así, por exemplo, as referencias á "prevención de conflitos" contidas no propio art. I-41 e II-292 deben interpretarse de conformidade co "novo concepto estratéxico" adoptado pola OTAN en 1999 na súa cimeira de Washington e co informe apresentado en xuño de 2003 ao Consello Europeo por Javier Solana[3] –ex Secretario Xeral da OTAN e actual "Mr. PESC" da UE–, como unha clara asunción da doutrina da guerra preventiva. Guerras preventivas nas que, por outra parte, participan numerosos Estados da Unión entre eles todos os novos membros do centro e do leste de Europa e os candidatos, como Turquía ou Ucraína. É certo que o Tratado tamén alude ao respecto á Carta da ONU mais se este respecto fose real ningún Estado membro podería ter participado nos bombardeamentos en Iugoslavia e Kosovo nin na invasión e posterior ocupación do Iraq e Afganistán, por xa non falar das aventuras neocoloniais particulares dalgúns Estados membros que a Unión tolera e mesmo, en ocasións, alenta[4].

> **'P**ode latexar nestas disposicións a arela dunha igualdade cos EE UU en materia militar, mais non a construción dun modelo alternativo de relacións internacionais"

Esta idea dunha Unión Europea aliada e complementar dos Estados Unidos en materia de política exterior, acrecéntase ao comprobarmos que o Tratado aposta pola melloría progresiva das "capacidades militares" dos Estados membros (artigo I-41.3, desenvolvido no III-311). E nisto non se debe ver o inicio dunha carreira de armamentos imposíbel cos Estados Unidos mais, ben ao contrario, a aposta por unha Europa potencia que poida actuar, xunto con aqueles, como xendarme dun mundo cada vez máis inxusto e, por tanto, inseguro. Pode latexar, si, nestas disposicións, a arela dunha igualdade –imposíbel e indexesábel– cos Estados Unidos en materia militar, mais non, en absoluto, a construción dun modelo alternativo de relacións internacionais e de resolución de conflitos. Se así fose cabería perguntarse como é que todos os Estados europeos –Francia e Alemaña incluídas– aceptaron recoñecer a inmunidade dos militares norteamericanos perante o Tribunal Penal Internacional para participaren xunto con eles na guerra de Afganistán, ou porque o Tratado non recolle unha renuncia explícita á guerra como medio de resolución de conflitos tal e como fan as constitucións dalgúns Estados membros[5] ou, en fin, como é que, no máis puro estilo Bush, o artigo III-309, tras de enumerar as misións militares que a Unión pode iniciar no marco da política de defensa e de seguranza[6] engade que "todas estas misións poderán contribuír á loita contra o terrorismo, entre outras cousas por medio do apoio prestado a terceiros paises para o combater no seu territorio". Non quedaramos en que o terrorismo non se pode combater con medios militares?

Así as cousas, non estraña que no nome da loita contra o terrorismo, especialmente tras do 11-S, avanzase na maioría dos Estados membros unha lexislación penal e penitenciaria de excepción que legaliza o encarceramento por tempo indefinido de estranxeiros "sospeitosos" de terrorismo internacional sen intervención xudicial, a intervención policial de todo tipo de comunicacións e, en xeral, o endurecemento das penas e a creación de amplos espazos de impunidade para as forzas de seguranza. Cuestións todas elas que o Tratado ampara, xunto cunhas políticas restritivas de asilo e inmigración, na regulación do denominado "espazo de liberdade, seguranza e xustiza" (art. III-257 e ss.).

Tampouco debe chamar a atención que a cooperación económica con terceiros países e a axuda humanitaria se subordenen aos obxectivos da política exterior da Unión (art. III-319 e III-321), en contradición co seu carácter neutral e imparcial, nin tampouco que a praxe da Unión Europea nas negociacións desenvolvidas no seo da OMC sexa substancialmente igual á dos Estados Unidos, tanto no que se refire ao capítulo das axudas agrícolas, como ao Acordo Xeral sobre Comercio de Servizos (GATS, nas súas siglas inglesas) ou mesmo no que di respecto ao acceso aos medicamentos esenciais. Praxe que a regulación da política comercial común (art. III-314 e 315) lexitima plenamente a salvo da esixencia de unanimidade para a negociación e celebración de acordos comerciais en determinadas materias como os "servizos culturais e audiovisuais" e no ámbito, ben que con matices, dos "servizos sociais, educativos e sanitarios" (artigo III-315.4) novidade que debe ser saudada positivamente á espera de cal vaia ser, ao fin, a súa eficacia práctica.♦

(1) Definición que se fará, en todo caso, por unanimidade de todos os Estados membros.

(2) Todos agás Austria, Suecia, Finlandia, Malta e Irlanda.

(3) O que, tras apostar polo gasto militar, estabelece: "Temos de desenvolver unha estratexia que favoreza a intervención rápida, temperá e, en caso necesario, contundente".

(4) Nomeadamente, mais non só, as de Francia e Bélxica en África. O art. III-310, que lle permite ao Consello Europeo encomendar a realización dunha misión militar "a un grupo de Estados membros que o desexaren e dispuxeren das capacidades precisas para tal misión" parece, de facto, estar pensado para este tipo de intervencións.

(5) Así a italiana de 1947.

(6) As eufemisticamente denominadas "humanitarias e de resgate, asesoramento e asistencia en cuestións militares, prevención de conflitos e mantemento da paz, xestión de crises …".

# *Camiñamos*

## *Sobre a alternativa de goberno galego*

**MIGUEL BARROS**

Falta menos para as eleccions autonómicas. Tamén falta menos para acadar un entendemento razoábel no programático, e realista no político, entre os partidos da alternativa (BNG-PSdeG). Arriscamos este xuízo despois de observar dous feitos recentemente ocurridos. O primeiro, o Congreso da UPG, e o segundo, as declaracions do novo secretario xeral dese mesmo partido, o nacionalista Francisco Rodriguez.

O XI Congreso do partido líder do BNG supera a etapa da dirección colexiada e aposta pola institución individual de dirección e representación que facilita, non só a expresión máis doada do discurso nacionalista, senón tamén a mellor compresión do mesmo. Doutra banda, o traballo congresual dos nacionalistas non abunda en tesis maximalistas que puidesen dificultar o traballo práctico para a construción dun programa de prioridades compartidas de cara á conformación da alternativa de goberno para Galicia.

Se o nivel de clarificación e perceptíbel no BNG, non o son menos as novas condicions de interlocución entre os dous partidos da oposición, na medida en que se reduce a dispersión das mensaxes as voces do secretario xeral na UPG e o candidato a presidencia da Xunta polo que atinxe o BNG. Dende a miña óptica estas decisións son un paso cara adiante a prol do entendemento entre socialistas e nacionalistas.

A maior abundamento, as declaracións do novo secretario xeral da UPG dannos claros indicios de achegamento a zonas próximas para un acordo. Rodríguez sinala, entre outros aspectos importantes, algúns que semellan decisivos para que o diálogo político fructifique en decisións.

O primeiro deles podiámolo enunciar como a premisa de que o todo é máis importante que as partes. Postulado que ataca no seu cerne unha das eivas máis nefastas da política galega que todos coñecemos como localismo. Esta patoloxía manifféstase na pretensión infantil de atomizar o discurso político até degradalo na demagoxia da territorialización localista do poder, predio cultivado con paixón polos muecíns de campanario.

Estamos de acordo. Galicia como totalidade ha de ser a nosa preocupación e obxecto primordial da acción política.

Un segundo postulado que ben merece gozar do privilexo da oportunidade é o de respecto ás leis. Base indiscutíbel da credibilidade das institucions representativas do pobo. Efectivamente, cumprir as leis é un acto de profesión de fe democrática, e polo que respecta ao parlamento de Galicia, constitúe un acto de afirmación galeguista. Até que as maiorías non produzan melloras ou enmendas ás leis do noso parlamento teñen de ser cumpridas senón queremos atentar contra o piar fundamental da nosa autonomía.

Do mesmo xeito pensamos todos os socialistas e demócratas que aspiramos a mellorar a democracia e loitamos por ampliar e perfeccionar a automomia do noso país.

Un terceiro aspecto que menta Rodríguez reflecte a necesidade de perfilar unha orde de prioridades en materia de infraestruturas, educación, investigación, agricultura, pesca e ambiente que apuntan directamente a unha especie de minuta para un programa común da futura coalición gobernante.

Certo que o secretario xeral da UPG non alude á coalición, pola contra, precisa que lle parece mellor "acordo", na medida, en que ao seu xuízo coalición implica ámbitos ideolóxicos próximos, que, a estas alturas, o líder da UPG estima que non existen entre o BNG e o PSdeG .

Tampouco fala o líder nacionalista de programa común de goberno, pero entendemos nós, que algo haberá que deixar para as sucesivas etapas do diálogo político que, inexcusabelmente, han de protagonizar os dous candidatos dos partidos aspirantes a construír a Alternativa que afronte as responsabilidades a que dará ocasión o baleiro que deixa a dereita na política galega. Camiñamos, logo existimos. Propoñemos, daquela dialogamos.♦

## Guisa e Napo

**UXÍA E BRAIS**




## Subliñado

# *Vellas camisas monacais*

**LOIS DIÉGUEZ**

Por debaixo das albas e casullas asómalles a camisa vella que sempre loaron. Na Igrexa única e apostólica soan alporizados tambores de guerra. Está ben que aproben o condón un día e, arrepentidos, o condenen ó seguinte (é como os pecados: algúns eran veniais no século pasado e hoxe están na listaxe dos mortais). Ou que se empeñen no vello, sufrido e sacrosanto matrimonio, coa muller sempre de vítima, claro, pois o home ten bula asegurada nesta Igrexa do machismo españolísimo e romano. Pero que agora, alborotados eles, protexidos polas sotanas, birretes e capelos nos digan que o Plano Ibarretxe é un pecado, que repartamos as augas da España, que hai que salvar a unidade do territorio, ou que o laicismo implica o desprezo e opresión da liberdade relixiosa (Paulus dixit), lévanos á petición inmediata de que a Conferencia Episcopal pase a gobernar as Españas, e que fagan cardeal a Aznar para que siga sendo Presidente. E que por iso do diálogo e do consenso dos dous infalíbeis partidos españois, lle fagan algún buratiño a Zapatero para que todo quede como moi democrático. Así deixámonos de andrómenas e liberamos os ardores que todos eles nos producen cada día nas almas. Nós, pobriños, tamén temos dereito a "dixir". Ou non?♦

## Lugo

# Altos voos

**ANTÓN GRANDE**

Os empresarios ven con bos ollos que se converta o aeródromo de Castro de Rei nun local de despece da industria aeronáutica europea. O proxecto, contodo, aínda está no aire.

O aeródromo de Rozas, no concello de Castro de Rei, outrora cun gran movemento aéreo cara aos países de América do Sur e mesmo a algunhas cidades do Estado, aló polos anos cincuenta, podería recuperar o seu vello esplendor converténdose agora na chatarraría aérea de toda Europa, se prospera a gran sorpresa que lles tiña reservada aos lucenses o secretario de Organización do PSOE, Xosé Blanco, cando a anunciou a bombo e prato aló polo Nadal, como se dun rei mago se tratase.

A proposta foi ben acollida polos empresarios e comerciantes de Lugo, xa que se calcula que podería crear cen postos de traballo directo. Pero agora, tras a sorpresa inicial, xorden as dúbidas. De entrada, non existe nada deste tipo en Europa, si nos EE UU, e é de supoñer que algunha cidade das europeas tamén quererá optar a iso habida conta que é a UE a que otorgará a concesión.

Sorprende tamén que no Estado só dúas cidades pugnen por esta implantación: Lugo e Teruel, cidade esta última na que mesmo xa existe unha empresa que estaría disposta a facerse cargo do invento, algo que non sucede de momento en Lugo.

A este *maremagnun* de inconsistencias habería que engadir as negociacións dos socialistas, co alcalde de Lugo á cabeza, con responsábeis de AENA, cos que xa se entrevistaron e mesmo invitaron a visitar o aeródromo cando, segundo parece, AENA non ten función nin competencia en Rozas senón que de quen este depende é da dirección xeral de Aviación Civil, organismo do ministerio de Fomento que é o responsábel das comunicacións estatais.

Vistas así as cousas, todo fai pensar que os socialistas se tiraron á piscina e agora non saben como manterse a flote nin como saír dela, en tanto que a oposición xa comeza a falar de que todo é fume de pallas e lémbranlle a Xosé Blanco a súa gran promesa electoral, cando das eleccións xerais, de facer en Lugo un Centro Tecnolóxico Agroalimentario e Forestal do Noroeste do que non se volveu ter datos até o momento.

En tanto que sucede todo isto, o PP de Lugo, con Francisco Cacharro Pardo á cabeza, móstrase terribelmente indignado por non ter sido invitado polo goberno aos actos da entrega do premio, polas pontes da Autovía do Noroeste, ao ministerio de Fomento pois nin o presidente da Deputación nin o propio alcalde de Becerreá, concello no que se ubica a obra premiada, foron convidados.

Esquece non embargante o PP que cando se comezaron a inaugurar tramos da autovía, proxectada polo PSOE, eles mesmos facían o mesmo e aplicaban a mesma menciña que lles deron agora os socialistas.♦

Nº 1.161 ● Do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2005 ● Ano XXVIII

# A *Fundación 10 de Marzo* revisa a historia do primeiro franquismo

**A.N.T.**

**O último número de *Dez-eme*, a revista de historia e ciencias sociais da Fundación 10 de marzo, está adicado a estudar o primeiro franquismo. O monográfico ofrece ensaios e reportaxes, entre os primeiros un estudo de Pere Ysás, sobre o modelo de Estado novo basado nunha economía autárquica é complementado polo traballo de Isamel Saz e Alberto Gómez que define o réxime como "ditadura fascistizada". Estes dous traballos históricos complétanos Julio Prada, que fai unha aproximación actualizada sobre a represión en Galiza e un traballo sobre a oposición guerrilleira, elaborado por Ramón García Piñeiro.**

Guerrilleiros nos montes de Asturias. CONSTANTINO SUÁREZ

A revista ten un grande despregue gráfico e documental, achegando algúns dos materiais que se poden consultar nos arquivos da Fundación: actas de empresas, expedientes de depuración, congresos de partidos, estruturas da Organización Sindical Española e prensa clandestina de variada procedencia.

Ademais doutros contidos resultan de interese os traballos centrados na historia de xénero: unha biografía da guerrilleira Enriqueta Otero ou un traballo sobre a participación das mulleres na guerra.

O traballo de García Piñeiro sobre luces e sombras da resistencia guerrilleira, é interesante, a pesar do seu carácter sintético, para coñecer o evoluír das relacións entre o Partido Comunista e os resistentes no monte. O autor sinala as diferentes fases polas que pasou este proceso e afirma que "aínda que en manifestos, proclamas e prensa oficial do PCE se enxalzaron *as xestas dos heróicos guerrilleiros*, a documentación interna deixa entrever que a relación entre os fuxidos e a organización exiliada distou de ser harmónica. Os receos mutuos xurdiron desde un principio, non ben se estableceron os primeiros contactos e houbo que determinar quen marcaba a pauta, fixaba obxectivos e establecía prioridades".

**É esta unha das primeiras veces que se conta, desde fontes próximas, a maneira na que o PCE abandonou a guerrilla contra a ditadura do xeneral Franco**

O desencontro acentuouse a partir de 1959, cando o PCE decide abandonar a loita guerrilleira, e dedúcese do traballo de García Piñeiro que é o propio partido quen acaba por extender unha idea de crecente dexeneración da situación nos montes, "a tentación da vida fácil, da ociosidade e, no peor do casos, do bandoleirismo nutríase, ao entender do partido, na escasa preparación política dos guerrilleiros. Dos que chegaban a Francia, as apostilas que pechaban os informes de recepción case sempre eran negativas: *limitada intelixencia, semianalfabeto, escasa formación* e *pouca cultura* foron as preferidas (...) Máis acedos e sen misericordia foron os deostos utilizados na década dos cincuenta, xa que se pretendía desarraigar todo rescaldo de simpatía por eles".

O dato curioso, por menos difundido, é a referencia a documentos enviados por Santiago Carrillo a Dolores Ibárruri, nos que "sostiña que non foran sacados de España [os guerrilleiros] por causas alleas á vontade do PCE, ¿pero teñen os guerrilleiros a mesma percepción deste feito? Coido que non. A realidade demostra que, salvo excepcións, os que abandonaron España fixéronno pola súa conta e risco. A ausencia de planos de evacuación, ou cando menos unha orde neste sentido, foi esgrimida por algúns historiadores para refutar que houbera, xa en 1948 xa en 1950, cambio de táctica. A dirección exiliada, para eles, agardou paciente que o aparato de seguridade franquista lle despexara o camiño para emprender sen rémoras o novo rumbo". ♦

O FÍO DA LINGUA

## *Sargazos*

**HENRIQUE HARGUINDEY**

O mar dos Sargazos é unha perigosa zona do océano Atlántico rodeada de misterio. E a orixe do seu nome tamén ten algo de misterio aínda non esclarecido. Sabemos que foron os navegantes portugueses os que lle impuxeron o nome de *sargazo* a un tipo de alga moi abundante alí e que despois pasou á denominación dese mar, pero non hai unanimidade sobre o motivo de lle chamaren así. Hai quen mantén que foi porque as boliñas ou vinchas de gas que as sosteñen aboiando na superficie lembraban os acios de uvas dunha variedade chamada *salgaço*. Para outros, en troques, foi a semellanza co aspecto correoso dun arbusto da familia das salicáceas, unha especie de carpaza, a *sargaça* ou *sargaço*, a que determinou o nome.

*Sargaço* como denominación de alga prendeu axiña en portugués, onde abunda ao lado da variante *argaço* que é a que atopamos practicamente como forma única en Galiza: o argazo.

Podería ser que o nome de *argazo* procedese de *sargazo*, ben debido a unha confusión do artigo (o que se chama unha "deglutinación") ao separar o plural incorrectamente e formarse un falso singular (*os sargazos>os argazos>o argazo*) ou debido a unha influencia da palabra *alga*. De feito, tanto en portugués como en galego documéntanse *algazo* e mais *argazo.*

No que os linguistas coinciden é en que *sargaça/sargaço* como nome do arbusto é un derivado do latín *salix*, de onde procede igualmente o noso *salgueiro.* E tamén en galego, a rentes de formas que conservan o *l* do latín, temos outras que o trocan en *r*; sen ir máis lonxe rexístrase nalgunhas partes a forma *sargueiro* por *salgueiro.*

E máis *sarga*, que é xustamente o nome de dous arbustos da familia das salicáceas: a sarga común e a vimbieira.

Por certo que os sitios nos que abundan as sargas chámanse… *sargadelos*, palabra que, como topónimo, deu nome a un importante complexo industrial, o do vello Sargadelos nos séculos XVIII e XIX e o do moderno Sargadelos no XX e XXI. Unha industria que espalla o nome de Galiza polo mundo enteiro

Aludiremos, para rematar, a que as algas –tradicionalmente usadas na beiramar como abono dos terreos de cultivo– teñen na actualidade unha importante utilización na industria farmacéutica e alimentaria.

E é ben coñecida a importancia do salgueiro como planta medicinal. Xa o médico grego Hipócrates receitaba na antigüidade remedios con follas de salgueiro para aliviar a dor. E modernamente, a aspirina –ese popular e universal medicamento– obtívose a partir da casca do salgueiro branco. Até que a finais do século XIX sintetizouse quimicamente o ácido acetil*salicílico.*

Industria e medicina, industria e alimentación, industria e arte

Saberán xa os lectores que a palabra *industria* significaba primitivamente *enxeño.*

Enxeño e mais valor, distintivos dos navegantes. ♦

Nº 1.161 ● Do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2005 ● Ano XXVIII

# *Airbus 380, avión europeo*

**MANUEL CAO**

A presentación, o 18 de xaneiro en Toulouse, do A-380 como o avión comercial máis grande do mundo veu demostrar a fortaleza tecnolóxica e organizativa de Europa no contexto global. Non debería confundirse este evento co éxito da UE como entramado político-institucional aínda que si pode e debe contribuír a incrementar o orgullo europeísta daqueles que se consideran tales. En contrapartida, deben estar preocupados nos EE UU pois o xurdimento da competencia europea na construción aeronáutica é unha realidade que tenderá a reequilibrar o dominio norteamericano.

O consorcio Airbus foi creado en 1970 mediante a iniciativa de Francia e Alemaña, que dispoñían da capacidade empresarial e tecnolóxica necesarias para empezar a facerlle fronte ao poderío da industria aeronáutica dos EE UU e da URSS. En 1971, España pasa a formar parte de Airbus e en 1979 será a industria británica a que se integre. Haberá que esperar ao ano 2001 para que Airbus Industrie se converta formalmente nunha compañía integrada, que estará constituída pola EADS (European Aeronautic Defense and Space Company) cunha participación do 80% e pola BAE Systems (British Aerospace Systems) co 20%. No EADS participan a Aerospatiale Matra SA de Francia, a Daimler Chrysler Aerospace AG de Alemania e Construcciones Aeronáuticas SA (CASA) de España. Airbus adoptou o inglés como lingua de traballo e ten a sede central en Toulouse onde traballan 3.400 persoas de 25 nacionalidades pero en total xera 80.000 empregos directos de 80 nacionalidades. Airbus é un proxecto empresarial impulsado por catro Estados da UE, sendo Francia e Alemaña a base tecnolóxica, organizativa e financeira que substenta o proxecto. A participación de CASA ten antecedentes dende a década de 1920, foise mantendo relativamente á marxe do sistema político imperante e, aínda que a participación total sexa só do 10%, non debe minusvalorarse a súa importancia, pois permite a aproximación a actividades tecnoloxicamente avanzadas que poden xerar dinámicas organizativas e institucionais orientadas a investir en I+D e apostar polo único modelo de industrialización que pode xerar postos de traballo e ir equilibrando a deficitaria balanza comercial española.

O Airbus 380 cobre un segmento do mercado da aviación comercial caracterizado polos longos recorridos e a gran capacidade de transporte que, até agora, só estaba cuberto polo Boeing 747-400. A aposta do A-380 serve tanto ao transporte masivo de viaxeiros (800 pasaxeiros) como ás viaxes de gama alta (*business*, alta calidade de servizos, confort e tecnoloxía) e incorpora avances importantes en eficiencia enerxética, control de ruídos e contaminación atmosférica. Lenta pero inexorabelmente, o Grupo Airbus foi gañando cota de mercado a Boeing na venda de avións e, dende 2002, xa o supera coas consecuencias correspondentes para a empresa de Seattle en despidos, reorganización de actividades e deseño de novos proxectos. A loita polo control dos mercados aéreos contou con importantes episodios de conflito e acusacións entre os gobernos de Europa e os EE UU alegando subvencións encubertas por ambas as partes e outras actividades pouco edificantes á hora de acadar pedidos. Neste sentido, a existencia da UE como ente político-institucional poderoso e autónomo a nivel internacional contribuíu a respaldar a posición de Airbus facendo ineficaces as presións de Washington no GATT e na Organización Mundial de Comercio, á marxe da veracidade das denuncias.

**‘O** xurdimento da competencia europea na construción aeronáutica é unha realidade que tenderá a reequilibrar o dominio norteamericano”

O Airbus 380 representa a capacidade de Europa para competir na economía global e pode servir de apoio para aquelas áreas en desenvolvemento á hora de poder elixir aos seus *partners* comerciais e tecnolóxicos preferentes liberados do monopolio dos EE UU.♦

## Un estudo de Xavier Vence propón novos sistemas para medir a inflación

# O actual IPC provoca que os salarios máis baixos perdan poder adquisitivo

**CÉSAR LORENZO GIL**

**O Índice de Prezos ao Consumo (IPC) subiu en Galiza un 3,3 por cento no 2004. Mais a percepción xeral na cidadanía é que o custo da vida é moito maior. Os actuais sistemas de contabilidade da inflación son parciais, segundo un estudo realizado polo catedrático Xavier Vence para a CIG, e facilitan a medra de desigualdades entre as rendas máis baixas e as máis altas.**



Xavier Vence.

“O IPC non é neutral social e territorialmente e hai moitas causas polas que pode diferir o grao de “realismo” do IPC. É normal, en consecuencia, que certos individuos ou certos colectivos sociais ou territoriais poidan ter percepcións de insatisfacción ou desconfianza sobre a forma en que o IPC reflecte os prezos que realmente pagan ou que teñan a sensación de deterioro da súa capacidade de compra mesmo no caso en que as súas rendas aumenten ao ritmo do IPC. Outros individuos e outros grupos sociais dun nivel de renda diferente poden ter a percepción contraria”. Así explica Xavier Vence, catedrático de Economía aplicada da Universidade de Santiago, no seu informe ‘IPC, negociación colectiva e perda de poder adquisitivo dos salarios’ a “sensación” de parte da cidadanía de que a suba estatística dos prezos é ben diferente da suba real do custo diario.

Segundo Vence, cómpre un sistema de medición do IPC máis acorde cos niveis de consumo de cada estamento social e que se inclúan nas estatísticas ítems tan importantes na vida cotiá coma a suba do prezo da vivenda. O estudo lembra que actualmente se eliminou do cómputo da suba dos prezos a adquisición dun inmóbel ao considerse “investimento” e non gasto. “O argumento máis poderoso en favor da súa consideración como investimento é que o aumento dos prezos “enriquece” os seus propietarios, de xeito que os que compran vivenda experimentan un incremento progresivo do seu patrimonio como consecuencia da revalorización da propiedade inmobiliaria”, explica o estudo. “E mesmo se afirma que o investimento inmobiliario é historicamente a alternativa máis rendíbel para colocar o aforro no Estado Español, por enriba da media do investimento en bolsa”.

Mais Vence considera que este argumento supón unha fenda social que coloca fóra do mercado da vivenda amplas capas sociais. “Cabe decir, pola contra, que mesmo se iso é asi para os que se converteron en propietarios, o certo é que a posibilidade de acceder á compra de vivenda vaise facendo cada vez máis difícil para partes importantes da poboación xustamente porque os prezos da vivenda non van acompañados de aumentos salariais proporcionais”.

É por iso que o economista busca outras razóns para explicar o aumento dos pisos comprados. “Para explicar porque nestes últimos anos tantas familias están accedendo á compra de nova vivenda –contribuíndo á escalada de prezos– hai que tomar en consideración outros factores entre os que destacan os financeiros. Efectivamente, ao reducirse de forma significativa as taxas de xuro –que tendo en conta o nivel de inflación e os tipos na zona euro dá lugar a taxas de xuro mesmo negativas– e ofrecérense hipotecas a trinta anos –o que permite cuotas mensuais accesíbeis–, moitos asalariados –mesmo en condicións precarias– lanzáronse á compra de vivenda propia. O problema é o que poida ocorrer a medio prazo, na eventualidade de aumentos significativos da taxa de paro ou das taxas de xuro”.

### Diferenzas salariais

Outro dos problemas principais que detecta Vence no seu informe é que o modelo do IPC, amais de ser parcial, beneficia claramente as rendas máis altas e condena as máis baixas á significativa perda do seu poder adquisitivo. O valor do IPC é o que se usa habitualmente para as revisións salariais, como variábel de aumento anual absoluto. Isto supón que “se temos dous salarios, un de 100 euros e outro de 200 euros e a ambos os aumentamos nun 5%, o primero pasa a ser de 105 e o segundo de 210. O segundo segue a ser o duplo que o primeiro pero o número de euros que ingresan cada un é máis desigual: a diferenza inicial entre ambos era de 100 e ao final a diferenza é de 105. A fenda entre eles aumentou un 5%. Se isto se repite ano tras ano chega un momento en que a distancia se fai abismal (por exemplo, a ese ritmo, en 10 anos a distancia tería aumentado un 50%)”, sinala o informe.

Para corrixir estes problemas, Xavier Vence propón, entre outras medidas, incorporar ao IPC valores relevantes en todos os fogares, caso do custo inmobiliario; que se barallen na revisión salarial tamén eses valores e que pesen máis nesa cesta da compra virtual da estatística os produtos que máis consomen as clases precarizadas. “Só así se poderá evitar a desigualdade entre os que teñen máis e os que teñen menos, que corren perigo de exclusión social”.♦

**4º trimestre 2003**

| Comunidade autónoma | Pode dedicarlle diñeiro ao aforro % | Non pode dedicarlle diñeiro ao aforro, ou dedica moi pouco (%) | Indicador de evolución* |
|---|---|---|---|
| TOTAL | 34,84 | 65,16 | –0,56 |
| Andalucía | 31,81 | 68,19 | 0,21 |
| Aragón | 43,52 | 56,48 | 1,52 |
| Asturias | 36,60 | 63,40 | –4,30 |
| Balears (Illes) | 37,93 | 62,07 | –4,37 |
| Canarias | 14,80 | 85,20 | –0,60 |
| Cantabria | 35,36 | 64,64 | –4,94 |
| Castilla y León | 50,86 | 49,14 | 0,86 |
| Castilla - La Mancha | 33,26 | 66,74 | –6,54 |
| Catalunya | 42,66 | 57,34 | –3,14 |
| Comunidad Valenciana | 46,29 | 53,71 | 5,29 |
| Extremadura | 27,81 | 72,19 | –0,29 |
| **Galicia** | **24,83** | **75,17** | **–3,47** |
| Madrid (Comunidad de) | 18,65 | 81,35 | 0,75 |
| Murcia | 42,03 | 57,97 | 15,63 |
| Navarra | 31,53 | 68,47 | –12,37 |
| País Vasco | 37,87 | 62,13 | –4,43 |
| Rioja (La) | 46,37 | 53,63 | –3,53 |
| Ceuta e Melilla | 55,10 | 44,90 | –0,70 |

*Este indicador obtense por diferenza da porcentaxe rexistrada pola primeira columna (pode dedicarlle diñero ao aforro), entre o trimestre actual e o mesmo trimestre do ano anterior.

## A fábrica é rendíbel, segundo os traballadores

# ‘Queren levar *Valeo* de Ourense ao terceiro mundo’

**H. VIXANDE**

**Os 250 traballadores de *Valeo* en Ourense viven pendentes da intención da dirección de pechar a empresa e trasladar a produción ao terceiro mundo. Dáse a circunstancia de que a factoría galega é rendíbel. Tras deixar Ourense, é posíbel o peche da fábrica do Porriño.**

Carme Castiñeiras e Luz Blanco reclámanlle á Xunta a súa intervención. Reportaxe Gráfica: ANT

Luz Blanco leva catorce anos na planta de *Valeo* en Ourense. “Antes estivera en *Labauto*, a empresa de cableado que lle vendera *Citröen* a *Labinal* con parte dos seus traballadores. Despois, comprouna *Valeo* e seguiu coa mesma actividade”, explica Luz. Esta traballadora agora conta con quedar no paro e sinala que a dirección “está a tomar decisións contra a xustiza, ofrece menos polas indemnizacións que o que nos daría o xulgado”.

A empresa *Valeo* conta en Ourense con 250 traballadores, pero chegou a ter 770 no ano 2000, cando foi adquirida a *Labinal*. Desde entón comezou un pingar de empregados até quedar nos que ten na actualidade, aínda que foi no outono pasado cando se acelerou o proceso e cando deixaron de renovar os contratos dos eventuais. “Agora só quedamos os fixos”, indica Luz.

Luz considera que a oferta que fai a empresa de facer prexubilacións cos maiores de 55 anos, o despedimento da maioría do persoal e a creación de 35 postos “non viábeis”, “é unha tomadura de pelo” e simplemente procura pechar unha empresa rendíbel. E mentres as condicións que pon encol da mesa a patronal non satisfán ao persoal, outra traballadora de *Valeo*, Carme Villanueva, denuncia que “a Xunta está e non está”. Esta empregada opina que a Administración podía facer moito máis pola defensa dos postos de traballo.

Sobre a postura da Xunta é moito máis diplomático Emilio Varela, delegado da CIG en *Valeo*. A súa posición non se debe á compracencia, senón que procura non pechar portas cara unha intervención futura da Administración autónoma. “A Xunta comprometeuse a buscar un comprador unha vez que negociemos coa empresa”, indica Varela.

### Deslocalizar a produción

“Se pecha *Valeo*, quedo na rúa –explica Luz Blanco–; teño unha nena de tres anos e aínda que o meu home traballa, precisamos os dous salarios”. Luz explica a crise de *Valeo* alegando que “o empresario quere deslocalizar a produción, andou comprando empresas de cableado por España e agora vainas pechar para fabricar onde pode facelo máis barato. A proba é que *Valeo* non dá perdas, por iso non lle aceptan o expediente de regulación de emprego que presentou”.

As palabras de Luz subscríbeas Carme Villanueva, outra das traballadoras de *Valeo*. Se prospera o plan da empresa, boa parte deste colectivo marchará para a rúa sen poderse acoller a outra axuda que a do subsidio de desemprego segundo o tempo que cotizou. “Fraga quere que pactemos primeiro as prexubilacións e logo di que nos axuda: rise de nós”, asegura Carme.

“A nosa produción marchará para o este, Marrocos e a China, onde a man de obra é máis barata. Todo empezou en Barcelona e agora chegounos a nós”, explica Emilio Varela, da CIG no comité de empresa. Este sindicalista amósase preocupado polo destino dos seus compañeiros, sobre todo daqueles que non poderán acceder á prexubilación. Tamén lle gustaría a continuidade da empresa, ou cando menos dunha actividade industrial nas instalacións que hoxe ocupa *Valeo*. O problema é que este peche significa un paso máis na acelerada desindustrialización dunha comarca que non remata de saír da crise na que se atopa desde hai anos.

Charo González traballa na *Cooperativa Romaní;* se pecha *Valeo,* os seus traballadores marchan á rúa sen dereito a paro.

### O futuro do Porriño

Nin Emilio, nin Luz, nin Carme dan un peso porque *Valeo* continúe en Ourense. Mesmo o cadro de persoal da fábrica do Porriño sospeita que vivirá un proceso semellante de forma case inmediata. “Como van as cousas, os seguintes en pechar imos ser nós”, asegura Roberto Rocha, membro do comité de empresa de *Valeo* no Porriño. Na planta porriñesa hai 320 empregados, dos que 160 son fixos e os restantes temporais. De momento, van baixando o número de traballadores sen contrato indefinido pero aínda non se rexistraron despedimentos entre os fixos. “De todos xeitos, a partir de 2006 non hai contratos, polo que comezarán cos mesmos plans que en Ourense”, indica Rocha.

### Un plan secreto

Segundo Roberto Rocha, en Ourense a dirección tamén prometera continuidade. Porén, sinala, “hai dous anos saíu á luz pública un informe que falaba de fusionar Ourense co Porriño que se está a cumprir punto por punto, co peche de Ourense e despois co noso peche, co tempo xa o veremos”.

O informe ao que se refire Rocha aparecera no xuízo do despedimento do anterior xerente da empresa, como parte da documentación, mais os traballadores non tiveron acceso a el nun primeiro momento. Co tempo, o plan transcendeu. No mesmo debúxanse tres posíbeis guións para o peche segundo as respostas dos traballadores, prepáranse os argumentos a empregar, calcúlase o custe e amáñanse os argumentos xurídicos –que chegan a incluír unha ficción de perdas económicas que xustificarían o peche. “Pero as perdas non existen –sinalou o responsábel do metal da CIG, Miguel Malvido–, manipularon as cifras para indicar que habería perdas en 2004, máis perdas en 2005 e así sucesivamente”.

Da lectura da documentación da empresa extráese que a planificación deste peche ten unha compoñente de secreto e de falta de información ás partes implicadas, con anuncios de plans que agachan outras intencións que se desvelarían posteriormente. Así, na súa exposición sinala que determinada situación “nos obrigaría a descubrirnos nun momento no que non estaríamos preparados para iso”.

No plan de peche de *Valeo* que saíu deste documento interno da empresa tamén sobresaen outras dúas cuestións: por unha banda a conciencia da compañía de que autoridade laboral pode ser un obstáculo importante no desmantelamento industrial da factoría ourensá e, pola outra, que a eventual colaboración do sindicato UGT pode resultar útil para os proxectos de clausura –neste sentido chega a propoñer nunha das etapas “un acordo confidencial co ou cos sindicatos”.

O acordo, finalmente chegou, mais fíxoo de forma transparente o martes 25 de xaneiro, cando a UGT asinou un preacordo en solitario coa patronal que implica a celebración dun referendo entre os traballadores, posto que os sindicatos minoritarios no comité non respaldan este compromiso.

O preacordo despedir aos traballadores de menos de 55 anos e inemnizalos, prexubilar aos que teñen menos de 60 anos e pagarlles o 86% do salario e

## De *Citröen* a *Valeo* pasando por *Labinal*

O proceso vivido pola fábrica de *Valeo* iníciase en 1976 e pon de manifesto o procedemento levado a cabo pola industria automobilística para deslocalizar a produción aínda que non se rexistraban perdas. Así, é en 1976 cando *Citröen Hispania* inaugura unha planta de produción en Ourense. A factoría é auxiliar da fábrica viguesa de automóbiles e dedícase a facer compoñentes de automoción.

En 1985 créase un obradoiro para facer cableado dentro das instalacións de *Citröen* en Ourense. Aos poucos prodúcese a especialización da factoría.

En 1989 estoupa un conflito cando *Citröen* planifica desfacerse da súa planta ourensá. A intención da multinacional francesa é inicialmente pechar a factoría, mais remata vendéndolla a *Labinal*, que crea a filial *Labauto Ibérica, S.A.* dentro da súa división de cableado *Sylea*. Na venda, parte dos traballadores trasládanse a Vigo, á planta de *Citröen*, e os restantes vense na obriga de quedar nas mans da nova propietaria.

En setembro de 2000, *Labinal* véndelle a *Valeo* a súa división *Sylea*, co que tamén se queda con *Labauto*, que nese momento xa tiña factorías en Catalunya e Galiza. Tras a adquisición, *Valeo* faise con toda a cota de mercado que tiña *Sylea* e comeza a pechar factorías para desviar a produción a lugares nos que a man de obra é máis barata. Primeiro caen as plantas catalás, agora a ourensá e, denuncian os traballadores, ben logo o Porriño.♦

prexubilar aos maiores de 60 e pagarlles o 95% do soldo.

**As auxiliares en peores condicións**

A pesar da preocupación que manifestan os traballadores en relación co seu posto de traballo, hai colectivos que están en peor situación. Un exemplo constitúeno os membros da *Cooperativa Romaní*, unha empresa de traballo social que producía en exclusiva cableado para *Valeo* e que, ao quedar sen pedimentos, queda sen actividade e sen fonte de financiamento para pagar os salarios.

Charo González, unha das traballadoras da *Cooperativa Romaní*, lembra as orixes desta empresa. "Eramos un grupo de exclusión social, de modo que se constituíu a cooperativa. Primeiro entraron a traballar xitanos, despois mulleres e paios en situación de exclusión", sinala Charo. Esta empresa naceu no ano 96 apadriñada polo concello de Ourense, mais, denuncia esta traballadora, "desde aí non procuraron clientes alternativos a *Valeo*, de modo que estamos sen traballo sen dereito ao subsidio do paro porque somos autónomos".

Como non haxa unha solución inmediata, a *Cooperativa Romaní* está abocada ao peche. Con todo, os seus corenta e seis traballadores están abertos a calquera nova actividade. "Podemos fabricar o que nos pidan, só necesitamos traballo, porque levamos un ano con restrición de persoal", sinala Anxos Castiñeiras, outra das integrantes desta cooperativa.♦

# A desindustrialización inclúe máis empresas

*Mobles Cordeiro*, *Construcións Caride*, *Construcións Irmáns López*, *Aixiña*, *Cerámicas Galos* e *Cedie* son outras das empresas que atravesan unha seria crise e están a piques de pechar.

"Nós somos un colectivo de dezaseis persoas despedidas da nosa empresa", explica unha das traballadoras de *Cerámicas Galos*, unha compañía propiedade de Francisco Pérez que o pasado un de decembro lles comunicou que quedaban de vacacións até o 13 de decembro. Á volta, díxolles que quedaban "eximidos de ocupar o posto de traballo até novo aviso". De momento, a empresa adebédalles tres mensualidades e manifestou a súa intención de levar adiante un expediente de regulación de emprego. "Pretende que o Fondo de Garantía Salarial pague vinte días por ano traballado e el outros sete, cando tería que pagar corenta e cinco días. Ademais, escolleunos ás persoas con máis antigüidade da empresa, coa pretensión de que o *Fogasa* lle pague os despedimentos", denuncia a traballadora que fala anonimamente.

A *Cerámica Galos* despediu a dezaseis traballadores e pretende pagar unhas indemnizacións de sete días por ano traballado.

Os traballadores de *Galos* denuncian que o empresario está detrás da deslocalización desta empresa. "El di que a mercancía vén da China, pero o que acontece é que vén dunha empresa súa que ten alí", sinalan. De todos xeitos, por moito que denuncien as prácticas do seu xefe, sospeitan que "non hai cartos en branco para pagarnos".

***Mobles Cordeiro***

*Mobles Cordeiro* representa outro exemplo de empresa desmantelada recentemente en Ourense. Tras varios meses sen cobraren, os seus 50 traballadores marcharon á rúa. Previamente, no mes de setembro de 2004, a compañía quedara sen actividade porque, segundo denunciaron os empregados, a dirección eludiu procurar carga de traballo.

No longo proceso de crise de *Mobles Cordeiro* a dirección da empresa chegou a ameazar aos traballadores co recurso á Nova Lei Concursal e pechar a empresa pagando aos traballadores unicamente vinte días por ano traballado cun límite igual ao salario anual.

As mobilizacións dos traballadores non serviron para que a autoridade laboral impedise este peche. O sindicato CIG considera, porén, que a empresa tiña viabilidade produtiva e por iso demandou sen éxito a intervención da autoridade laboral para garantir a súa continuidade.♦

A CIG convocou un acto no que non participaron UGT e CCOO

# Tres mil persoas manifféstanse a prol da industrialización de Ourense

**O pasado venres 21 de xaneiro tiña lugar en Ourense unha manifestación a prol da industrialización debido á crise que atravesan numerosas empresas da comarca. Tres mil persoas participaron na mobilización convocada pola CIG que integraba a varios colectivos de compañías a piques de desaparecer ou xa pechas.**

A importancia que a CIG lle outorga á industrialización de Ourense ponse de manifesto coa presenza de destacados dirixentes desta organización na mobilización do venres 21 de xaneiro. O secretario xeral do sindicato, Xesús Seixo, o secretario da Federación do Metal da CIG, Miguel Malvido, estaban entre os presentes. Tampouco faltaron líderes comarcais da central e representantes doutras localidades.

"En defensa do emprego en Ourense. Industrialización" era o lema que figuraba na pancarta que encabezaba a manifestación do 21. O acto partiu do pavillón dos Remedios ás once e media da mañá e concluíu diante da Subdelegación do Goberno unha hora máis tarde.

Tres mil persoas acudiron á convocatoria da CIG. A desaparición nuns poucos meses de cincocentos postos de traballo motivou unha mobilización que non secundaron UGT e CCOO, ao "antepoñer criterios sindicais dirixidos desde Madrid", como sinalou ao remate do acto o membro da dirección comarcal da central nacionalista, Carlos Vázquez.

No acto sobranceaban os traballadores de *Valeo*, mais tamén estaban presentes empregados doutras empresas en crise como a *Cerámica Galos* ou a auxiliar de *Valeo*, *Cooperativa Romaní*. Tanto uns como outros portaban pancartas alusivas á situación das súas compañías e berraban consignas a prol da industrialización da comarca.

Ao remate do acto, o membro da dirección comarcal da CIG en Ourense Carlos Vázquez leu un comunicado no que sinalou que a súa central "viu a necesidade de dar unha resposta sindical para denunciar esta realidade" de crise. O sindicalista sinalou que "Ourense padece unha situación endémica, desde hai moitos anos, en canto á creación de postos de traballo". Desa situación responsabilizou ao PSOE e ao PP como "sustentadores dos gobernos da provincia, Galiza e estatal, que teñen a capacidade para facer a política de investimentos necesaria para mudala".

O acto partiu do pavillón dos Remedios e rematou diante da Subdelegación do Goberno.

Carlos Vázquez tamén lembrou que o ano 2004 rematou cun rexistro de 18.300 parados, "que se vai incrementar" cando entren nas estatísticas os das empresas agora en crise. Ademais, o sindicalista sinalou que o "paro é un problema social que provoca máis precariedade laboral, despoboamento e emigración". Por último indicou que "a deslocalización pode continuar no sector da industria téxtil", un eido laboral moi relevante en Ourense.♦

Nº 1.161 ● Do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2005 ● Ano XXVIII

## O proceso afectará á tramitación dos demais estatutos

# O Congreso rexeitará a reforma vasca sen discutila

**B. LAXE**

**Admisión ou rexeitamento. Así tramitará o Congreso a reforma do Estatuto vasco. Unha soa sesión para rexeitalo o 2 de febreiro. Logo terá que decidir o Tribunal Constitucional. O proceso afectaralle á reforma dos demais estatutos, incluído o galego.**

"Reflexionouse o efecto que pode ter o precedente vasco para a aprobación das reformas dos demais estatutos?", pregúntanse Javier Pérez Royo, catedrático de Dereito Constitucional en *El País*.

O profesor da universidade de Sevilla e *tertuliano* da cadea *Ser* é un dos xuristas que afirman que a decisión adoptada pola mesa do Congreso de debater a reforma do Estatuto presentada polo parlamento vasco nunha soa sesión é anticonstitucional. Decisión que levou a que PNV, EA e Izquierda Verde demanden do Constitucional que suspenda o pleno fixado para o 2 de febreiro para debater o denominado "Plano Ibarretxe".

Segundo esta tese, "unha norma xurídica ten que ser ditada por un órgano seguindo un determinado procedemento e unicamente pode ser modificada ou derogada seguindo o mesmo procedemento".

Polo tanto, os estatutos de autonomía teñen que ser reformados por órganos idénticos e seguindo o mesmo procedemento que levou á súa tramitación. A Constitución fixa ese procedemento para aprobar os estatutos e, polo tanto, habería que seguir idéntico camiño lexislativo para modificalos.

Un regulamento da presidencia do Congreso de abril de 1993 desenvolveu o protocolo para o suposto das reformas estatutarias das comunidades históricas, que equipara a súa tramitación destas autonomías que acadaron o estatuto polo denominado artigo 151, ás demais que accederon pola vía do 143.

Non se contempla así un proceso de negociación entre estas comunidades históricas e o Estado durante a tramitación do proxecto como lei polas Cortes. Pero nas comunidades históricas a tramitación dos estatutos é debatido primeiramente pola Comisión Constitucional do Congreso, contemplando o proceso de negociación entre a citada comisión (lémbrese da *aldraxe* galega) e o parlamento que propón o Estatuto.

Carme Chacón é Manuel Marín, vicepresidenta e presidente do Congreso, únicos representantes institucionais que recibiron a proposta do novo estatuto vasco.

As Cortes Xerais soamente intervirán se non existe acordo entre a comisión institucional do Congreso e a delegación do parlamento propoñente. Neste caso tramitarán o proxecto do estatuto como proxecto de lei, ou, unha vez aprobado o texto en referendo, para a súa ratificación como lei orgánica.

O Congreso opta agora por un debate en totalidade do proxecto aprobado polo parlamento vasco, cando non se enviou un proxecto de lei, senón un texto para comezar o proceso de reforma estatutaria.. O que especifica o Plano Ibarretxe son os termos nos que se demanda a negociación.

Con este procedemento aprobado polo PSOE e PP impídese o debate. Un debate ao que xa se negaron no parlamento vasco afirmando que era inconstitucional, cando o goberno ten capacidade para presentar no parlamento unha reforma estatutaria, como sentenciou o Tribunal Constitucional.

Catro anos estiveron PP e PSOE, co apoio de HB, negándose a participar no trámite estatutario pensando que non ía ser aprobado. Agora colleunos por sorpresa e non saben como saír. Cando se presente o texto catalán tamén o aprobarán sen discusión segundo sexa remitido polo parlament catalán como prometeu Zapatero?♦

# *Eliminación*

**FRANCISCO RODRÍGUEZ**

Hai en política detalles significativos. Moitas veces, polo seu carácter normativo, indican aspectos moi fondos da concepción, actitude e deseño que se ten a respecto dun país, dunha sociedade. Os galegos debiamos de nos fixar máis neles. Alumean cal é o noso problema de fondo, cales son as nosas deficiencias e como están dispostos a aproveitarse delas, afondándoas para que nunca poidamos ser outra cousa, como pobo, que o que somos hoxe. Sempre me chamou a atención como, nas conversas coloquiais en contextos madrileños, os galegos e Galiza resultamos "simpáticos". A seguir, como non, xorde o marisco, a comida e a paisaxe. Efectivamente, non amolamos, segundo parece, a ninguén neste estado de postración e baixo perfil político no que nos teñen sumido desde fóra e desde dentro. Claro que esta simpatía non ten efectos prácticos na consideración e no respecto, máis ben ao contrario: é a máis poderosa expresión compensatoria da eliminación e non sei se dun desprezo soterrado. En todo o caso, laboran arreo para consolidar o *statu quo*. É por iso que para ceder a unha demanda galega non contemplada no deseño do Estado hai que facer o duplo esforzo que para ceder a outra de calquera das nacións ou rexións.

Neste mes de xaneiro, asistín, en gratitude ao seu autor, Xosé Luís Gómez, ex director de *La Voz de Galicia*, á apresentación en Madrid do seu libro de entrevistas cos 17 presidentes de comunidades autónomas e o ministro das Administracións Públicas, Jordi Sevilla. O acto realizouse na Casa de América nun dos seus elegantes salóns. Sevilla interviu antes do autor, para subliñar que el era tamén un dos entrevistados, e que representaba o conxunto, a España, a súa visión global, a do "Gobeno", con maiúsculas. Aludiu ao caso catalán, ao caso vasco, ao caso andaluz, nesta nova conxuntura política de reformulación do Estado, en primeira instancia. Nunha segunda instancia, apareceron na súa boca Extremadura, Valencia, Canarias… Nin unha palabra sobre Galiza, embora o autor das entrevistas fose un galego, ex director dun dos xornais de maior tiraxe do Estado español. En primeira fila escoitaba, pousón e reconfortado, Xosé Luís Méndez Rumeu, secretario de Estado, un galego ao servizo de España. Xosé Luís Gómez, dignamente, falou na sua intervención do seu país, da posbilidade dun cambio nas eleccións de outubro de 2005; non obviou a existencia do nacionalismo galego, o BNG, e as súas demandas; cualificou a Fraga como o presidente autonómico con máis perspectiva histórica, non sen un chisco de ironía, pola súa permanencia como político oficial desde o franquismo e pola súa concepción de España, como nación única existente desde hai cinco séculos. Xustamente, a mesma concepción que acababa de exteriorizar Sevilla, para quen España é tamén unha nación secular… Ao cabo, saudei o meu compatriota, agradecinlle o seu exercicio de dignidade e xa na rúa fun remoendo na cabeza o deseño eliminatorio, nada casual. Nin que dicir ten que os xornalistas da Corte centraron as perguntas no ministro e aproveitaron para exercer a súa españolidade nunha escada directamente proporcional á sua agresividade contra o Plano Ibarretxe…

Xa nesta semana volvín a Madrid para participar no Programa de TVE, "Parlamento", sobre o Tratado Constitucional Europeo. Fun apresentado como Francisco Navarro (sic) e saudado cun "buenos días". Puxen cara de desaprobación e aludín con sarcasmo á miña condición nacional galega. A apresentadora rectificou o seu erro, mais tivo que ser o técnico que dirixía a gravación quen ordenase comezar de novo para que o público non fose coñecedor deste "lapsus". Mais, na repetición como tampouco antes, tiven dereito a un "bon día", na lingua de Galiza. Margarida Uría foi saudada cun "egunon" e Jordi Jané e Tardá co "bon día" catalán. Xa no coche de volta ao congreso, Tardá comentábame indignado esta discriminación e verificaba até onde chegaba o deseño eliminador. Claro, amigo, este é o deseño, que, ademais, o viven con naturalidade. Para maior *inri* contan con colaboracionistas internos que se comportan con unha indignidade agresiva contra a lingua e cultura do país e os seus mínimos de autogoberno. Naturalmente, para o deseño Galiza é Paco Vázquez e a sua violencia autonegadora. Mellor que non cambie…♦

Gonzalo

# *Acebes e Bono ou a usura das mortes*

**M.V.**

No único libro que publicou, pouco antes de morrer o pasado 30 de decembro, Alberto Méndez facíalle dicir a unha das súas personaxes: "Aínda que todas as guerras se pagan cos mortos, hai tempo que loitamos por usura". Méndez, estudante antifranquista canda novo e editor recoñecido despois, escribíu sobre a guerra civil. Consideraba que máis que derrotar a Fronte Popular e a súa política, o exército de Franco desexaba "matar rojos", porque iso proporcionáballe gloria. Case setenta anos despois a situación deu un xiro fundamental. Felizmente ninguén se vanagloria xa de matar, mais de modo lamentábel a usura segue a exercerse, agora através do vitimismo. Velaí dúas asociacións de vítimas do terrorismo, cada unha identificábel cun dos dous grandes partidos, en competencia entre si. A escea protagonizada por Bono, ocupando un espazo que outros consideraban propio até chegar ao insulto, retrotráenos á usura denunciada por Méndez: "sen mortos, non habería gloria". Outro tanto ocorre cos manifestantes pro-ETA capitalizando, con fotografías e homenaxes, a gloria dos seus mortos e presos. Dramática utilización da dor polos que hoxe seguen procurando, non xa gloria (concepto querido das ditaduras), senón votos (fonte lexitimadora das democracias). Loita partidista que utiliza as vítimas pasadas e esquece o que debería ser o obxectivo político fundamental: a procura de que non haxa máis vítimas no futuro.♦

Nº 1.161 ● Do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2005 ● Ano XXVIII

## Os EE UU viven o peor escenario previsto

# Os candidatos iraquís no anonimato

**A.N.T.**

**A violencia xeneralízase no Irak, ás portas das eleccións. As baixas norteamericanas increméntanse e os candidatos electorais seguen no anonimato por temor ás represalias.**

Trinta e sete mortes norteamericanas en dous días obrigaron o *New York Times* a recoñecer que a violencia renacía e se extendía no Irak. É un modo de difuminar o que xa constitúe un grave problema humano para o exército dos Estados Unidos. Precisamente, esta última semana, Bush solicitaba 61.000 millóns de euros máis a fin de fortalecer a posición do seu país en territorio iraquí. A enorme cifra pode poñer en perigo os planos de reducir o déficit público nos próximos tres anos. Este déficit representa un dos problemas máis serios aos que debe enfrontarse a actual administración. De paso, para as persoas de certa idade, a petición de máis medios comeza a lembrarlle os últimos anos sesenta, no momento da escalada en Vietnam, cun McNamara solicitando a cada pouco un novo esforzo económico e humano para a guerra.

Esta situación pon tamén ao descuberto a escasa importancia da alta tecnoloxía militar nunha guerra non convencional. Algúns analistas, aínda que polo de agora minoritarios, comezan a dicir que no canto de avións avanzados, satélites espías e informática de alto custo, o que se precisa no país árabe é máis soldados. Abonda un exemplo, a emblemática e fundamental autoestrada que une a capital, Bagdad, co aeroporto carece dun control permanente norteamericano, o que dá lugar a que os insurxentes poidan planificar nela calquera tipo de atentado. Pero un aumento significativo de soldados, que realmente modificase a situación, só podería realizarse cunha volta ao servizo obrigatorio, un tema que polo de agora non se quere tocar.

Outro elemento clave, vinculado ao anterior, é a ansiedade na que viven as tropas. O problema non radica no tempo de estancia no país, algo que non é novo, senón na inexistencia de lugares de retagarda tranquilos nos que poder descansar. A explosión recente nun comedor militar que causou a morte de máis dunha ducia de marines é un exemplo desta inseguridade permanente. Ademais, o exército ten dificultades para encontrar persoal de servizo e mantemento entre os nativos que lle resulte fiábel. Tampouco hai moita fe no novo exército nin na nova policía.

### O inimigo invisíbel

Os soldados máis entusiastas séntense frustrados ao non se poder enfrontaren a un inimigo concreto (coa excepción talvez de operativos como o de Faluia), véndose obrigados a permanecer sempre pasivos, pero en garda, fronte a un inimigo que ataca de forma imprevista e desaparece, seguindo as máis antigas tácticas de guerrilla. Esta dinámica vén sumarlle nerviosismo aos demais temores que aniñan a cada máis entre a tropa.

A situación na maioría das zonas do país é de inseguridade e odio crecente aos norteamericanos. Moitas vías rexionais apenas son visitadas de cando en vez por algún convoi de soldados. Os xornalistas tamén ven moi condicionado o seu labor polo medo a seren atacados, de modo que o que sabemos da guerra e da situación real non pode ser moito. En todo caso, os datos coñecidos indican que se están a cumprir os peores vaticinios realizados hai un ano polos críticos da intervención. En concreto, Francia, que agoirara unha situación inestábel, ve confirmadas todas as súas predicións, aínda que Chirac opta agora polo silencio e por cerrar as fendas diplomáticas co veciño da outra banda do Atlántico.

**'O exército norteamericano sufriu 37 baixas en só dous días.**

A gran clave da guerra atópase, en todo caso, no petróleo. As enormes reservas do país seguen a ser un negocio cobizado, pese á violencia. Mais, a gravedade do conflito impide aínda a esta altura que a maioría dos pozos volvan traballar a pleno rendemento. Ademais, as empresas que os están a explotar son grupos secundarios que aceptan a inseguridade, aínda que carecen da tecnoloxía precisa para poñeren todos os complexos afectados de novo en marcha. As grandes compañías agardan que o conflito amaine e tamén que se asente un novo goberno que poida ofrecer garantías xurídicas. Os Estados Unidos agardaban poder financiar os enormes gastos da intervención grazas aos pozos petrolíferos. Ademais están as mortes, pero a marxe de paciencia do país non parece aínda terse esgotado. Certo que o antibelicismo medra. Nove mil intelectuais veñen de asinar estes días un texto moi crítico co presidente e coa guerra. Pode ser un problema no futuro próximo se a situación non mellora. ♦

**COUSAS DO MUNDO** — **ROI CAGIAO**

# Homenaxe ao papel como tradutor de Plácido Castro

**R.V.A.**

A VI Conferencia Anual Plácido Castro rendeulle homenaxe ao papel como tradutor desempeñado por este polifacético personaxe. A homenaxe deste ano levou por título *Significado e importancia de Plácido Castro no panorama da tradución en Galicia*. Interviñeron Valentín Arias e Alberto Lugrís. Ambos os dous discursos puxeron de relevo a importancia que tivo Plácido Castro na achega de textos europeos á nosa fala, especialmente das illas británicas.

"O galeguismo sensato de Plácido Castro ten os alicerces en dous conceptos fundamentais e inseparábeis do seu pensamento: a saudade e o celtismo", explicou Alberto Lugrís. Castro era un firme defensor da colaboración entre as chamadas nacións celtas. O propio Lugrís lembrou que en 1928 nas páxinas d´*A Nosa Terra* afirmaba que "a orientación cara as terras célticas do Norte ten que ser unha parte esecial, a máis importante, do que puidesemos chamar a nosa política exterior intelectual". Ademais de tradutor, Plácido Castro foi Secretario de relacións internacionais do Partido Galeguista e representante deste no Congreso das Nacionalidades Europeas. Tamén traballou como xornalista e correspondente en Irlanda e Inglaterra. ♦

**Aquí fóra**

# *Festa da Primavera: o 'Galo' polas nubes*

**XULIO RÍOS**

A vitoria da oposición nas eleccións lexislativas de decembro último en Taiwán, semella ter reconfortado a diplomacia chinesa, máis partidaria agora de afondar na vella estratexia do pau e a cenoria. A lei antisecesión que promove Beijing pensando en como cortarlles o paso aos soberanistas de Taipei, responde á primeira variábel. En marzo, cando se reúne o parlamento chinés en sesión plenaria, vai declarar anticipadamente que toda proclamación de independencia de Taiwán é ilegal, autoimpoñéndose a obriga de asegurar a reunificación pola forza se os independentistas van demasiado lonxe. Que logo non digan que os chineses non aprenden a conducirse pola senda das leis.

Chen Shuibian, o Presidente taiwanés, cualificou este propósito de disparatado e un intento de modificar unilateralmente o *statu quo* existente. Chen Yulin, director do Departamento de asuntos taiwaneses en Beijing foise correndo a Washington a explicarlle ao novo Consello de Seguridade Nacional dos EE UU que esta iniciativa non pretende tal cousa, senón todo o contrario, reforzar o *statu quo*. Non se trata, di Chen, dunha lei de reunificación senón dunha norma contra a hipotética declaración de independencia.

En paralelo, todo foron facilidades para negociar un acordo que permitise os voos directos entre Taiwán e a China con motivo do novo ano lunar, a comezos de febreiro. Facilidades que foron politicamente capitalizadas polos deputados da oposición, pois a iniciativa fíxose pública despois de que unha delegación de parlamentarios da illa cumprimentase a Chen Yulin. Entre os asistentes atopábase John Chang, o único neto que aínda queda de Chiang Kaishek. Cómpre lembrar que en 2003 houbo un ensaio, pero os voos organizados desde Shangai tiñan que dar unha volta por Hong Kong ou Macau reducindo o interese destes voos tanto en termos de tempo aforrado como de custo de billetes. Ademais, soamente participaban empresas taiwanesas e os voos regresaban baleiros aos seus puntos de recollida no continente. Desta vez, despois de 40 anos, os avións comerciais poderán ir dun punto a outro sen necesidade de facer escalas. Ademais, súmanse os aeroportos de Beijing, Guangzhou, Xiamen e Shenzhen. Segundo a consultora internacional Standard ans Poor's, estes servizos presaxian a apertura de vínculos de transporte directo entre Taiwán e China continental. Pero non será para mañá mesmo.

**'Desta vez, despois de 40 anos, os avións comerciais poderán ir de Taiwán á China sen necesidade de facer escalas"**

Durante a Festa da Primavera, a máis importante do calendario chinés, que se inicia co novo ano lunar, do Galo nesta ocasión, entre 600.000 e 800.000 taiwaneses asentados no continente por razóns comerciais demandan voos para reunirse coas súas familias durante uns días. Beijing, a diferenza do ano pasado por temor a favorecer a Chen nas eleccións, adiantou a súa boa disposición, pero coa condición de que a negociación fose "apolítica", é dicir, cos parabéns de ambas as administracións pero conducida polas organizacións profesionais de ambas as partes, cun reparto igual de voos especiais, tráfico de ida e volta, sen parada, con aparatos dos dous lados. Chen tivo que ceder ás presións profesionais e da oposición e os voos levaranse a cabo entre o 29 de xaneiro e o 29 de febreiro. Tratase dun acordo certamente histórico pois a situación de paz fría impera aínda entre as dúas Chinas e, como consecuencia diso, dende hai máis de cinco décadas ningún avión do continente aterrara en Taiwán. ♦

**XULIO RÍOS é director do IGADI (www.igadi.org)**

## *Aspirantes a bípedos*

GUSTAVO LUCA

**A intervención de tropa de asalto británica na queima de Faluia, casa por casa, patio por patio, con bala de uranio (un lóstrego de 2.000 graos, un inferno que dura un segundo) representa un paso máis na recuperación do decorado colonial inglés.**

**O clásico era tratar as revoltas populares contra a ocupación con armas desproporcionadas. Civilización, técnica e saber positivo imperial contra os bárbaros, o que Mark Curtis chama *unpeople* ou xente por fóra da condición humana, supernumerarios da especie ou, como dicía Eduardo Blanco Amor, aspirantes a bípedos.**

**Non hai tanto. Poida que na infantaría británica que cachiza hoxe os muros de tixolo da cidade santa de Faluia haxa fillos dos británicos que arrasaron Kenia nos 50 para acabar cos crimes do Mau Mau que facían perder a moderación á prensa seria de Londres. Caníbales contra cristiáns, terroristas da superstición e da ignorancia contra soldados heroicos de vacina, DDT e biblia no macuto. Hai tempo que se sabe que o exército colonial cortaba orellas (práctica atribuída falsamente ao Mau Mau) mataba por flaxelación (práctica atribuída de vello ao imperio, e non desmentida) ou regaba un grupo de sospeitosos con gasolina (os amoreados de Abu Ghraib, que casualidade) para chantarlles lume. A tropa británica matou dez mil kenianos. Ao Mau Mau colgáronlle cincocentos mortos. A proporción ponderada é parte da civilización.**

**O goberno de Londres nunca tolerou que se falase de revolta nacionalista en Kenia. Trataban con terroristas, igual que agora no Iraq. O levantamento de Malaisia para impedir o latrocinio do caucho tamén foi cualificado como terrorismo aínda que en papeis do goberno por fin librados recibe o nome inequívoco de reclamación nacional.**

**Claro que tamén non é preciso viaxar a Malaisia ou Kenia para repoñer as cores do decorado imperial: no Iraq, en 1920, o exército colonial matou dez mil na revolta popular contra a *Iraq Petroleum Company* polo civilizado sistema de metrallalos dende avións de caza. O primeiro Estado iraquí nace despois daquela carnizaría.** ♦

# Fernando M. Randulfe

## 'Nas democracias occidentais segue practicándose a tortura'

RUBÉN VALVERDE

**É un histórico avogado laboralista de Vigo e foi deputado por Esquerda Galega en dúas lexislaturas. Como presidente do Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades, Esculca, explica a proposta de varias asociacións civís para controlar a tortura en España.**

PACO VILABARROS

**En que consiste a iniciativa de Esculca sobre a tortura?**

Xunto con máis dunha vintena de asociacións de toda España estamos traballando para que o Goberno asine e ratifique o Protocolo Facultativo contra a Tortura aprobado pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas a finais do 2002. O executivo dixo daquela que ía ratificar dito protocolo, mais non o fixo. O noso obxectivo é presionar para que se poña en marcha este tratado xa que establece mecanismos reais e prácticos para previr a práctica de torturas, malos tratos e condutas inhumanas nas cárceres, comisarías, centros de retención de emigrantes e todos aqueles lugares onde un cidadán poida ser privado de liberdade. O Protocolo das Nacións Unidas establece que unha comisión pertencente á sociedade civil, non vencellada a ningún grupo político ou gobernamental, sexa a encargada de vixíar o tratamento que se lle dá ás persoas detidas.

**Hai datos de que existe tortura en España?**

O Relator Especial da Comisión de Dereitos Humanos da ONU, Theo Van Boven elaborou un estudo no que concluía que a tortura segue a existir en moitos lugares de Europa e tamén no Estado español. Recoñece que hoxe non é unha práctica sistemática pero que o funcionamento do sistema permite que se cometan actos de tortura particularmente con persoas que son arrestadas e incomunicadas en conexión con actividades relacionadas co terrorismo. Por este motivo pedimos que se abola o rexime de detención incomunicada, que se garanta o dereito das persoas detidas a ter acceso a un avogado e a ser visitados por un médico da súa elección, garantir o dereito da familia a ser informada do arresto e do lugar de detención, gravar preferiblemente en vídeo os interrogatorios con identificación de todas as persoas presentes, prohibir explicitamente prácticas como a de cegar a persoa detida, investigar efectivamente as denuncas de tortura e malos tratos, procedendo á suspensión dos axentes denunciados durante a investigación e, por último, adoptar as medidas legais necesarias para garantir que as vítimas de tortura sexan debidamente recompensadas.

**A saída á luz pública das prácticas dos cárceres de Abu Graid en Irak poden axudar a que o Goberno asine o tratado da ONU?**

Guantánamo ou Abu Graid son só a punta dun iceberg, pero serviron para demostrar que as torturas siguen sendo algo habitual en moitos países do chamado mundo occidental. As organizacións civís deben velar porque a democracia sexa transparente e que as liberdades sexan efectivas. Existe unha asociación no Reino Unido chamada State Watch que investiga para que os poderes públicos non cometan abusos. De feito veñen de posibilitar que se aprobara unha lei pola cal o Estado británico ten que poñer a disposición dos cidadáns gran cantidade de información que antes mantiña en secreto. Tamén foron os que descubriron que nos cárceres ingleses do Irak se estaban a cometer toruras. No estado español cómpre poñer en funcionamento un movemento cívico semellante que controle os poderes públicos.

**Tamén lle enviaron unha carta ao presidente da Comisión Europea, Durao Barroso, polo nomeamento en Estados Unidos de Alberto Gonzáles como Fiscal Xeral (Ministro de Xustiza).**

Consideramos que este nomeamento é unha burla á democracia xa que Alberto Gonzáles foi o responsábel de idear o programa de torturas que se levaron a cabo en cárceres como Abu Graid ou Guantánamo. Lonxe de retractarse das acusacións, Gonzáles afirmou que os Estados Unidos non tiña obriga de cumprir os acordos de Xenebra porque neste caso a tortura se lle estaba a aplicar a un inimigo. Como se os acordos se fixesen para serlle aplicados a un amigo. O que lle pedimos a Durao Barroso é que Alberto Gonzáles sexa declarado persoa non grata en Europa, como medida de presión para que o presidente Bush saiba que non conta co beneplácito da Unión neste nomeamento. ♦

# A *Asociación Galiza por Palestina* nace co respaldo de nacionalistas e esquerda

**A.N.T.**

A asociación Galiza por Palestina deu a coñecer en Santiago o seu carácter de portal de solidariedade coa nación ocupada e exiliada nun acto que contou co respaldo de nacionalistas e partidos de esquerda. A presentación tivo como centro un discurso do representante da Organización para a Liberación de Palestina (OLP) Mohamed Safa no auditorio do hotel Araguaney.

Para Safa, o camiño da paz non está franco despois da desaparición de Iasir Arafat como anticipaban os media occidentais porque o interlocutor dos palestinos é un Estado que depende da tropa de ocupación para manter os seus argumentos de democracia. Despois da frustración das intermitentes propostas de paz promovidas nos últimos 40 anos a pregunta é cal é o contido do debate da paz nesta hora na que o discurso dominante traslada a Palestina a responsabilidade plena do acordo mentres elude citar os colonos, a preminencia da industria militar e a mensaxe de violencia preventiva.

Despois do 11 de setembro a loita do pobo palestino perdeu especificidade, no criterio do representante da OLP, e foi integrada no contexxto dunha batalla xeral contra o terrorismo. De feito, a humillación colectiva, o racismo explícito que nega á resistencia árabe carácter político e o esforzo da propaganda o que trata é de negar a orixe mesma do conflito. Cando non se quere a paz o mellor é presentar unha iniciativa de paz, interpreta Mohamed Safa ao recontar 84 propostas de paz na historia contemporánea de Palestina. A aspiración de Palestina é un espazo de liberdade. Coa discusión sobre o territorio concreto trata de eludirse a substancia da soberanía palestina, recortada polo muro, a desposesión sistemática e a humillación diaria de 365 pasos controlados que fan imposíbel a vida.

Na mesa da primeira reunión de Galiza por Palestina sentaron Maribel Álvarez, en representación da organización, Al Jaber, da Fundación Araguaney; Harim Kassem da Asociación de Amizade Galaico-Árabe e o citado Mohamed Safa ademais de Tareixa Navaza, que actuou como moderadora.

Unha primeira relación de cen sinaturas avalaba o nacimento de Galiza por Palestina coa presenza de moitos deles coma a deputada do BNG Salomé Álvarez, a escritora Elvira Souto, Mariano Abalo, voceiro da FPG, ou Xerardo Abraldes, secretario comarcal da CIG.

Galiza por Palestina no lugar galizaporpalestina@hotmail.com e no apartado de correos 2083. 15080 (A Coruña). ♦

# plan Galicia

## Principais actuacións




* Consello da Xunta do Galicia (23-1-03) / Consello de Ministros en A Coruña (24-1-03)

**MOCIÓN APROBADA POR UNANIMIDADE POLO CONGRESO E O SENADO**

22 de xuño de 2004

### Estradas

| Actuación | Finalización |
|---|---|
| Autovía do Cantábrico | 2007-2008 |
| Autovía Lugo - Ourense | 2008-2010 |
| Autovía Lugo - Santiago | 2008-2010 |
| Conexión Aeroporto de Santiago | 2004-2005 |
| Conexión porto de A Coruña | 2005-2006 |
| Autovía Pontevedra - A52 | 2010 |
| Autovía Chantada - Monforte | 2010 |

### Camiños de ferro

| Actuación | Finalización |
|---|---|
| Eixo Atlántico | 2007 |
| AVE Ferrol - A Coruña | 2009 |
| AVE Vigo - fronteira portuguesa | 2009 |
| AVE Santiago - Ourense | 2009 |
| AVE Ourense - Lugo | 2009 |
| AVE Transcantábrico | 2012-2014 |
| AVE Lugo - A Coruña | 2012-2014 |
| AVE Ponferrada - Monforte | 2012-2014 |

**Xunta de Galicia. Estradas. 29 actuacións.**
Todas rematadas en 2005 / 2008

# Unha obriga, un dereito

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para as Relacións coos Medios Informativos

Nº 1.161 ● Do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2005 ● Ano XXVIII

*Só o Rácing de Ferrol se adaptou á segunda división*

# Vinte e un partidos para facer os deberes

CÉSAR LORENZO GIL

**A segunda división ten menos luz pero iguais obrigas que a primeira. Celta, Rácing de Ferrol e Pontevedra chegan á segunda volta co estrés de ter todo por facer. Só o equipo verde parece encarreirado, xa perto da puntuación que garantirá a súa presenza na elite o ano que vén.**

Tres equipos galegos novos na categoría. Tres sensibilidades e afeccións moi diferentes, con obxectivos distintos e dispares maneiras de entender a relación entre bancada e equipo. Tres clubs que non se semellan case que en nada e unha competición moi complexa que racha calquera previsión no intre no que comezan os partidos.

O único equipo galego que entendeu a segunda división até agora foi o Rácing de Ferrol. Os irmáns Veiga, malia seren novos no fútbol profesional, souberon herdar o espírito colectivista e sacrificado do seu antecesor, Luís César Sampedro, ao mando técnico do equipo.

A derrota do pasado 22 de xaneiro diante do Éibar non empaña unha primeira volta moi boa. Os verdes crearon un equipo ben armado defensivamente –Jaio e Tena son dous dos mellores centrais da segunda– e cun ariete definidor que é o máximo goleador do campionato, o cántabro Mario Bermejo. Con este equilibrio foi fácil formar unha escadra destinada ao sufrimento que toma a competición coma a carreira da formiga en contra do inverno. Cada punto recolleitado é unha polegada máis na fuxida do abismo da segunda B. ♦

**Israel protexe o balón ante Bodipo, do Alavés, equipo líder da Segunda, oito puntos por riba do Celta.** CASTILLO / AGN

## Arxibai ten moito que mudar no Pontevedra

O fútbol foi inxusto con José Aurelio Gay. Calquera tópico resultadista resulta mísero para xulgar o modelo de fútbol do adestrador madrileño durante as etapas nas que estivo á fronte do Pontevedra. O fútbol *granate* foi un dos máis vistosos en ataque da categoría. As estatísticas de tiros a porta mostran unha filosofía ofensiva que non deu resultado pola bisoñez dos dianteiros pontevedreses.

Ademais, os goles non abondan para gañar. A defensa do equipo que agora dirixirá Alberto Arxibai é a máis feble de toda a segunda e o porteiro titular, Joaquín Moso, non merece ser profesional.

Para remontar o voo cómpre andar rápidos. O Pontevedra non debería cambiar o espírito pero si mudar esa impaciencia mesturada con inxenuidade para facer máis dano no marco rival. Arxibai ten moito traballo que facer porque os futbolistas son os mesmos, para o bo e o malo, que tiña Gay, algo que non é garantía de éxito. ♦

## O desencanto do Celta

Que Balaídos pareza parada pantasmal en cada encontro do Celta, que toda a cidade arrastre unha especie de autoodio polo seu equipo xa está falado de hai moito tempo que é consecuencia da caída en picado da gloria da Liga dos Campións ao averno da segunda. Mais ese sentimento de derrota non ten porque converterse nunha sensación que converte o Celta nunha caricatura de si mesmo até o punto de que para algúns seareiros os seus xogadores xogan con camisetas esfarrapadas con remendos e medias furadas.

En realidade, o vitimismo tamén foi utilizado polo estamento celeste até convertelo nun valor radical do club. O presidente Horacio Gómez anunciou grandes reformas para adecuarse á falta de medios, o adestrador repite día tras día que só a través do sufrimento chegará a verdade e mais o triunfo e até os xornalistas caen na fácil trampa de regodearse na anguria dos paus que evitaron os goles no último Celta-Lleida.

É normal entón que un espectáculo de por si alegre como é o fútbol acabe convertido en penitencia para os celtistas. O socio vigués non sabe se vai ascender pero está convencido de que o único xeito de logralo é pasándoo mal. E nese sacrificio de coresma adiantada, xogadores como José Ignacio, Jandro ou Capucho exercen de cilicios que se chantan na carne "pecadora" dos espectadores.

Para rachar ese círculo vicioso de tristura e malos resultados, Fernando Vázquez debe mirarse no espello do Cádiz ou do Alavés, equipos que buscan a comuñón co público desde a alegría. Certo que é ben máis doado nestes equipos, cuxo punto de partida está nos lameiros dos campos modestos e non teñen os ouvidos arrebatados polas sereas do himno da *Champions*, mais só con iso que os vellos chaman "espírito" é posíbel contaxiar a ledicia. ♦

## O 'softball' recibe case 20.000 euros do Concello da Coruña

**A.N.T.**

O *softball*, un deporte xurdido nos EE UU e con escasa implantación en Galiza, é o deporte que recibe máis subvencións do Concello da Coruña. Os equipos da cidade desta disciplina recibirán un total de 19.528 euros. Tal e como publica o xornal *La Opinión*, o reparto de axudas é curioso, xa que os deportes con máis licenzas na cidade, o fútbol, a vela e o rugbi quedan sen axudas.

O máis curioso desta subvención é a explicación do Concello. "Acordamos pagarlle ao equipo unha subvención pola súa participación na Liga de División de Honra do 2004". Segundo as propias bases das axudas municipais, os equipos participantes en competicións estatais non teñen dereito a axuda ningunha.

Entre os deportes subvencionados figuran outras prácticas minoritarias como a columbofilia (adestrar pombas mensaxeiras), con 1.200 euros e o billar, con 550 euros. Aínda que o fútbol non recibe axudas directas, contodo, o Concello subvenciona con 150.000 euros o fútbol afeccionado a través da asociación que o representa.

O *softball* é basicamente coma o béisbol, con lixeiros cambios que o fan menos esforzado. A pelota que se lanza é máis grande e a distancia entre as bases que hai que percorrer para facer puntos máis curta. En principio naceu como variante feminina mais hoxendía existen equipos masculinos de *softball*. ♦

## *O evanxeo segundo Irureta*

MANUEL PAMPÍN

**Luis María Ansón (de nada dubidosa catadura ideolóxica) dixo unha vez que a el gustábanlle as crónicas de fútbol que se facían no agora pechado xornal vasco *Egin*.**

**Que alguén representativo dunha dereita rancia falase tan ben dun medio ultranacionalista foi no seu día todo un exercicio de liberdade e de tolerancia, conceptos que debe descoñecer certo adestrador.**

**Xa temos falado da tiranía que supoñen os regulamentos internos dos clubs e dos métodos ditatoriais dalgúns dirixentes, pero Javier Irureta o "ignaciano" acaba de perder unha enorme oportunidade de demostrar grandeza e bo espírito, como seica fixo o seu admirado Santo Ignacio de Loyola.**

**Walter Pandiani criticou o adestrador e algúns compañeiros, con rigor, sen medias tintas, dando as claves. E sobre todo, facendo uso dun dereito fundamental: a liberdade de expresión. Chega Irureta –que como bo crente debería ser piadoso– e pide unha sanción económica… e algo máis para o xogador.**

**Jabo ten unha vea militar como a que tivo o Santo Ignacio; acostuma a reprimir as declaracións do plantel; é como os xefes mediocres, que detestan a rebeldía e o triunfo dos subordinados porque eles sempre foron e serán covardes; incapaces de gañar a xente por carisma ou actitude; o seu "pensamento único" é a disciplina, o politicamente correcto. O máis transgresor que fixeron na vida foi beber un grolo de viño de misa na sancristía cando eran cativos.**

**E resulta que Pandiani acaba de mostrarlle o camiño, o auténtico "exercicio espiritual". A este Deportivo fáltalle –como di o bolero– alma, corazón e vida; padece o peor dos males: a depresión existencial. Irureta ten que facer traballo de evanxelización; predicar e gañar os seus servos; inculcarlles a gran regra cristiá de *ora et labora*.**

**En serio; un adestrador de elite ten que saber motivar; achegar novas ilusións cando cunden a rutina e a apatía; pero iso tamén se consegue coa actitude, sendo magnánimo no desempeño do poder. E Irureta, como se di dos "ignacianos", pensa que o fai todo ben. E non é así.** ♦

## Falece o escritor caboverdiano Manuel Lopes

O escritor Manuel Lopes, último representante do movemento da Claridade creado no Mindelo en 1936 como unha afirmación de emancipación cultural, social e política da sociedade caboverdiana, faleceu o pasado 25 de xaneiro, en Lisboa, aos noventa e sete anos de idade. *Chuva Brava* foi o primeiro libro escrito polo poeta, nacido en 1907 no Mindelo. A esta obra seguirían outras publicacións premiadas como *Os flagelos do vento leste*, posteriormente adaptado ao cinema, *O galo que cantou na baía* ou *Temas Caboverdeanos*.♦

## Tradúcense ao galego os *Carmina Burana*

A consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo acaba de publicar *Carmina Burana. Poemas de amor*, unha tradución ao galego dos poemas clásicos, realizada por Xosé Carracedo Fraga. Este volume está incluído na colección *Clásicos en galego*, coa que se tenta achegarlles aos lectores as obras destacadas da literatura universal. Escritos no século XIII, os *Carmina Burana* forman unha colección de cantos medievais, chamada así por ser descuberta no mosteiro Bura Sancti Benedicti, en Baviera no ano 1847.♦

Agustín Fernández Paz visto por Calros Silvar.

## Premios Edebé

Agustín Fernández Paz gañou a XIII edición do Premio Edebé de literatura infantil con *A escola dos piratas*. O catalán Andreu Martín levou o premio de literatura xuvenil con *Os donos do paraíso*. A obra de Paz narra as peripecias duna escola na chuviosa Galiza, tal e como explicou o xurado, unha Galiza que por arte de maxia se converte nun barco no que alumnos e mestre pasan a ser mariñeiros e capitán. Martín recrea a chegada dos españois a América nos tempos de Bartolomé de las Casas.♦

# 25 anos de Sotelo Blanco



Cultura
ANosa Terra
Nº 1.161
Do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2005
Ano XXVIII

Olegario Sotelo Blanco, director da editorial.

Novas actividades da Asociación Galega de Editores se esculcan no máis próximo horizonte cultural. Véñense de facer públicas algunhas das súas iniciativas, que terán a finalidade de promover a visibilidade da edición en galego. Como explicou o presidente desta asociación, Miguel Anxo Fernán-Vello, dúas son as datas fundamentais. Por unha parte o 17 de maio, Día das Letras Galegas, e pola outra o 23 de abril, Día Internacional do Libro, para o que se organizará unha quincena de actividades en Barcelona, que contará coa presenza de destacados escritores galegos. Máis próximo no tempo é o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que bota a andar por fin o 30 de xaneiro, co tema dos clásicos como protagonista: Perrault, Roald Dahl, Hans Christian Andersen ou J. M. Barrie serán homenaxeados. Xustamente, a vida deste último, creador de *Peter Pan*, é a orixe de *Na procura do país de Nunca Xamais*, filme de Marc Forster, interpretado por Johnny Deep, é unha das sorpresas para os premios da Academia de Cinema estadounidense. Outra que ten moito que celebrar é Mara Collazo, a maquilladora galega de *Mar adentro* que recibiu con sorpresa ser seleccionada entre as cinco finalistas para gañar un *oscar*. Alejandro Amenábar e o resto da *troupe* vanlle ter que facer un oco a esta nova aspirante a facer un anuncio de Max Factor.♦

Cultura

# Teresa Moure reivindica as linguas artificiais

## A obra mereceu o IV Premio *Ramón Piñeiro* de Ensaio

**A.N.T.**

**A linguista e escritora Teresa Moure vén de ser galardoada co IV Premio Ramón Piñeiro de Ensaio polo traballo *Outro idioma é posible*, no que aborda a situación das linguas artificiais nun intento de facer realidade a tentativa dunha lingua de uso internacional. Crítica co entronizamento do inglés, a autora pretende sacar a luz unha reivindicación lingüística histórica sobre a que non existen moitos pronunciamentos no eido académico nin social.**

A pasada semana fallouse a cuarta edición do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio nun acto no que saíu gañadora a obra *Outro idioma é posible*, un traballo no que a lingüista Teresa Moure analiza a historia das linguas artificiais, a súa viabilidade técnica e a súa posíbel utilización como idioma alternativo que ao tempo respecte a pluralidade lingüística. Este premio, convocado pola editorial Galaxia e Unión Fenosa, vén de engrosar o currículo da autora, quen recentemente foi galardoada co Lueiro Rey de novela curta pola obra *A xeiras das árbores*, ademais de ser finalista o pasado ano no Ramón Piñeiro cun ensaio feminista titulado *A palabra das fillas de Eva*.

O xurado, composto por Xosé Luís Barreiro Rivas, María Xosé Agra, Xan Bouzada, Carlos Fernández, Víctor Freixanes e Carlos Lema como secretario, decidiron por unanimidade concederlle o premio ao ensaio de Teresa Moure, no que propón o caso do esperanto como "lingua de uso internacional" que "respecte e preserve as diferenzas culturais". O tribunal destacou da obra a "frescura na escrita e a actualidade social do tema". Como sinala a autora "quería que fose un traballo lexíbel para a maior parte da xente, non só para lingüistas".

Para Moure, recibir o premio é "unha satisfacción", porque "grazas a el podo divulgar unha idea pouco presente na sociedade, como é o tema das linguas artificiais e o esperanto. Nos tempos que corren axeonllámonos acriticamente ao inglés e desbotamos outras alternativas de comunicación a medio camiño entre falantes de diferentes punto do planeta, sen que ningún teña que someterse á fala do outro".

A falta dunha postura unánime acerca da lingua que se debe empregar nos intercambios internacionais está detrás da idea de escribir este ensaio, como manifestou a propia Teresa Moure. Con ela, a autora quere "evocar a posibilidade dunha utopía, un lugar no que non estamos pero que non é difícil construír". Nun momento como o actual, no que existen unhas seis mil cincocentas linguas que corren o risco de desaparecer e no que a globalización está a xogar un papel importante na perda da diversidade lingüística, Teresa Moure critica o "entronizamento do inglés como lingua internacional". A autora recorda ademais que esta realidade, que non se produciu noutro momento histórico, é unha situación que pon en perigo colectivos e culturas.

A obra, que será publicada por Galaxia, propón o emprego do esperanto, unha das linguas artificiais máis coñecidas e utilizadas. "Pero non é a panacea –sinala, ten as súas dificultades". Para a lingüista "unha lingua artificial non debería supoñer un problema para os cidadáns, aínda que si para os poderes económicos e políticos".

*Outro idioma é posible* desenvolve a idea do multilingüismo. "No mundo fálanse moitas linguas e a opinión xeral é que é necesario saber outra lingua perfectamente, cando este é un modelo de poder. No traballo sosteño que o modelo ideal é falar moitas máis linguas, aínda que sexa tendo un coñecemento menor da gramática, sabendo as palabras e as estruturas básicas, suficiente para comunicarse", indica.

Teresa Moure recollendo o premio *Lueiro Rei* que outorga o Concello do Grove. JOSÉ G. BENAVIDES

### O inglés e as linguas de Estado

Outra das críticas que fai a lingüista pasa polo modelo educativo que se segue en todo o estado no referido á aprendizaxe doutras linguas á marxe da materna. Segundo Teresa Moure "debería ofrecerse a posibilidade de poder estudar os tres idiomas cooficiais co español, fóra das comunidades autónomas históricas e non adicarselle tanto tempo ao estudo dunha lingua desvinculada da realidade máis inmediata que rodea aos rapaces". Nos actuais plans o alumnado recibe clases de inglés dende os tres anos até que remata o ensino obrigatorio. Ao ver da lingüista, nese período debería repartirse o estudo do esperanto, algunha lingua do Estado, unha europea e outra africana.

### Consolidación

Especialmente comprometida con sacar a luz as reivindicacións dos pensamentos minoritarios, esta é a segunda vez que Teresa Moure está presente na final do Ramón Piñeiro. *A palabra das fillas de Eva* foi finalista na pasada edición dos galardón, un ensaio no que abordaba os xeitos de marxinación que sofren as mulleres. Desta vez foron as linguas artificiais as que lle deron o premio. ♦

# O X Premio *Vicente Risco* recae nunha obra de Mª Montserrat Varela sobre a vida tradicional galega

**A.N.T.**

Mª Monserrat Varela Vázquez foi a gañadora da décima edición do Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais, polo traballo presentado baixo o lema *Trazos da Escolma da cultura do pobo galego*. A autora presenta unha ampla e completa mostra dos diversos ámbitos da vida tradicional galega, aspecto que foi valorado polos membros do xurado.

O pasado 22 de xaneiro fíxose público o fallo da décima edición dun dos premios de ensaio máis destacados do país, o Vicente Risco de Ciencias Sociais. Nesta ocasión o galardón recaeu no traballo presentado baixo o lema *Trazos da escolma da cultura do pobo galego*, de María Montserrat Varela Vázquez. O premio, dotado con seis mil euros, inclúe ademais a publicación do ensaio por parte de Sotelo Blanco Edicións

O xurado, composto por Fernando Acuña Castroviejo, Pilar Gallego Cid, Xosé María Eguileta Franco e Francisco Fernández Rei, acordou por maioría outorgarlle o premio a este traballo no que se amosa unha ampla mostra do modo de vida tradicional, destacando ademais a calidade científica de todos os traballos presentados a concurso. Como manifestaron os membros do tribunal, "a obra contribúe a rexistrar e recuperar a memoria dunha cultura en irreversíbel proceso de transformación".

Coa intención de "deixar por escrito unha parte da nosa cultura que se está a perder" e coa vontade de "render unha homenaxe ao rural", que en opinión da autora é "onde se conservan as raigames da nosa cultura popular", María Montserrat Varela Vázquez presenta unha obra na que se aborda algúns dos aspectos máis destacados dentro da etnografía e socioloxía galega. "Coidei que até o século XIX estaba todo escrito pero que non sucedía outro tanto co pasado século. As vivencias desa época ían morrer coas persoas que as viviron", comenta.

A través dos testemuños dos protagonistas, a autora explica os diversos oficios tradicionais, algúns deles desaparecidos, así como as súas verbas gremiais, contos, refráns, adiviñas ou rezos. No traballo tamén se inclúe un apartado adicado a festividades destacadas, como o Nadal ou o Entroido, sinalando os elementos significativos de cada unha delas. Neste sentido, Montserrat Varela fai fincapé "na rápida transformación que está a vivir a sociedade" porque, en certa medida, "provoca o esquecemento do pasado".

A autora, que recibía con sorpresa e agradecemento o premio, comezou o traballo hai vinte anos, recollendo contos e cantigas da memoria dos máis vellos. Durante este tempo foi compilando o material e as entrevistas que lle darían forma ao estudo.

Na actualidade a autora está a traballar no que será o seu seguinte libro, *Supersticións e lendas*, onde a fonte principal volve ser a memoria dos maiores. ♦

## 1981-2004

PILAR PALLARÉS

**Agosto de 1981: quince días nunha aldea do Cebreiro, Veiga de Brañas. Acompaño a Fifi, unha amiga monxa da Compañía de María da Coruña que vai dar aulas, gratuitamente, aos alumnos de María Wirtz, unha das compañeiras que traballa na montaña. O verán é longo e os nenos poden, voluntariamente, ir á escola para non esquecer demasiado do que foron aprendendo. Eu estou cos pequenos. Lemos, facemos contos e –é como un xogo– aprenden catro cousas en francés. Iso é o que máis lles gosta. Nunca saíron da aldea, só Mónica probou o chocolate unha vez na vida, os pais andan todos por Bilbo. Afonso ten só catro anos e non vai á escola durante o curso, mais agora chora porque o seu irmán vén cada día. Téñoo comigo debuxando e enredando. Gardo un deseño dunha grúa da mina de Rubiais que parece un cuadro cubista.**

**Fano todo en galego naturalmente, tamén os contos e os exercicios. É a lingua do seu mundo, e tamén a que María lles fala neste cuarto no que grandes letras de moitas cores reproducen nas paredes o poema sobre a Galiza que olla o mar d'*Os soños da gaiola*. Mágoa non terlle amosado nunca a Manuel a foto cos nenos e como fondo as súas palabras.**

**Ao curso seguinte hai cambio de mestra. Dáme tristeza a carta dun dos cativos. Abandonou o galego e escribe nun castrapo lamentábel. A nova mestra é unha rapaza da aldea viciña, unha "estudiada". O español chegou á escola e agora óuvese dicer "me mancó el carrelo con una piedra".**

**Decembro de 2004: unha afastada aldea coruñesa xa non lonxe de Lugo. Tería que ter estado por aquí o ano anterior, mais houbo problemas coa saúde. Para falar cos rapaces do colexio –é de primaria– ás 15.30, saín en autobús da Coruña ás 11.30. Case é como estar noutra dimensión: a viaxe, coa parola entre un do Porto e outro de Centroamérica –non estou segura do país– que teñen sido compañeiros en barcos do Gran Sol. O locuaz e o calado. E logo a espera nunha tenda onde selan quinielas e onde falan da dieta dos polos, que a dona anda a sacrificar para o Nadal. E logo unha Casa da Cultura xélida con pícaros de sete ou nove anos a escoitaren poemas. Fan moitas preguntas. Falan todos un galego fermosísimo, sen excepción. Os tres mestres acompañantes falan só español, sen excepción.♦**

# A Fundación Barrié anuncia un orzamento de 15,6 millóns de euros para o 2005

A.N.T.

**A Fundación Barrié ven de facer público o seu orzamento para este ano, que será de case 2.600 millóns das antigas pesetas. O desglose destes cartos é de 1,7 millóns en Investigación, 4,99 en Cultura, 1,83 en Educación e 1,23 en Obras e Servizos Sociais. O orzamento complétase co 5,85 millóns para completar as xa avanzadas obras da nova sede social da fundación en Vigo na rúa Policarpo Sanz.**

A entidade, con sede central na Coruña, iniciou as súas actividades en 1996. Unha grande parte do seu gasto vai dirixido a programas de becas para estudos de posgrado no estranxeiro (das que abre o 1 de febreiro o prazo de solicitude) , axudas á investigación e á recuperación e conservación do patrimonio artístico e cultural galego, axudas a iniciativas sociais, así como o desenvolvemento dunha programación cultural diversa estábel.

A Fundación ven publicando as súas contas anunais desde 1983, constituíndose na primeira entidade do seu tipo que cumpre cunha década de antelación o que é obriga legal desde a publicación da Lei de Fundacións de 1994.

Na sede coruñese anúnciase para o o periodo do 10 de febreiro ao 5 de xuño a exposición *Arquitecturas ausentes no século xx* e no terreo da música nos meses de febreiro e marzo celebrarase o ciclo *Cartografías sonoras: voz e terra*, coas actuacións de Arto Tunçboyaciyan, Mory Kanté e Faiz Ali Faiz.

### A nova sede viguesa

A implantación da Fundación Pedro Barrié de la Maza estase facendo nun edificio foi obra do arquitecto Manuel Gómez Román (1876-1964) e que está sendo reabilitado baixo a dirección dos arquitectos Luis Moreno Mansilla e Emilio Tuñón Álvarez

Gómez Román foi ademais de arquitecto, debuxante e escultor. Tivo unha estreita amistade con Antonio Palacios e foi numerario da Real Academia Galega e destacado militante galeguista. Gómez Román recreou a tradición monumental galega nun tránsito desde o modernismo ao rexionalismo. A súa obra deixou unha grande pegada na cidade onde desenvolveu a maior parte dos seus proxectos con edificios institucionais institucionales como o Simeón ou a Casa de Correos e Telégrafos, e vivendas como as de Enrique Mülder ou Saturnino García. O edificio que Gómez Román realiza no cruzamento entre Policarpo Sanz e Colón para sede do Banco de Vigo entre 1919 e 1923, e que sería adquirido polo Banco Pastor en 1928, será a súa obra máis cobizosa.♦



A sede da Fundación Barrié, á dereita, na Coruña.



NARRATIVA

# Unha novela no centro da polémica

## *O fillo do acordeonista,* de Bernardo Atxaga, en galego

**Título:** O fillo do acordeonista.
**Autor:** Bernardo Atxaga.
**Edita:** Xerais.



**Bernardo Atxaga.** VICENTE ARAGUAS

Bernardo Atxaga escribiu unha novela na que uns mozotes se ven instalados nunha incontrolábel espiral que os levará a formar parte dun grupo independentista armado. A un reputado crítico o diario no que escribía (*El País*) publicoulle a que deu en ser chamada "crítica de destrución masiva". As tensións subseguintes entre o xornal e o crítico acadaron gran difusión noutros medios e montouse unha polémica sobre a liberdade de expresión, sobre se a critica orixinaba conflito de intereses dentro do grupo Prisa, ao que pertence a editora do libro, sobre o "novo status de divulgador" a que se ve abocada unha parte da crítica. E todo isto só ten unha cousa de bo, que se compre e lea máis o libro. Tamén houbo un escuro interese en que esta polémica se superpuxese a outra, a do "problema" nacional de Euskadi.

> É esta unha historia, dito seña de paso, moi pouco política e moi humana, na que hai intres de grande beleza.

A novela de Atxaga, escrita orixinariamente en euskera e agora publicada en galego, hai que defendela, de entrada, por valente e sincera; entendendo sincera no ámbito literario. Non trata de demostrar ningunha escura tese maniquea, non fai proselitismo senón que expón unha verdade, unha crencia, a visión interior de Atxaga. A obra defende a lingua, desde o amor á terra (ambos idealizados), nunca ataca.

A partir de aí podemos entrar no estritamente literario. *O fillo do acordeonista* é un longo discurso que presenta unha variada simboloxía, coa que se xoga constantemente. As bolboretas, como símbolo de resurrección; a postal partida pola metade, como a vida; o cordón do vendedor de seguros, a memoria; os primeiros e segundos ollos; a verdadeira casa; as cerimonias de iniciación, na cova e o Domingo de Ramos; o ring; o agocho, o sombreiro, o cabalo desenterrado... son algunhas. Non quere isto dicir que sexa unha novela críptica, senón unha maneira de facernos ver que a realidade non é tan simple como aparenta e que debaixo das cousas hai significados e que temos que estar alerta para que non se nos escapen. Alén de ser unha estratexia para que no constructo que é a novela tome parte o lector, tamén o é para que abramos os segundos ollos, pois non todo se percibe cos dous de sempre.

A novela que pecha o ciclo de Obaba conta unha tenra (e á vez brutal) historia de camaradaxe e amizade, inserida no marco da historia de Euskadi e na reivindicación da lingua propia, que vai desde o Golpe franquista aos días de hoxe. Unha tenra e moi complexa historia que abala entre a barbarie da guerra e a represión fascista, o amor, a amizade, as ilusións da mocidade, a xustiza... Unha historia, dito sexa de paso, moi pouco política e moi humana, na que hai algúns intres de grande beleza, contados cunha delicadeza que salienta aínda máis pola economía de recursos que emprega o autor e que dota de naturalidade ao texto. Dá para escoller: a historia de Toshiro, a de Don Pedro, a de Mary Ann e David, a das caixas de mistos, as cerimonias de iniciación...

Entre o grupo de mozos de Obaba existen unhas complexas relacións, das que salientan as que David mantén con Lubis e con Teresa. O grupo conduce a unha bucólica volta á mocidade, tan afeita a idealizar, no que priman as relacións humanas, que se verán alteradas en canto as relacións políticas lles caian enriba. Obviamente na novela teñen moito peso as personaxes. Cabe salientar algunhas, como Teresa (especialmente atraente e complexa), Lubis, o tío Juan, Mary Ann ou Don Pedro; á vez indíquese que a de David cobra interese sobre todo na emigración, que en Obaba está máis difuminado, mentres que na parte da emigración brilla á par dos demais. Con todo, ao carón destas, hai outras dunha armazón menos consistente, porque cando aparecen no lector quedou unha memoria vaga da súa configuración (os xemelgos, por exemplo, ou o mesmo Pancho...). E, coa simboloxía, as personaxes teñen un peso específico fundamental na novela.

A unidade emotiva e simbolóxica da novela non se corresponde cunha desexábel unidade tensional, polo que á vez que hai momentos brillantes, a novela perde interese noutros, a causa dun desenvolvemento excesivamente lento ou do emprego de analepses, que (como a de Don Pedro) tendo valor propio por si mesmas adían e desesperan un remate que despois se precipitará. Velaí que, nunha segunda lectura, agora fragmentaria, a novela gaña moito, o que demostra que as partes están mellor logradas que o conxunto. ♦

**XOSÉ M. EYRÉ**

### TABELA DAS LETRAS

#### FICCIÓN

**1. CAPITOL. ÚLTIMA SESIÓN.**
Miguel Anxo Fernández.
*Galaxia.*

**2. OS ÚLTIMOS FUXIDOS**
Xosé Fernández Ferreiro.
*Xerais.*

**3. AS HUMANAS PROPORCIÓNS.**
Xesús Constela.
*Galaxia.*

**4. O EXILIADO E A PRIMAVERA.**
Manuel Veiga.
*Xerais.*

**5. A REPÚBLICA DOS SOÑOS.**
Nélida Piñón.
*Galaxia.*

#### NON FICCIÓN

**1. A ESTRELA NA PALABRA. CONVERSAS CON X.M. BEIRAS.**
F. Pillado e M.A Fernán Vello.
*Espiral Maior / Laiovento.*

**2. A TERRA QUERE POBO.**
Xosé Luís Barreiro.
*Galaxia.*

**3. BREVE HISTORIA DA MÚSICA GALEGA.**
María Pilar Alén.
*A Nosa Terra.*

**4. DICIONARIO DE USOS E DIFICULTADES DA LINGUA GALEGA.**
Benigno Salgado (coord.).
*Galaxia.*

**5. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA.**
Xosé Feixó.
*Xerais.*

**Librarías consultadas:**
***Cartabón* (Vigo). *Couceiro* (A Coruña). *Michelena* (Pontevedra). *Pedreira* (Santiago). *Souto* (Lugo). *Torga* (Ourense).**

CONTA DE LIBROS

## Galiza semita

***Os xudeus en Galicia,*** de Mª Gloria de Antonio, é un libro que narra a historia da presenza semita no noso país na Idade Media. A autora pescuda nas fontes escritas do baixo medievo e tamén recorre ás construcións para esbozar un mapa de xudarías e de persoeiros da comunidade hebrea. Edita Lóstrego na súa colección divulgativa 'Saber de peto'. ♦

## O perigo nas nubes

É unha obra estatística, científica e ecolóxica que non só denuncia senón que indica o camiño que seguir. ***Contaminación atmosférica en Galiza. Inventario de emisións de gases de efecto invernadoiro, gases acidificantes e dioxinas,*** de Ramón Varela Díaz, analiza con rigor e precisión todos os perigos contaminantes que sofre actualmente o noso país. Edita Baía. ♦

## A imaxe comunica

Edicións Lea vén de publicar ***Comunicación e corpo,*** de Vicente González Radío. O catedrático de Socioloxía pescuda na relación que existe no noso tempo entre a ansia de comunicar e a representación do propio corpo humano. Seguindo a suposta ditadura da imaxe, o autor analiza dun xeito teórico os condicionantes da anatomía como suxeito e obxecto de comunicación. ♦

## Dereitos globais

Rafael Lara, Carla Corso, Dolores Juliano e trece autores máis estiveron presentes nas IV Xornadas de Dereitos Humanos, celebradas en Sevilla no 2003. Agora, a editorial Talasa publica nun só volume, ***La globalización y los derechos humanos,*** todos os seus relatorios, que van desde a teoría dos dereitos humanos até casos concretos. ♦

## O CORDEL

### Abelleira

Nº 84. Inverno do 2004.
**Dirixe:** Isabel Sanxurxo.
**Edita:** Asociación Galega de Apicultura.

Este número informa da presentación do I Foro Apícola, que se celebrará os vindeiros 4 e 5 de xuño en Arzúa. Tamén se dá conta da celebración do 'Día do apicultor', que se desenvolverá o 5 de febreiro en Santiago. Tamén se publican as bases dos concursos para abelleiros. Nas páxinas de información inclúense noticias breves sobre enfermidades, lexislación, curiosidades e novas propostas. ♦

### Arte y cemento

Nº 23. Decembro do 2004.
**Dirixe:** Blanca Arriola.
**Edita:** Reed Business Information.

Inclúese unha reportaxe sobre as dificultades dos traballos construtivos en vertical, unha técnica que comezou a espallarse na década do 1950, logo da xeneralización de plataformas petrolíferas no Mar do Norte. Na sección de seguridade, dáse información sobre o calzado máis axeitado para traballar. Hai unha entrevista co presidente da Asociación Nacional de Entidades de Implantación para a Prevención, Pedro Blázquez. ♦

### Vianova

Revista de ocio e viaxes do Eixo Atlántico

Nº 3. Xaneiro-febreiro do 2005. Prezo 3,50.
**Dirixe:** Alberto Canal.

Son moitas as ofertas de lecer deste número. Darío Xohán Cabana fai un percorrido literario pola cidade de Lugo. Inclúe unha reportaxe sobre o Parque biolóxico de Gaia, perto do Porto, unha viaxe "irreal" polo camiño de ferro do Douro, unha visita guiada a Tui e Valença, candidatas a seren cidades patrimonio da humanidade. Eugénio Pinto preséntanos tres aldeas da rexión de Barroso (Portugal), Vilarinho de Negrões, Negrões e Vilarinho Seco. Na sección de gastronomía, o protagonista é Pepe Solla, cociñeiro de Poio cunha estrela 'Michelín'. ♦

NARRATIVA

# Said e Sheila na defensa do futuro

## Ramón Caride fai da ecoloxía materia literaria en *A negrura do mar*

**Título:** A negrura do mar.
**Autor:** Ramón Caride.
**Edita:** Xerais.

Ramón Caride volta en *A negrura do mar* á saga de aventuras dos dous irmáns investigadores, Said e Sheila, que comenzaban a súa andaina literaria en *Perigo vexetal*, merecente do premio Merlín do 1995, seguida despois de *Ameaza na Antártida* e *O futuro roubado*. Agora, con esta nova entrega formada por tres relatos recunca o biólogo nos protagonistas e, en certo senso, nos temas. A preocupación polo ambiente e polos valores que a persoa debe posuír para convivir. Ambos os dous, eixos fundamentais no desenvolvemento do libro, nomeadamente do primeiro e do último relato. En *A negrura do mar*, o autor desenvolve a desfeita do petroleiro *Prestige*, literaturizando feitos reais, ocorridos en espazos temporais moi próximos no tempo e ao lector, que tivo acceso por medio dos xornáis ou doutras informacións á orixe do narrado. Os acontecementos contados son un esteiro didático no que Caride fai devalar a súa visión dos feitos, implicandose, non ficando indiferente. A estrutura e tema repítese en *O misterio do prión* convertendo o relato nunha lección maxistral de ciencias ou viceversa, desta vez sobre as vacas tolas.

> A saga protagonizada polos irmáns defende a independencia e liberdade de pensamento.

**Ramón Caride.** PACO VILABARROS

O terceiro dos relatos titulado *A primeira aventura*, nárranos a historia-biografía dos dous irmáns, a súa procedencia, como ficaron orfos, como chegaron ao muíño de Loreda e dende alí o seu despregue cara á investigación.

A saga protagonizada polos irmáns defende a independencia e liberdade de pensamento, lévanos á Ilustración. Axuda a crear cidadáns libres, con espírito crítico, é dicir, librepensadores. Ora ben, para conseguilo afástase voluntariamente do método de investigación que inza a literatura de xénero, Said e Sheila desmárcanse doutros investigadores xuvenís para nos comunicar ao xeito de crónica, dende o futuro, unhas aventuras detetivescas, de intriga, dosificadas, chantadas na realidade, empregando métodos non clásicos –uso das novas tecnoloxías– para a resolución dos casos nos que o ben común e o respecto á natureza son as dominantes en contra desa cobiza desmesurada que posuímos os seres humanos.

No canto ao paratexual, as ilustracións de Miguelanxo Prado, a quen non imos descubrir agora como ilustrador (ilustrou a Agustín Fernández Paz, Manuel Rivas,…) creador de iconas (Xabarín) ou debuxante de cómics, son un elo común en toda a serie. Nesta última obra vemos certo paralelismo coas fotos aparecidas nos xornais e que sempre enriquecen con outra linguaxe a palabra de Ramón Caride. Palabras que deberían ser de lectura obrigatoria como defende José Saramago no conto *A flor máis grande do mundo.* ♦

**XOSÉ FREIRE**

POESIA

# Tremor da palabra en Fernán Vello

**Título:** Capital do corpo.
**Autor:** Miguel Anxo Fernán Vello.
**Edita:** Deputación da Coruña.

A través da voz e o son, do ritmo, a reflexión e o sentimento, moitas veces o poeta tenta fixar a beleza efémera, amosar os signos ocultos no silencio: percibir a turbación, pulsar o latexo da luz e das imaxes con palabras vivas que esbocen a verdade intuída, a soidade ou a ausencia, a sensación, en fin, da nudez e da lembranza.

> A voz de Fernán Vello é nesta entrega un son singular e atormentado

Serena voz a iluminar fugaz o sentimento, Miguel Anxo Fernán Vello en *Capital do corpo* (Premio de Poesía Miguel González Garcés 2004) busca no son a claridade e a harmonía, na tristura e a soidade, a semente do desexo e a ledicia, o amparo das forzas e da luz ou a pegada do silencio nas imaxes, a emoción e a tenrura no canto e na caricia. Con todo nalgún verso asoma, ritual, a palabra incontrolábel a escurecer a imaxe e a mirada, fume evanescente supostamente brillante que non é quen de deslucir a fértil expresión da súa voz e a esencial cualidade das súas formas.



**Miguel Anxo Fernán Vello.** XAN CARBALLA

Fernán Vello ofrece a súa fauna habitual *–o seu veleno errante, a súa brasa de cervos–*, e sons saturados, forzados e distantes *–O ruído da tenrura e a levitación profunda do seu labio–*, mais tamén o recendo inconfundíbel da tenrura *–Unha caricia e un corpo dividido–*, a fugaz turbación da lonxanía *–Un corpo no recordo é un solpor que regresa/ contra toda a esperanza–*, a imaxe ferida da lembranza, a súa feraz semente *–Así canta o poema na súa materia antiga,/ rumor que está no vento,/ perfume que regresa iluminado no corpo,/ palabra contra o tempo–*, a dor *–O ruído lentísimo e inútil da esperanza–*, o ritmo e a emoción.

Soidade e tempo, intuición, memoria e sentimento, tremor da imaxe e da palabra, a voz de Fernán Vello é nesta entrega un son singular e atormentado ao que acoden a condición e a tenrura, a dor, o silencio e a lembranza: verso espido, ás veces curto e ordenado, outras longo e flexíbel, que explora o segredo da fala e a sensación, con persoal acento perfila corpos e instantes de luces e de sombras, tecidos íntimos co ritmo da ausencia ou da ledicia e o vigor e o brillo do alento e da paixón. ♦

**XOSÉ MARÍA COSTA**

Cultura

# Cosmos e ronsel de Xoán Vidal Martínez

## Evocación do poeta pontevedrés no seu centenario

XOSÉ ABILLEIRA SANMARTÍN

**O primeiro que chama a atención da vida do pontevedrés Xoán Vidal Martínez é a súa vitalidade e carácter emprendedor en moitas das iniciativas surdidas desde a nosa sociedade nos anos vinte e comezos dos trinta, feito que nos revela unha fértil capacidade por parte deste autor á hora de incidir no campo cultural do noso país nese momento.**

Aí o temos como fundador e impulsor de revistas literarias, como exponente da forza anovadora que representa a fervenza vangardista. Con dezaseis anos funda o 15 de outubro de 1920, xunto con Modesto Bará e Alfonso Lois, a revista quincena *Hebe*, onde tamén escribe. No 1922, co seu amigo Luís Amado Carballo, crea *Alborada*, que supón, a parte de lugar para composicións súas, un fito maiúsculo como mostra do gravado ao linóleo (Castelao, Cebreiro, Méndez, etc). Nomes estes, o de *Hebe* e *Alborada*, que certifican a conciencia dun labor cultural novidoso e meso inédito. A idea de "xuventude" ou "amencer", presentes respectivamente nos títulos, cadra moi ben co entusiástico clima restaurador e dignificador da nosa cultura activada polo nacionalismo que se afanaba en facer avanzar o noso país en todos os eidos, tal como se viña postulando desde as Irmandades da Fala e logo Nós.

Idéntico comentario podemos facer de, dez anos despois, *Cristal*, denominación de Vidal Martínez para unha revista extraordinaria fundada por el, por Xosé María Álvarez Blázquez e Antonio Díaz Herrera. Esta publicación excepcional é unha guía bastante fiel da creación literaria e gráfica dese tempo.

Ademais deste labor de fundación de revistas, Vidal Martínez tivo un destacado papel no relativo ao contacto e consecución de colaboracións para as mencionadas publicacións.

A mesma importancia hai que apuntar á hora de editar a obra de Luís Amado Carballo, en concreto *O galo*, organizando todo o material manuscrito que o seu amigo lle deixara ao morrer.

Igual relevancia tivo a súa participación, teórica e práctica, nos intensos e interesantes debates estéticos que se daban na época. Sobre todo hai que salientar a súa relación e conversas con Juan Bautista Andrade, na lerezana Fillagosa, a onde acodían, ademais del, Amado Carballo, Luís Pintos, José Casal del Rey e outros, a parolear sobre os novos "enfoques" da arte, nos que o goce espiritual da natureza, o intimismo e a saudade, a estética hilozoísta, tinguida dun marcado franciscanismo, eran temas de conversa.

### Compromiso galeguista

O trato e irmandade con figuras de primeira fila do nacionalismo, como Castelao ou Losada Diéguez, unido ao contexto vivo e creativo que se vivía, eran un estímulo propicio para que no mestre Vidal Martínez se dese un compromiso activo, compartido cos Iglesias Vilarelle, na galeguización do ensino, poñéndose ao servizo de diversas propostas doutros nacionalistas como Xoán Vicente Viqueira, Valentín Paz Andrade, Ánxel Casal ou Peña Novo, que seguiron e trataron de aplicar para os distintos niveis educativos as ideas expostas no "Plan Pedagóxico pr´a galeguización d´escolas" confeccionado por Risco por mandato da IIIª Asemblea Nacionalista celebrada en Vigo en 1921. Esta vinculación ao galeguismo chegou mesmo ao ámbito organizativo, primeiro militando en Labor Galeguista de Pontevedra, creada en maio de 1931, logo no Grupo Nazonalista Galego que o 1 de xuño dese ano o elixe secretario e no que chegaría a ser inclusive Presidente, ou asistindo e participando na Asemblea Constituínte do Partido Galeguista que tivo lugar no Hotel Madrid de Pontevedra os días 4, 5 e 6 de nadal do mesmo 1931.

### A andaina poética galega

A obra galega de XVM conta cun primeiro expoñente reunido en *Mágoas*, editado en 1921 cando ten dezasete anos e prologado cariñosamente por Luís Amado Carballo.

Esta andaina poética vai percorrer os itinerarios sinalados polas publicacións periódicas de máis interese e sona no país como *Alborada, Vida Gallega, Alfar, A Nosa Terra, Resol, Nós, Cristal*...

Nas composicións de Vidal Martínez hai cabida para a temática patriótica, con alusións directas aos graves problemas sociais da emigración, do caciquismo, da falta de liberdade e xustiza, percibíndose ecos de Lamas Carvajal ou Rosalía, quen lle merece un protagonismo determinante como constitutiva da nosa identidade colectiva: "O astro máis refulxente / d´o ceo d´a Poesía; / ¡o qu´espallou as negruras / d´a noite, e nos troux´o día... / Isto foi a inorvidabre Rosalía".

En *Mágoas*, a súa obra iniciática, a nosa terra non é para Vidal Martínez unicamente unha referencia de sensibilidade, de creación estética, de centro poético, senón que acada unha dimensión cuase ontolóxica. Outros temas como o intimismo, a pena individual, a dor, o amor, a natureza, Deus, aparecidos nestas composicións e logo en "Loaira", conxunto de poemas galegos de *Voz y memoria* (1986) ou nas chamadas "Cantigas do Adeus" de *Palabra llana*, teñen como raíz e universo Galiza.

Xoán Vidal Martínez coa súa dona, recén casados, e as portadas de *Alcor* e *Mágoas*.

En todas estas composicións observamos, malia a diversidade temática, un mesmo "eu" lírico, similares concepcións e sensibilidade da materia poética, por máis que as creacións visen resultados diversos en función dos distintos contextos e peripecias vitais do noso autor.

Sen embargo, coido que a trascendencia de Vidal Martínez para a nosa literatura radica en ser a voz inauguradora do imaxinismo, vangarda na que brillou Amado Carballo. É certo que poetas anteriores, como Noriega Varela, cultivaran as proposopeas, personificaran paisaxes, humanizaran a natureza. Isto é consustancial coa propia literatura. Postos a rastrexar, mesmo atopamos elementos hilozoístas en Tales de Mileto... Mais nunca antes de Xoán Vidal houbo un tratamento baseado nunha "conciencia de vangarda". Aquí hai inéditas miradas, novidosas captacións, e xa desde o principio como, por exemplo, "A serán", publicada en xuño de 1922 en *Alborada:* "Os regañados e sedentos beizos da montana, / agardan, / arelantes, a tremante bágoa do Sol, que rola, / paseniño, / as bermellas meixelas do ceo". O "ronsel" lírico de Vidal Martínez, este río hilozoísta no que brillou a auga de Luís Amado Carballo, vai contar co abundante caudal de exemplos como Manuel Luís Acuña, Xulio Sigüenza, Brea Segade, etc.

Este cosmos tan particular de Vidal Martínez vaise atopar habitado polo vento agarimoso e tristeiro, polas noites confidentes do poeta, pola personificación do propio silenzo, polos cómplices pinos de Portocelo, polos solpores pintados con tardes saudosas, conseguindo estampas sorprendentes e chamativas: "A noite lávase as mans; / do outo ceo, os anxeliños / bótanlle auga de luar".

Esta simboloxía tan persoal chega a extremos por veces absolutamente rupturistas: "A branca lúa, madama / do dezanove, esvaída"

Con frecuencia, o imaxinismo de Xoán Vidal acada amena musicalidade. A propia natureza, identificada coa nosa terra, aparécenos interpretando con harmonía serena concertos que reflicten estados anímicos do poeta. Estas melodías cósmicas son boa proba desta sinalada concepción hilozoísta con que se transfire á paisaxe galega elementos e sentimentos humanos, acadando instantes de enorme intensidade sensorial: "Cantan as estrelas no ceo e no río / cantan as estrelas / a cantiga branca / dos momentos líricos"♦



PACO VILABARROS

# Fernando Spencer Hartmann

## 'Fago curtametraxes porque son máis baratas de producir'

CÉSAR LORENZO GIL

Director de cine documental, xornalista, crítico cinematográfico. Fernando Spencer Hartmann (Recife –Brasil–, 1927) visita Galiza por primeira vez para presentar unha escolma dos seus traballos nunha xira que o levará a Moaña, A Coruña e O Porriño entre o 28 de xaneiro e o 4 de febreiro.

**Creador de documentais e agora personaxe dun documental, *Paixão de cinema*, de Marcílio Brandão.**

É. Após 36 anos de traballo no cinema no estado de Pernambuco, as novas xeracións consideran que é interesante contar a miña traxectoria. Espero que este ano se poida estrear e que a xente nova se decate de que facer cinema é algo moi necesario e interesante.

**Vostede, ao xeito dos directores da *Nouvelle vague* francesa foi crítico antes ca director.**

Os que levamos o cinema así no sangue tentamos cubrir todas as facetas. Eu comecei moi novo como xornalista e crítico no *Diário de Pernambuco*, cunha páxina diaria sobre cinema e música. Tamén me encarguei de organizar festivais, ciclos e proxeccións no Recife e con corenta anos eu sabía todo o que hai que saber sobre a teoría do cinema. Foi a finais da década do 1960 cando se puxo de moda aquilo de que "un crítico é un cineasta frustrado" e, igual que fixeran François Truffaut, Federico Fellini ou Jean-Luc Godard, púxenme detrás da cámara.

**Un autodidacta da técnica.**

Hai moitos e bos libros para aprender, pero o máis importante é a experiencia. Desde *A busca*, primeira curta que fixen coa axuda dos meus fillos, fun perfeccionando a técnica. Cando se impuxeron as cámaras de súper 8 vinme liberado. Eu podía facer filmes só tendo en conta as miñas posibilidades económicas. Sempre considerei básico para o artista do cinema ter independencia e liberdade para escoller os temas e os guións.

**Mais vostede fixo cinema moitos anos baixo a ditadura.**

Tiñas que levarlles as fitas á censura e puxar con eles para que non a prohibisen. Lembro *Valente é o galo*, sobre as pelexas de galos no Brasil. A pesar de que fixen un documental de denuncia dunha práctica violenta e inhumana, a censura puxo problemas para que fose exhibida. Mais polo xeral tiven sorte, xa que as miñas fitas, malia teren un enorme trasfondo político, pasaban como películas culturais.

**No seu cinema, que procurou mostrar?**

Tiven dúas prioridades: inmortalizar as tradicións pernambucanas e mostrar as condicións sociais do pobo. Aínda que teño algunha película de ficción, caso de *O último bolero no Recife*, as miñas preferencias foron polo xénero documental e polo formato de curtametraxe, xa que era o máis barato de facer.

**Ese labor de preservación do patrimonio cultural de Pernambuco en que se baseou?**

En lembrar os pioneiros do cinema no Recife, caso de J. Soares, biografar músicos, actores, artistas… Tamén en estudar a historia de tradicións tan nosas como o carnaval. É un traballo de divulgación. O cinema consegue levar a antropoloxía ou a etnografía ao común da xente. Por exemplo, sabe vostede por que as bandas de danza do noso carnaval pernambucano van comandadas por un mozo que leva un parasol?

**Polo sol ecuatorial?**

Frío. En tempos, o carnaval era a escusa para armar pelexas entre bandas rivais e rebelarse contra a inxustiza dos portugueses. Cando soaba a música, os escravos danzaban capoeira, que é unha forma de loita, e eses parasois, rematados nunha punta letal, atravesaban moitos corpos rivais. Este tipo de cousas é bo que se coñezan.

### O motor das inxustizas

**No plano social, que importancia teñen as desigualdades no Nordeste brasileiro?**

Pernambuco é un claro exemplo diso. O Brasil herdou na súa estrutura política e gobernamental os malos xeitos do imperialismo portugués. Antes da independencia, o poder lusitano tomou Recife como capital dunha terríbel explotación humana para conseguir máis ouro ou mellores colleitas agrícolas. Os pernambucanos reaxiron moitas veces violentamente. Por iso foron castigados e hoxe o noso estado é só unha pequena faixa. O estado da Bahia ocupa hoxe gran parte do que foi Pernambuco no pasado. Mais xa no século XX, a inxustiza non deixou de medrar. Un dos personaxes que máis admiro e ao que dediquei varios traballos é o Lampião, un bandido ao que lle mataron os pais por cuestións políticas e viviu toda a vida loitando contra a policía e o exército. Agora teño en mente facer un documental sobre Maria Bonita, a súa muller, outra personaxe excepcional.

**Fóra do cinema, vostede fixo xornalismo e até música.**

Hai uns frevos de carnaval, unha música típica do Nordeste, compostos por min. Sempre gostei de relacionarme cos compositores de música popular e algúns como Capiba ou Raul Valença protagonizan filmes meus. Escribir foi algo que me encanta facer. Escribín contos e historias para cativos que até se publicaron tamén no *Diário de Pernambuco*. Na gabeta gardo moitos textos que talvez saian á luz en breve.

**Ademais de facer cinema, vostede viu moitas películas na súa vida.**

Sen saber o que se fai no mundo, malamente se pode dirixir cinema. Eu promovín a creación dunha sesión de cinema de autor nunha pequena sala. Alí proxectabamos cinema europeo que non se estreaba comercialmente no Recife. Foi un éxito durante dúas décadas. Até conducín un programa na televisión sobre actualidade cinematográfica. Daquela, os consulados mandábannos gravacións sobre artistas famosos, como Fellini ou Mastroianni, que aínda conservo.

**Terá vostede moito material acumulado.**

Teño unha fortuna en películas. Oxalá as institucións públicas poidan facerse cargo deste patrimonio. Só con vender unhas poucas destas fitas podería voltar a Galiza ben prontiño.

**A súa relación con Galiza e Portugal estreitouse porque ten aquí dous fillos.**

Teño. O Renato é músico e o Ricardo é un dos maiores especialistas en efectos especiais. Eles aprenderon a seren artistas na casa, coa nai. Tiñan unha compañía de teatro de monicreques que fixo unha xira hai quince anos por aquí. Toda a familia anda na tea porque teño outra filla, a Mónica, que é bailarina.

**O cinema deulle para vivir?**

A vida dun documentalista que fai maioritariamente curtas é ben complicada. Lembro que unha vez dixen nunha entrevista que un filme meu mo patrocinara un banco famoso no Brasil por non facer absolutamente nada pola cultura. O entrevistador non mo cría. "Patrocinou. Grazas a que non paguei varios meses a hipoteca do apartamento, puiden facer esta película", contesteille. O certo é que no Brasil, antes da chegada de Fernando Collor á presidencia, había mercado para as curtas porque era obrigado a exhibir unha curta denantes de cada filme estranxeiro. Só había unha pega: cada curta tiña que durar dez minutos como máximo. Iso supuxo un límite bastante frustrante para min. O meu filme *A trajetória do frevo* quedou esquemático por causa diso. Se tivese cartos, tería sido moito máis longo.

**Como é a situación do cinema brasileiro hoxe?**

Difícil porque o cinema norteamericano invadiuno todo. Eles dominan a produción e a exhibición e converteron o cinema nun negocio sen alma. Esas multisalas de centro comercial que parecen a democratización da arte, na realidade suporán a súa morte. O cinema acabará por ser un obxecto de consumo máis, como unha bolsa de patacas fritidas. A pesar diso, hai títulos que loitan por sacaren da crise un cinema que vivía das lembranzas daquel bo Cinema novo, de Gláuber Rocha e compañía. *Estação central do Brasil*, *Cidade de Deus* ou *Carandiru* son boas películas, pegadas á realidade social. O malo é que estas películas non aguantan máis dunha semana en cartel por culpa da presión estadounidense.

**Dos EE UU non só veñen eses títulos. Michael Moore, por exemplo, revitalizou o xénero documental.**

É un gran director. Sabe contar as cousas e é ambicioso nos argumentos. Ese modelo de intervención directa no que se está a narrar tamén o experimentei eu, introducindo entrevistas ilustradas por imaxes rodadas *ex profeso*.♦



X. CARBALLA

# Olegario Sotelo Blanco

## ‘Ser editor é un oficio de risco’

XAN CARBALLA

**Olegario Sotelo Blanco volve porse ao leme da editora que leva o se nome, e faino no ano no que se vai celebrar o vintecinco aniversario da fundación con libros especiais, exposicións, xornadas de debate e unha homenaxe singular a Manuel Vázquez Montalbán.**

**Como encaran o seu aniversario?**

Imos aproveitalo para promocionar a editora pero sen ostentación. Publicaremos un libro colectivo, no que colaboran precisamente vintecinco persoas da vida política, empresarial, social e cultural do país para que contemplen todo este periodo que arranca en 1980. Sairá tamen unha escolma de *Leliadoura*, que servirá como pórtico para o relanzamento dunha nova colección de poesía. Faremos unha exposición, primeiramente en Santiago, con materiais de todo tipo referidos ao traballo da editorial. É curioso que recopilando os contidos, daste conta de como mudaron as cousas neste tempo. Dos traballos de toda aquela época queda unha constancia documental, cartas de autores, galeradas correxidas, esbozos de portadas... hoxe é todo máis virtual. Incluiranse tamén parte dos fondos dos catálogos tanto de Sotelo-Blanco, como da editorial Ronsel. Xuntaremos nunha cea a moitos autores e colaboradores da revista *A Trabe de Ouro* e sobre todo queremos facer unha semana de debates e unha homenaxe a Manuel Vázquez Montalbán, que coincidirá coa publicación que faremos dunha escolma de artigos seus, en colaboración co Colexio de Xornalistas de Cataluña. Todo isto querémolo facer a partir do mes de abril.

**Que diferenzas observa entre aquel mundo editorial e o de vinte e cinco anos despois?**

É total. Daquela prácticamente era unha industria que tiña que facer os seus procesos fóra e hoxe xa hai equipamentos avanzados en Galiza en todos os terreos da impresión e a encadernación. Lembro que empezamos no libro infantil editando un cento de títulos en colaboración coa Abadía de Montserrat, aproveitando para facer versións en catalán, euskera e galego. Hoxe xa temos un plantel de ilustradores e escritores de grande nível e esas colaboracións pódense facer no senso contrario. Máis que no técnico, que hai unha posta ao día, eu destacaría que desde 1980 a hoxe temos un elenco de autores máis extenso e consolidado.

> ‘As axudas son necesarias para o sector, pero o que máis me importa é vender ben os libros que edito”

**Hoxe fálase de crise editorial. Vostede coñece o mundo galego e o catalán, cal é a súa análise?**

Fálase continuamente, pero pensemos que este é un oficio de risco. Nós vivimos máis das vendas que das axudas e véndese máis, sobre todo desde que estamos no Consorcio, porque a distribución é mellor e compartes máis os gastos. Sen ser cifras grandes véndese máis ca nunca, pero temos que contar que estamos nunha cultura minoritaria e as diferenzas con Cataluña son moi grandes, tanto pola tradición de lectura en catalán, como pola potencia demográfica, e mesmo a existencia de Barcelona como núcleo gravitatorio. Pero as tiradas non son moito maiores en Cataluña ca en Galiza. En poesía, falando con editores cataláns, sorprendíalles que esgotáramos edicións de mil exemplares dalgúns títulos de *Leliadoura*. Quero ser optimista, pero queda moito por facer e as decisións da administración teñen moita importancia.

**Cando vostede fala de que subsisten co mercado, é iso unha renuncia ás axudas públicas?**

Faise esa interpretación torticeira do que eu penso. As axudas son importantes e necesarias para o sector, pero digo que o que máis me importa é vender ben os libros que edito. Por iso todo o que sexa ter máis presenza nas bibliotecas, que haxa campañas de promoción do libro galego nos colexios e nos medios públicos, niso únome aos que o reclaman desde hai anos, porque todo iso debe redundar máis na venda do libro galego.

**Ronsel é un selo tamén seu, no que publica algunhas versións de libros de Sotelo en castelán.**

É unha editora aparte, naceu hai quince anos, pero é da mesma Fundación. Tivemos grandes éxitos, como algúns títulos de Saramago, ou o máis de un millón de exemplares que vendimos de *Tomates verdes fritos*. Agora acabamos de sacar un libro de Serrat e en dúas semanas leva catro edicións. A idea é promover nela traducións de autores galegos.

**Volve estar vostede na dirección da editora, vai haber algunha novedade na orientación?**

Somos unha editorial xeralista e imos seguir na narrativa, no libro infantil e xuvenil e voltaremos a publicar teatro e poesía. A nós máis que competir en número de títulos o que nos interesa é consolidar un catálogo de calidade. Faremos algunhas reedicións e seguiremos cos clásicos, agora vai sair a coedición coa Real Academia Galega de *Os Eoas* de Pondal.♦

## Seguro Azar

# *Tabaco*

DAMIÁN VILLALAÍN

**Negar a condición pezoñenta e letal do tabaco sería unha parvada. Un simple pito é un noxento compendio de tóxicas maldades, un cilindro de lixo negro que arrasa os nosos pulmóns e fire as nosas gorxas co puñal mortífero do cancro. Fumar é tamén un hábito compulsivo e automatizado que non produce pracer, que só calma a ansiedade que o propio feito de fumar xera. Eu acabo de deixalo: despois de máis de trinta anos fumando sen parar, despois de máis de catrocentos mil cigarros carbonizados un tras outro nos bronquios, alvéolos e outros ignotos furanchos do meu sistema respiratorio, decidín plantar o tabaco, vivir sen el, sen o fiel e malvado compañeiro de tantos anos.**

**Deixo o tabaco porque me dá a gana, pero non llo agradezo á ministra, nin ás memeces que inspiran toda esa intragábel literatura antitabaco. Sempre que leo unha desas soflamas curís, entre optimistas e ameazantes, a prol da vida sa sen tabaco ou da calidade de vida sen tabaco, e sen moitas outras cousas, lembro aquel personaxe de Woody Allen que dicía: “Deixei de fumar. Vivirei unha semana máis e seguramente choverá todos os días”. Ou aquel vello fumador de puros a quen lle preguntaban pola idade: “Teño oitenta e seis anos, pero se non fumase seguro que xa tiña polo menos noventa e dous”. Detrás desta entolecida obsesión contra o tabaco, animada por partidos políticos e medios de comunicación que ao mesmo tempo se laian de que Galicia non poida seguir envelenando a bo ritmo o seu aire e os seus ríos por culpa do maldito Protocolo de Kioto, hai un rexurdimento puritano que, como todas estas modas trapalleiras, procede dos Estados Unidos e é adoptada naturalmente por dereitas e esquerdas, por fachas e progres, todos unidos na mesocrática utopía da vida inmaculada. O novo puritanismo diferéncíase do vello en que disimula moi ben os seus motivos. Xa non ataca tanto pola banda da moral e do pecado, como pola da saúde, a estética e a moda. Puritanismo posmoderno. Se fumas non pecas, pero vólveste sucio. Non é que sexas malo, pero estás feo e *out*. Contaminado e impuro. Un castizo porcallón.**

**Dentro duns anos lembraremos con saudade os tempos en que os bares españois eran templos do fluír libre da vida non lexislada, da vida contaminada de si mesma, chea de fume e de palabras. Lugares únicos no mundo destruídos xa para sempre pola cruzada sanitaria dos limpiños.♦**

# Xa comezou o ENTROIDO

MAR BARROS

**Mentres na maior parte do país aínda cómpre agardar unhas semanas para poder poñer a careta, algunhas vilas galegas xa se entregaron a Don Carnal o pasado domingo. Xinzo de Limia cos seus xogos de olas e Bande cos seus troteiros foron algúns dos lugares nos que entrou o descaro e a troula.**

Despois do domingo fareleiro, o pasado 23 de xaneiro en Xinzo de Limia celebrouse o domingo oleiro dunha das festas tradicionais máis destacadas de Galiza, unha cita na que se congregaron centos de curiosos para ver o lanzamento das olas de barro. Na praza da vila, os mozos tiraron polo aire as olas, que escacharon en anacos, quince días antes de que estoupe propiamente o carnaval. Pero previamente ao gran acontecemento, cos restos dos centos de pucheiro escachados xa recollidos do chan, terá lugar o 30 deste mes o festexo do domingo corredoiro, un aperitivo do que deparará o carnaval.

Aínda que en moitos concellos galegos o carnaval celébrase só o domingo, luns e martes de entroido, noutros puntos o calendario esténdese aos domingos e xoves anteriores. Como sinala Federico Cocho, "os días de festa actuais están a mudar en función da vida laboral e, en moitas ocasións, o calendario está organizado polos concellos, algo que lle resta espontaneidade á festa. Ao facer unha vida máis urbana precísase un mínimo de organización, algo que pode chegar a ser beneficioso se se limita a servir de base para as diferentes actividades".

Máscara en Viana.

Ao igual que Xinzo de Limia, Bande tamén se sumou á troula. A festa que se celebrou o pasado domingo nesta localidade foi recuperada hai algúns anos polos mozos deste concello ourensán. Co descaro que require o Entroido, os troteiros, que así se coñecen, saíron polas rúas coa súa características vestimentas anunciando a súa chegada co balbordo das chocas. Este día todos aqueles que levan traxe claro de liño con fitas, cun peculiar sombreiro adornado con espellos para espantar o mal de ollo e con fotos dos emigrantes do lugar, teñen carta branca para mofarse dos veciños da vila.

Do mesmo xeito que Bande, noutros puntos de Galiza estanse a desenvolver iniciativas para recuperar tradicións locais referidas ao tempo do carnaval. Asociacións ou concellos tentaron reanudar a festa a partir dos recordos da xente mais vella. Mais non en todas as ocasións as festas recuperadas contan co visto bo de etnógrafos e críticos. Como indica Federico Cocho, autor de diversas publicacións centradas no Entroido galego, algunhas das celebracións "véxoas moi postizas. Os que tomaron a iniciativa tiraron da memoria dos vellos, forzaron a máquina e moitas veces pasáronse inventando. Pero xa se sabe, en carnaval todo vale". En tempos da globalización, ao ver de Cocho, a recuperación dalgunhas destas festas responde "á procura dunha identidade propia e diferenciada", e mesmo a escolla dunha data que non coincida cos grandes eventos é un xeito de asegurar presenza de público por parte dos organizadores. ♦

## Agora a algúns chégalle coa televisión

A pesar das "festas con *pedigree*", como poden ser os entroidos que se celebran en Laza, Viana do Bolo, Xinzo de Limia ou Verín, ao redor das que se xerou todo un turismo etnográfico, en moitos lugares do país as celebracións do Entroido foron mudando co tempo, ao igual que os xeitos de diversión dos propios habitantes. "O carnaval reinvéntase continuamente", indica o escritor. "É moi distinto o significado que tiña nos anos trinta que un home se vestira de muller, ou unha muller de home, ou que se fixese unha broma de tipo sexual. No seu contexto era un fito no ano, unha escapatoria ao rigor do calendario. Agora vivimos nun estado de festa continuo, no que podes ir á discoteca en calquera momento ou no que podes acender a televisión, que é unha verdadeira entroidada. É difícil sorprender, e mesmo facer crítica", comenta. "Funciona menos como válvula de escape, pero aínda funciona". ♦

## Cando ir de turismo etnográfico



**VIANA DO BOLO.** O domingo 6 de febreiro polas aldeas da localidade percorrerán as rúas os folións, as comparsas formadas polos veciños da cada aldea precedidos de boteiros e máscaras, que lle abrirán paso ao folión lucindo as súas rechamantes caretas e danzarán apoiándose nunha sorte de pértega, levantando balbordo coas chocas do cinto. ♦



**XINZO DE LIMIA.** Aínda que xa comezaron os festexos, os días máis destacados son o domingo, luns e martes de Entroido. Os que se acheguen poderán ver as pantallas tradicionais, eses disfraces con calzóns brancos, capa negra, unha faixa encarnada e unha máscara singular, pero tamén se atoparán cun carnaval con comparsas e carrozas. ♦

**VERÍN.** Calquera día do carnaval os cigarróns brincarán vistosamente e farán soar as chocas. Cómpre ter coidado porque baten coa tralla a quen se lle cruza. Os que se acheguen poderán provocalos, pero non tocalos. O máis característico dos traxes son as máscaras, que noutro tempo deberon ser de pelica, as polainas e as chocas. ♦

**LAZA.** Domingo, luns e martes de Entroido pasearán os peliqueiros. O luns 7 é cando baixa a morena, unha tosca simulación dunha vaca, momento no que os veciños botan a xente que se congrega na vila puñados de formigas e no que lles baten con toxos. Os outros días grandes tamén se poden ver estas particulares máscaras. ♦

# GALEGOS NOS GOYA

MAR BARROS

Por vez primeira cinco actores galegos optan, en diferentes categorías, aos premios *goya*. As seleccións de Mabel Ribera, Celso Bugallo, Tamar Novás, Juan Pablo Etcheverry e Serxio Moure sitúan ao cinema feito no país no punto de mira dos académicos.

A lista oficial de nominados aos Premios Goya 2005 ten, como en poucas ocasións, un marcado acento galego, un recoñecemento que lle dá un impulso definitivo ao cine feito no país. En total serán cinco os profesionais que por primeira vez soñarán con acadar o premio o domingo 30 de xaneiro.

Oficialmente a gran favorita, *Mar adentro* arrastra entre un feixe de preseleccións, a tres actores galegos, Mabel Ribera e Celso Bugallo, nas categorías de mellor actriz e actor de reparto e Tamar Novás optando ao mellor actor revelación.

Co papel de Manuela, a cuñada do tetrapléxico Ramón Sampedro, a actriz Mabel Ribera sorprendeu a un público afeito a Balbina Santos, a retranqueira protagonista feminina da serie da TVG *Platos Combinados*. A pesar de que esta é a primeira vez que opta a un premio deste calibre, Mabel Ribera é unha das actrices máis experimentadas da escena galega. A súa relación co audiovisual comezou baixo a dirección de José Luis Cuerda en *O bosque animado*, participando ademais, a finais dos oitenta en diversas producións para a TVE e TVG.

Na categoría de mellor actor de reparto compite Celso Bugallo. Desta banda como irmán de Ramón, o seu rostro e as súas calidades interpretativas valéronlle para dar vida a personaxes gabados pola crítica, como Amador, vello parado d'*Os luns ao sol*, película na que tamén compartiu reparto con Javier Bardem. A pesar de comezar no teatro en Logroño, chegando a promover a Aula de Formación de Actores en Pontevedra, a súa é unha das caras máis familiares das teleseries e películas galegas recentes.

**No centro, os tres actores galegos seleccionados para os *Goya:* Celso Bugallo, Mabel Rivera e Tamar Novás.**

Outro dos seleccionados é Tamar Novás. A Academia veu ao sobriño de Sampedro como un dos candidatos para o premio actor revelación. Cunha maioría de idade acabada de cumprir, Tamar Novás comenta que o de ser intérprete "foi por casualidade". Cando Cuerda estaba a realizar polos colexios compostelláns o *casting* para o seu filme *A lingua das bolboretas*, bateu de fociños con Tamar Novás, un nome que volvería sonar o pasado verán para a película de Amenabar. Esta é a segunda incursión do actor no eido da interpretación, pero non desbota para o futuro adicarse ao cine dende detrás da cámara.

**Música e animación**

O traballo feito polo coruñés Serxio Moure para *Inconscientes* é un dos candidatos ao *goya* de mellor música orixinal. Despois de dez anos compoñendo para o audiovisual, foi o traballo nesta longametraxe, dirixida por Joaquín Oristrell e protagonizada por Luís Tosar, o que o catapultou aos *premios*.

Outro dos nominados é Juan Pablo Etcheverry por Minotauromaquia, aínda que a súa era unha selección previsíbel, despois de ter arrasado nos últimos meses en festivais audiovisuais de todo o mundo. O director é candidato ao premio de mellor curta de animación.

As producións de Filmax, a produtora que dirixe Xulio Fernández, son candidatas tamén a outros tres premios. Duna banda, *P3K Pinocchio 3000*, revisión cinematográfica e retrofuturista do clásico de Carlo Collodi, opta ao galardón de mellor película de animación, mentres que *Romasanta*, dirixida por Paco Plaza está nominada en dúas categorías, a de mellores efectos especiais e a de mellor fotografía. ♦

## PELÍCULAS EN FESTIVAIS

Dúas producións de Filmanova e outra de Continental Producións participarán en diferentes festivais de recoñecido prestixio internacional. *Cama Adentro*, unha coprodución galego-arxentina de Jorge Gaggero coa participación de Filmanova Invest, foi unha das películas seleccionadas para as seccións de competición do Festival de Sundance, o evento máis importante do mundo adicado ao cinema independente, que se está a celebrar até o 30 de xaneiro na poboación estadounidende de Park City (Utah). A outra produción de Filmanova estará presente no Festival de Berlín, en competición, co título *Galatasaray-Dépor*, na que o director Hannes Stöhr presenta unha comedia sobre os problemas de entendemento lingüístico co fútbol como pano de fondo.

Tamén para a Berlinale, pero fóra de concurso, foi seleccionada a película *Para que non me esquezas*, dirixida por Patricia Ferreira, de Continental Producións. Este é o segundo ano que esta produtora consegue estar presente neste festival. ♦

## *Enxeños e criaturas*

**Xosé Miranda**

# *Máis da zarrulada*

Conque a Zarrulada é unha procesión de cans sobrenaturais, de almas zoomorfas en forma de can, que veñen buscar os moribundos para levalos ó máis alá, exactamente igual que fai a Compaña. Nós sabiamos que existía isto. O que non sabiamos é que se lle chamaba Zarrulada. Van exemplos.

A maior parte das formas do Urco son cans de distintos tipos. Pero en principio é un can como calquera outro, que pode adoptar frecuentemente a forma dun can negro, terrible, de tamaño colosal, con cornos e orellas longas, que sae polas noites ouveando. Os cans do lugar ségueno. É agoiro de morte. Tamén pode ser un can branco, ou calquera outro can ou cans.

Un veciño de Vilapedre, en Vilalba, bateu cun can negro indo ás mozas a Tralomonte, do outro lado da Serra da Carba. Era noite pecha e aquel mozo viu que se achegaba onda el un can negro que medraba a cada paso. Colleu medo e tapou a cara coas mans e coa chaqueta, a tempo, porque o can aquel botaba lume polos ollos e pola boca. Lembrou os consellos que lle dera seu pai para actuar diante de determinados encontros nocturnos e ó dicir: "Deus te acompañe!", o can estoupou envolto en lume.

Os chamados Cans consisten no seguinte: un cadeliño pequecho que leva canda el outros cans, e por onde pasa os cans do lugar vanse unindo á manda. Como son cans sobrenaturais, os Cans son moi feitucos. Os seus ouveos son, ás veces, estarrecedores e, outras, moi tristes.

En Zoñán, en Mondoñedo, víanse pasar ó amencer pola porta dunha casa dous cadeliños moi bonitos, pero descoñecidos. Debían ser ánimas en retirada, pois des que se impuxo a celebración da chamada misa das ánimas xa non se viron máis.

En Carbia, en Vila de Cruces, unha muller pariu un fillo do cura e tirouno no cubo do muíño. Logo arrepentiuse e foise confesar. A penitencia foi dar nove voltas ó redor da igrexa ás doce da noite, sempre coa roupa que tiña posta ese día. As oito primeiras veces aparecéronselle uns cans que non lle fixeron nada; á novena noite tiráronse a ela. O crego, co ruído, saíu e tiroulles a estola e outras cousas benditas, pero non conseguiu escorrentalos. Tirouse el mesmo a eles e entón desapareceron. Interpretouse que eran demos intentando facerse coa alma da muller.

Algúns dos que viron a Cadela Peregrina din que bota lume pola boca e polos ollos. É presaxio de desgrazas. Se un ten a mala sorte de dar con ela cómpre saber que en ningún caso debe mirar fixamente para os ollos acesos do animal ("non mires!, non mires, que é a cadela peregrina!", escribiu Risco que dicían en Viveiro).

A Cadela de Tetas Longas é unha cadela branca de gran tamaño co ubre arrastrando polo chan e que se aparece de noite como sinal de morte. Ás veces parte pola metade e bota fume pola boca. Imita os berros e ouveos dos cans, das ovellas e dos corvos, e pode transformarse en corvo ou en nobelo de la. Se se lle dá unha patada cando toma esta forma pode multiplicarse por dous ou tres.

Os Cadeliños son visións con forma de cachorros que poden acompañar a Cadela de Tetas Longas cando se aparece.

Contan Pisón, Lourenzo e Ferreira nos *Contos do Valadouro* os dous casos que poño a continuación:

Unha noite, Camilo de Lagoa foi buscar unhas verzas á horta e volveu esfarrapado e a piques de perder o acordo. Cando se repuxo, contou que sentira ladricar uns canciños, e ó ir mirar resultara ser a Zarrulada, que houbo matalo se non estivese ó pé da casa.

Á noite un rapaz de Lagoa voltaba para a casa en bicicleta, cando sentiu uns canciños camiñar á par del. Cada vez que o rapaz paraba non vía can ningún, e ó volver andar volvían os canciños e ían lle roendo nas rodas da bicicleta. Cando chegou á casa, os cans desapareceron, e nunca máis o rapaz soubo deles.

Os contos do Valadouro son unha delicia e están moi ben contados. O próximo día falaremos dos equivalentes europeos da nosa Zarrulada, a "Cacería Selvaxe". ♦

## Jaime Asensi

### ‘Os debuxantes están obrigados a publicar con editoras de fóra’

**A.N.T.**

**O vindeiro 11 de febreiro inaugúrase na galería *Sargadelos* de Pontevedra a exposición do proceso de recreación, en cómic, do *Ubu Rey*, na que se inclúen ademais outros orixinais seus. Por que decide levar ao cómic esta obra de Alfred Jarry?**

A idea de elaborar este álbum ten tempo. Cando lin a obra teatral xa tiña na cabeza as imaxes que conformaría a historia e os personaxes. Mais quedou no caixón até que a editora alacantina Edicións de Ponent interesouse por ela. Envieille un book, gustoulles e publicaron a miña adaptación.

**Semella un atrevemento poñer en viñetas unha das pezas teatrais máis destacadas do século pasado.**

Si, pero agora estou metido noutro proxecto aínda máis arriscado, tamén para a mesma editora. Encargáronme adaptar para cómic unha das obras de Julio Verne, coincidindo co centenario da morte do escritor. É probábel que o libro saia á rúa no verán.

**Publica cunha editora valenciana. Están obrigados os autores galegos a tomar esta vía para sacar os seus traballos?**

Agora mesmo si, porque as empresas de aquí non apostan pola banda deseñada, aínda que existen casos puntuais. Penso que se as editoras apostasen por este xénero venderían, pero esta é unha decisión que deben tomar os empresarios. Os debuxantes bastante temos con buscar a vida fóra.

**Moitas son as editoras do Estado que demandan as creacións dos debuxantes galegos e mesmo hai revistas que contan con moitas colaboracións de aquí. A simple vista podería parecer que a banda deseñada galega goza de boa saúde.**

Podería, pero a situación é máis complexa. Coido que parte da solución debe pasar pola vontade das editoras. Parece que aquí o cómic non interesa, que non é parte da cultura xeral, ao contrario do que sucede en Catalunya ou no País Vasco. ♦

# KALININGRADO

**CÉSAR VARELA**

## A cidade de Kant é un enclave ruso na beira do mar Báltico. Semella unha illa no medio de países xa integrados na UE.

Antes da II Guerra Mundial estaba poboada por xentes de fala e cultura alemá, o seu nome era Königsberg e na súa catedral está o sartego do filósofo Immanuel Kant que viviu longos anos nesta cidade.

Entramos en Kaliningrado por vía férrea, procedentes de Berlín. O tren demora quince horas e atravesa as fronteiras de Polonia e Rusia. A estética das fronteiras aínda lembra os tempos da cortina de aceiro. Soldados na plataforma en posición de firmes e apertura da fronteira que se concreta nunca cancela de arame cuxo cadeado abre o gardiña para deixarlle paso ao noso comboio. Chocante espectáculo, nestes tempos da Europa sen alfándegas!

A cidade de Kaliningrado está hoxe habitada só por xentes desprazadas desde Rusia depois da derrota alemá. Todos os antigos habitantes foron, ou mortos ou deportados, e aínda que hoxe a cidade é totalmente rusa, paira nela o espírito dos seus antigos habitantes xermanos.

O noso guía, Serguei, móstranos o terreo e as fotos onde houbera en tempos o castelo medieval dos cabaleiros teutónicos que vertebraba e era o símbolo da cidade. O lugar está hoxe ocupado por un fantasmal edificio dos tempos soviéticos que, aínda sendo de boa arquitectura, nunca chegou a rematarse.

Esta cidade foi duramente bombardeada durante a guerra, as fotos que nos mostran daquel tempo dan testemuña dunha cidade totalmente arrasada.

Visitamos os restos dos macizos atrincheiramentos nazis e ao chegar atopámonos coas defensas cheas de soldados co uniforme alemán; Serguei dinos que son figurantes que están filmando unha película da guerra. As trincheiras teñen toneladas de cimento armado e varios pisos soterrados.

Cóntanos o guía que a defensa dos xermanos foi numantina, seica nunca se renderon e foron mortos a pistola un por un e piso por piso. O odio da posguerra debeu ser tan grande que nin sequera respectaron os mortos; o cemiterio alemán foi levantado polos tractores e hoxe é un melancólico parque ao redor dunha igrexa ortodoxa.

Unha estatua feminina no centro da cidade representa unha pletórica muller que co dedo indicador sinala a chan como dicindo: esta terra será sempre rusa!

Albergámonos e asistimos ás aulas de idioma ruso nunha casachalé de estilo modernista alemán, que debeu ser das poucas que ficaron en pé despois da contenda.

É tempo de inverno e aínda que as árbores están sen follas dá para percibir unha follatada verde acumulada no medio das pólas máis altas, dinnos que é o visgo, esa planta sagrada dos druídas, sempre verde e que non arraiga na terra senón que parasita outras árbores, os rusos chámanlle *omela* e penso que na nosa terra debe estar en extinción.

Mapa da rexión de Kaliningrado e retrato de Mikhail Kalinin. Abaixo, postais da cidade: o esplendor dos pazos alemáns e as infraestruturas ferroviarias soviéticas.

Almorzamos con fartas porcións de *kefir* mesturado con arandos e collemos azos para visitar a costa báltica de Rusia.

Existe alí unha longuísima fita de catro quilómetros de ancho que separa o mar aberto dun amplo mar interior cheo de pescaría.

Esta lingua de terra é un tremendo arreiro que nos fai lembrar o mar e a costa portuguesa, a paixase dunar sorpréndenos e marabíllanos; por estas terras escribía Thomas Mann as suas obras.

Nestas praias do Báltico deita o mar, desde recuados tempos, esa resina fósil que é o ambar ou *iantari* como lle chaman os rusos. Gábanse de que en Kaliningrado está a maior mina do mundo desta substancia e lévannos, para que compremos, a unhas sofisticadas tendas que frecuenta a muller de Vladimir Putin cando visita a cidade.

A cidade débelle o seu nome a Mikhail Kalinin, un ministro dos tempos de Stalin, Serguei defende que a cidade deberia voltar ao seu anterior nome xermánico, xa que Kalinin nin é natural do lugar e nin sequera a visitou en vida. Ocorreu que á sua morte e na súa honra, púxoselle o nome á cidade. De feito, e pola mesma razón, hai varias cidades en Rusia que locen o mesmo nome de Kalinin. Non obstante, o guía é escéptico sobre o asunto de devolverlle á cidade o seu nome orixinal. No caso de San Petersburgo foi fácil pois era o retorno dun nome ruso a outro tamen ruso. Semella que Moscova nunca pasaría por mudar un nome ruso por outro alemán.

A cidade está sempre moi movimentada. Os rusos están sempre ao redor dos mercados, un pouco anárquicos e desorganizados, que teñen o seu aquel de bazares orientais.

Os símbolos do comunismo están a desaparecer, non obstante aínda fica en pé unha aleccionadora estatua de Lenin, pero por tras están edificando unha igrexa ortodoxa. O guía vaticina que como o conxunto non encaixa moi ben e é probábel que acaben por derrubar a estatua.

A miña profesora, Irina, fálame do caro que é agora estudar nas universidades rusas e da ruín situación dos ensinantes. Tamen me conta que se suspenden algunha materia é posíbel pasar de curso pasándolle un diñeiro por detrás ao profesor.

Vemos un grupo de adolescentes coa antiga bandeira soviética anunciando un mitin nalgún lugar. ♦

## O Voo do Moscardo

**José Viale Moutinho**

# Incêndio passional da juventude de um Nobel

Não, não me refiro ao José Saramago, que é Nobel de Literatura, mas ao cientista António Egas Moniz, Prémio Nobel da Medicina no longínquo ano de 1949. É que, o outro dia, apanhei na estante um seu livro de memórias, *A Nossa Casa*, de 1950, e aí ele refere-se a duas viagens suas a Santiago, na primeira das quais se lhe ateou o que ele designa de *incêndio passional da juventude*. E aproveito a oportunidade dos 50 anos da sua morte para evocar esta figura invulgar da cultura portuguesa em Santiago..

Conta o professor Egas Moniz que, em 1897 (o grande fadista coimbrão Hilário morrera no ano anterior), em resposta a uma visita feita pelos tunos compostelanos, os seus camaradas de Coimbra foram a Santiago. "Na passagem em Tui, para a Galiza, escreve o então estudante de Medicina, começaram as manifestações a Santiago que, no céu, se devia sentir atemorizado com tanta evocação do seu nome, em apóstrofes infindáveis". Depois: "Cantavam-se canções portuguesas e galegas, muitas vezes concordantes na sua toada folclórica que, naquela noite luarenta, trazia em chamas, arrebatamentos inesperados". Egas Moniz discursava e os seus colegas cantavam. "E logo me prenderam os olhos negros de uma esbelta rapariga que no seu camarote ostentava no cabelo preto uma rosa vermelha que me serviu para qualquer frase apropriada. Todos se aperceberam da

António Egas Moniz.

minha predilecção e ela própria não deixou de a sentir". Entre recitais, o moço acabou por conhecer pessoalmente a tal jovem, com quem teve aceso carteio. "Foi nessa época que surgiu a guerra de Cuba, em que a heroicidade espanhola foi aniquilada pela força dos Estados Unidos. A formosa compostelana prendeu-se por tal forma a essa luta, acendrou-se tanto no seu patriotismo exaltado de espanhola, que foi assunto fundamental das suas cartas. Não escondo que houve da minha parte, dado a entusiasmos, alguns madrigais; mas tudo isso era secundário. Pelo meu lado, também andava interessado nessa guerra, prevendo, como toda a gente, um desastre para a Espanha, mas tomando partido a seu lado". E observa ainda: "Se a Espanha tivesse conduzido as negociações de forma a dar pacificamente a independência a Cuba, tudo se teria passado de forma bem diferente. Mas o ambiente político dessa época não era de molde a permitir tal solução". E a troca de cartas acabou por extinguir-se a partir da derrota. "Sem azedumes, naturalmente, nos fomos esquecendo". E assim acabaria a crónica dessa relação, "incêndio passional da juventude", como lhe chamou o protagonista.

Anos mais tarde, Egas Moniz já de prestígio consolidado na ciência, volta a Santiago para dar umas lições sobre a sua especialidade, a angiografia cerebral, na faculdade de Medicina. O apresentador, professor Casimiro Martínez, para se preparar também lera os jornais galegos da época, colheu lá a nota afectiva do seu colega. E meteu-a no discurso! Só passado algum tempo é que se apercebeu que a esposa do cientista estava presente e procurou salvar a gaffe! E observa Egas Moniz: "A linda compostelana casara, era mãe de alguns filhos e um deles era, ao tempo, quartanista de Medicina e assistia à sessão!"

Republicano, nada dado à igreja, Egas Moniz recorda que, na primeira visita, um colega galego, sabendo a sua maneira de pensar o convidou para uma festa no Instituto Católico Leão XIII, a que ele compareceu e onde discursou. No fim ouviu isto: "Magnífico, comportaste-te como um cardeal de Roma! Parabéns!"

E fecho com uma anedota, há dias contada pelo jornalista António Valdemar na sua coluna no *Diário de Notícias*. Pois sendo Egas Moniz um decidido opositor ao salazarismo, quando lhe foi atribuído o Nobel, na oficial Emissora Nacional a notícia foi dada como abertura de um dos blocos informativos. Logo o director, engenheiro Silva Dias, montou processos disciplinares aos dois "culpados" –Jerónimo Bragança, chefe de Redacção, e Pedro Moutinho (não é meu parente), o locutor–, alegando que o cientista, "com Nobel ou sem Nobel, é um filho da puta da oposição!"♦

## O Bardo na Brêtema

**Rudesindo Soutelo**

# Arrepios musicais

Roberto Zatorre, neurofisiólogo argentino e investigador no Instituto Neurológico da Universidade McGill de Montreal, ofereceu uma palestra na CosmoCaixa de Barcelona onde desvendou que a actividade cerebral em resposta às músicas que nos emocionam tem exactamente os mesmos parâmetros de activação e inibição que as respostas de recompensa e motivação suscitadas pela actividade sexual, a toma de alimentos quando estamos famintos ou a dose do toxicodependente.

Quase todos temos alguma música que por um ou outro motivo nos emociona muito especialmente, até o ponto de nos estremecer e fazer-nos sentir calafrios. É certo também que muita gente padece algum tipo de amusia, incapacidade patológica para a percepção musical, devido a uma alteração neurológica, como a conhecida surdez para os tons que padecia o Ché Guevara.

Na música culta ocidental há muitas obras que concitam ao prazer emocional mas poucas que nos transportem de verdade a um estado sublime de prazer estremecedor. Mas para o êxtase não basta com a música, é preciso que ela harmonize com a nossa frequência de ressonância espiritual, e ainda que Zatorre aponta que talvez exista uma gramática universal que a faz ser compreendida dum mesmo modo por toda a humanidade, o certo é que a experiência auditiva e cultural de cada pessoa processa a música de forma substancialmente diferente. Também desvendou que as pessoas iniciadas aos cinco ou seis anos na prática dum instrumento musical, quando o cérebro possui a maior plasticidade, têm um número especialmente elevado de conexões neuronais e uma maior densidade de massa cinzenta. Além disso, os estudos com neuroimagens demonstraram que os músicos com ouvido absoluto têm uma intensa activação da zona cortical frontal, o que não se aprecia no resto dos músicos. É o caso de grandes génios criativos como foram Mozart, Wagner ou Beethoven. O treino musical afecta a estrutura do cérebro e ajuda a um maior aproveitamento dos dois hemisférios.

Uma das obras que mais empatia e experiências de prazer origina é o "Cânone" de Johann Pachelbel (1653-1706) quando está interpretado em tempus cardiacus, é dizer, no ritmo de um segundo. Uma menina, estudante de violino, ao ouvir pela primeira vez o famoso "Cânone" disse para sua mãe: "nunca ouvira uma música tão bonita". O que ela estava a experimentar era uma acomodação das suas ondas cerebrais ao ritmo biológico, e isso induzia-lhe um sossego prazenteiro que em determinadas circunstâncias pode transportá-la para um estado de êxtase ou nirvana. Por outra parte uma leitora me descreve a sua experiência com o "Prelúdio e morte de Isolda" de Wagner, no qual essa vagarosa tensão da suspensão tonal lhe faz sentir uma excitação emocional de enorme intensidade, chegando inclusive à tremulação.

Mais duma vez tenho escutado experiências similares com outras obras como "O Moldava" de Smetana que, para além do texto descritivo sobre o decurso do rio, põe em pé a coreografia de dois corpos deslizando-se demoradamente na procura duma tensão e compenetração crescente que possibilita a grandiosa fusão luminescente final. Talvez nessa resposta do cérebro está o segredo da rápida difusão de "O Moldava" pelo mundo inteiro, e que fosse esta a obra elegida para lhe dar as boas-vindas oficiais à moeda única europeia.

O tantrismo, que se baseia na coordenação subtil entre a mente e o corpo humano, utiliza o sexo, e o orgasmo sem ejaculação, como fonte de energia para abrir a mente à espiritualidade e à criatividade. Sei que alguns músicos praticam esto de modo instintivo em dilatadas jornadas de amor. Essa energia psicossexual conhece-se com o nome de Kundalini e além do caminho tântrico existem outros para chegar a ela. O celibato da Igreja Católica era, na sua origem, parte duma técnica de iniciação baseada no pensamento rítmico para despertar a energia procriadora e a transformar em criativa, mas o celibato como argumento em si mesmo e despossuído da função canalizadora é pura repressão.

Agora a ciência veio explicar que a droga e a música compartilham o mesmo prazer, mas é raro que um profissional da música culta em activo aceite prazeres menores e passageiros depois de experimentar a intensidade prazenteira da música. Quando já tinha pronto o artigo descobri que o meu médico já está a aplicar a psico-fono-terapia, que consiste grosso modo em corrigir o cérebro por meio de frequências sonoras a partir do mapa cerebral do paciente. Cefaleias, depressão, ansiedade, hiperactividade infantil, stress, insónia, são algumas das coisas que a música curava intuitivamente e agora também cientificamente.

Pitágoras dizia que tudo o que se move produz um som. As células do cérebro, e as do corpo inteiro, produzem sons ainda que não sejam audíveis pelo ouvido humano. Quando duas pessoas se encontram e a música das suas células harmonizam, acontece uma transferência de energia que o cérebro regista como um arrepio –sexual, gastronómico ou musical?♦

ant@soutelo.com

# *O que hai*

FRANCISCO CARBALLO

**Hai dous mundos, un A de ricos, outro B de empobrecidos. Aparecen como opostos, mais teñen que conquistar converxencia. O mundo A de poder económico e de xerencia militar; o mundo B –ao que chamamos convencionalmente 3ª Mundo– de fame, carencias e subordinación. Como converxer?**

**O 3º Mundo comeza a dar probas de que pode saír da subordinación e da pobreza. Aí está a China que desprega unha concentración de poder tecnolóxico, militar e científico alternativo. Aí está a India, desigual, incoherente, mais de avances sorprendentes. E aí están illas de desenvolvemento como Mercosur, etc.**

**Do 3º Mundo emigran persoas decididas, preparadas, audaces. Estas no Mundo A poden ser "quinta columna" de atracción, ou retornados a dirixir polos de cambio nos seus países.**

**Estou a ollar unha das caras da moeda; a outra é de inquedanza. No 3º Mundo, os que alí permanecen, ollan inxustiza, opresión e colonialismo de saqueo por parte de empresas e de poderes do 1º Mundo. Carecen de medios para remediar tal situación. A desesperación e unha má conselleira; multiplícanse os colectivos "terroristas". Hai un terrorismo criminal, mais hai outro de fondo político que expresa o fracaso na busca de liberación. O simplismo nas análises do "terrorismo" é rexeitábel.**

**O terrorismo con principios subxacentes de transformación conta con tecnoloxías, con redes de mundialización. O Mundo A debe aprender: non cabe máis o colonialismo, nen as trampas embaucadoras. Hai que entenderse: por un lado cómpre unha alternativa global de distribución da riqueza, do poder e da xestión mundial fronte ao sistema actual inxusto. Unha ONU, un Consello de Seguridade, un Tribunal de xustiza democráticos. Ollemos a celebración en curso do 5º FSM de Porto Alegre: a prol de igrexas de liberación, de formacións políticas superadoras do Estado-nación, do monopolio financieiro etc. O que hai, non serve; "quen busca, atopa"; isto é o razoábel, o sensato.** ♦

# A Ucha das Horas

**Felipe Senén**

F. SENÉN

## O conxunto parroquial

Falta o párroco, faltan as crenzas e múdanse as beatarías, as esmolas penitenciarias... esmorece ese escenario relixioso no que convivía a parroquia dos vivos coa memoria do pasado, a parroquia dos mortos. O conxunto parroquial pasa a ser un pardiñeiro cuberto e disimulado na paisaxe polas silveiras. Historia esta popular que pode non pasar á historia deseñada por outros grandes acontecementos. Escenario, couto sacro que lle dá unha aperta ao templo, medida arquitectura que, co saber e o poder de cada tempo, tenta imitar a harmonía astral, sempre tan en relación co divino. Espazo murado que pecha o adro ou camposanto, con algo que rememora a Horta das Oliveiras, chan enlousado de gastadas campas de defuntos para pisar no presente, espazo de símbolos que acolle igualmente o osario para as cinzas dos devanceiros, herbas sobre as que se ergue o varal desa outra "Árbore de Redención", celebrada en tempo dos *maios*, que quere ser o cruceiro. Enxergando todo ese conxunto parroquial dos fregreses está a xeométrica e solemne reitoral, solidamente asentada e construída, impoñendo rango, coa súa cheminea que rivaliza coa espadaña da igrexa ou do pazo, adegas, cuartos, sobrado de madeira, artesas, uchas, alzadeiros... todo propagando cheiro a guiso e a incenso; solaina e xanelas con vello parladoiro ollando para o espazo sacro e profano no que se desenvolve a vida do común: encrucillada de camiños que foron reais, lameiros, agras, gando, combarrizos, eiras, hórreos, pombais, fornos... caseiros; o afiado e sempre verdescente ciprés, rebordante en rechouchíos pregoa fecundidade. Paisaxe esencial da Galiza enxebre, tópica e espepentizada tamén. Ambientes ben recollidos e dignificados polas buscas modernistas de pintores como Álvarez de Soutomaior, LLoréns, Seijo Rubio, Castelao... Conxunto parroquial, espazo comunal construído con amor e desamor, mediante foros, bulas, penitencias, esmolas, administrado polo párroco, comandado por sancristáns, noutrora especie de necesario mago en terra de magos, personaxe entre o divino e o humano para aconsellar en cuestións do espírito, para gardar memoria e necesarios ritos que afortalan a parroquia, o grupo, intermediando entre os devotos e os santiños de pau, entre as tradicións de festa e sacramentos que se alongan de nacemento a morte, escribano, cronista, vida contabilizada en documentos e arquivos que dan fe dun pasado intrasferíbel. Moitos destes espazos hoxe expoliados, enmudecidos, cando tiveron voz propia no tanxer das campás que a rebato ou repenique anunciaban desgrazas ou ledicias, que contabilizaban as horas do reloxio, de matinas, culminando no *angelus* e seguindo ás vésperas, para ser substituídas por altofalantes con fitas magnetofónicas, por carillóns electrónicos de catálogo global. A contaminación acústica tamén planea dende as espadañas polos lameiros rurais.

Sorprendentes casas reitorais, en ocasións ben coidadas, pese aos poucos medios, polo esforzo, servindo á parroquia, como a de Hío, en terras de Aldán (Cangas), a carón dese magnífico cruceiro, cimo da cantaría, obra de Cerviño; pola contra a de Ourantes en terras de Punxín, pecha hoxe entre seus valados e garitas que se defendían da gavelas de Pepa a Loba, esquelete agora do que foi; a casa reitoral de Carnota que deixou perder a súa chumbeira milenaria a carón do grande hórreo, a de Meira, que foi mosteiro... e miles de casas reitorais, como parroquias hai dende tempos suévicos.

Na Bretaña, da que algo hai que aprender en xestión patrimonial, á beira dun calvario labrado en pedra, vimos abertas as portas dunha igrexa, entramos e sobrecolleunos a música de órgano: mozos e nenos aprendían música de Bach. A igrexa, parroquia de todos, estaba viva e a arte, esa parte esencial da harmonía divina raiolaba dende perto do altar. Polo de agora aquí, entre tanto abandono consentido, cando se fala de tantos planos de recuperación e xestión arredor destes espazos que gardan tantos encontros e desencontros da historia popular de Galiza, préstase entoar, como o faría Otero Pedrayo o *Dies ire, dies illa-solvet saeculum in favila*. ♦


# As Bioinvasións na Galiza

**Xurxo Pérez Pintos**
**Xosé Bouzó Fernández**

Colección: NÓS OS GALEGOS

**OS CENTOS DE ESPECIES QUE COLONIZARON GALIZA: A ROLA TURCA, O ARGAZO, O VISÓN AMERICANO OU A COTORRA ARXENTINA. TAMÉN A MIMOSA, O EUCALIPTO OU A PERCA AMERICANA. CASOS DA AMPLA NÓMINA DE BIOINVASIÓNS QUE SOFRE A NOSA TERRA E UNHA EVALUACION DOS SEUS RISCOS CERTOS.**

**A NOSA TERRA**

36 A Nosa Terra

Nº 1.161 ● Ano XXVIII ● Do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2005

## O Trinque

### *Ni uno vivo*

O 31 de xaneiro do 1980, un grupo de traballadores, estudantes e activistas indíxenas guatelmatecos entraron na embaixada española da capital centroamericana. O goberno mandou á zona a policía cunha orde resolutiva: "que non quede un vivo". O programa 'Documentos TV' (TVE-2) ofrece a reportaxe *Ni uno vivo*, o domingo, 30 de xaneiro, ás 23 horas.♦

# LeCeR

**Coordinación: Xesús Vaamonde Cid**

GUIEIRO DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

**Teatro Avento representa *E agora que facemos?* este domingo 30 no *Forum Metropolitano* da CORUÑA**

## Narf

É dicir, **Fran Pérez,** artista que lle imprime aos seus directos unha calidez que convirte o público en cómplice. A ironía, a poesía, as historias cotiás, os feitos extraordinarios, o inconformismo e, sobre todo, a orixinalidade destacan nas súas letras. Actúa este venres 28 ás doce da noite na *Pousada das Ánimas* de **BOIRO** e o sábado 29 no *Roi Xordo* de **ALLARIZ** ás once e media.♦

## Astrud & Superputa

Astrud, dúo capaz de combinar a electrónica co pop máis acústico e facer desde baladas rompedoras até hits bailabeis, letras cheas de ironía e humor contando verdades coma puños... estarán, acompañados polos Superputa, o xoves 3 ás 22:30 na sala *Capitol* de **SANTIAGO** (antecipada en *Tipo, Gong* e *A Reixa*); o venres 4 no *Playa Club* ás 00 h. da **CORUÑA** (en Portobelo e Nonis); e o sábado 5 escoitaremolos na *Iguana Club* de **VIGO** ás 00:30 h. (antecipada en LP, Columna, Gong e Casa de Arriba). As entradas custan 10 euros, antecipada, ou 12, na billeteira.♦

## Betanzos

■ **EXPOSICIÓNS**

MANUEL FACAL
O *Centro da Estampa* exhibe unha selección da súa obra até o vindeiro luns 31.

I MASTER
SOBRE OBRA GRÁFICA
Até este domingo 30 de xaneiro podemos contemplar esta mostra colectiva, consecuencia do I Master sobre a Obra Gráfica, organizado pola *Fundación CIEC*, que é onde se encontra.

## Bueu

■ **EXPOSICIÓNS**

PIONEIROS
DO CINE GALEGO
Esta mostra pódese visitar no *Museo Massó* até este domingo 30 de xaneiro.

## Cervo

■ **EXPOSICIÓNS**

DE CUBA
PARA GALIZA...
*...no centenario das Sociedades de Instrución* é o título da mostra que poderemos contemplar no *Museo Histórico* de Sargadelos, até o 11 de febreiro (de martes a sábado de 10:30 a 14 e de 15:30 a 18:30)..

## Chantada

■ **EXPOSICIÓNS**

SEIS PINTORES
LUCENSES
Poderemos visitar esta mostra colectiva, até este domingo 30 de xaneiro, na *Casa da Cultura*.

## A Coruña

■ **ACTOS**

JOAQUÍN LEGUINA
Co gallo da exposición *Ruedo Ibérico: un desafío intelectual*, que se exibe na *Fundación Luís Seoane*, neste lugar, o venres 28 ás 20 h. o escritor e deputado falará sobre ***Ruedo Ibérico e o novo exilio.***

ROTEIROS A PÉ
A asociación cultural *Colectivo Camiños* organiza, unha nova tempada, de roteiros abertos á participación de calquera persoa interesada, por un prezo de 2 euros, con saída desde a *Estación de Autobuses*, sobre as 11 da mañá dos domingos para voltar á tardiña. Este domingo 30 visitan a zona de Miraz en Guitiriz. Ademais, como novidade, o colectivo pon en marcha, xunto coa recén constituída asociación de consumo consciente *Millo Miúdo*, a actividade ***Horta***, de achegamento a agricultura ecolóxica, para o que contan cunha terra no concello de Cambre. Máis información no telf. 649 759 734 (David), ou no local da asociación sito na rúa Tren 5, baixo.

CONTACONTOS
Os máis cativos gozarán, na *Biblioteca Pública* este sábado 29 coa historia d'***O pescador e a súa muller***.

■ **CINEMA**

CGAI
O *Centro Galego de Artes da Imaxe* continúa co ciclo adicado ao director **Tsai Ming-liang**, do que podemos ollar este xoves 27 ás 20:30 h. ***Vive l´amour*** (1994). O venres 21 ás 20:30 h. podemos contemplar ***Secreto tras la puerta*** (1948), de **Fritz Lang**. Do israelí **Amos Gitai** (Haifa, 1950), proxéctanse as fitas ***Le jardin pétrifié*** (1993), este venres 28 ás 18 h; e ***Devarim*** (1995), o sábado 29 ás 20:30 h. No ciclo adicado aos *Independentes Americanos* ollaremos este venres 28 ás 20:30 ***Erection*** (1971) e ***Rape*** (1969), de **Yoko Ono** e **John Lennon;** o sábado 29 ás 18 h. ***In the year of the pig*** (1968), de **Emile de Antonio;** e o luns 31 ás 20:30 h. ***Sweet sweetback´s baadasssss song*** (1971), de **Melvin van Peebles**. Máis información en www.cgai.org.

COLOQUIO
CINEMATOGRÁFICO
Proxección e coloquio ao redor das curtametraxes *Santa do Maracatu*, *Capiba*, *ontem, hoje e sempre*, *Um instante maestro Nelson Ferreira*, *Trajetória do frevo* e *O último bolero no Recife*, do director brasileiro **Fernando Spencer Hartmann.** que estará presente. O martes 1 ás 20.30 h. Aula de Cultura de *Caixa Galicia*, organizado pola AC Alexandre Bóveda.

■ **EXPOSICIÓNS**

ARQUITECTURAS
AUSENTES DO S. XX
Esta mostra organizada pola *Fundación Barrié* e o Ministerio de Vivienda amosa 21 obras que foron proxectadas pero non construídas, ou que foron construídas e perduraron un breve espazo de tempo, ben polo seu derrubo ben pola súa concepción como construcións temporais. Proxectos de **Alvar Aalto**, **Wales Gropius**, **Le Corbusier**, **El Lissitsky**, **Adolf Loos**, **Mies van der Rohe**, **Alejandro de la Sota**, **Giuseppe Terragni** ou **Frank Lloyd Wright**, que poderemos admirar até o 15 de maio. Desde o luns 31 a sede desta fundación tamén acolle a mostra ***Galicia en Arquitectura XXI,*** na que se fai un percorrido pola creatividade e produción arquitectónica no noso país, desde as orixes da arquitectura moderna até a actualidade, con obras de 51 profesionais, entre os que se pode atopar a **Alejandro de la Sota**, **Ramón Vázquez Molezún**, **Peter Eisenman**, **Enric Miralles**, **Aldo Rossi**, **Álvaro de Siza**, **Arata Isozaki**, **Manuel Gallego**, **Víctor López Cotelo** ou **César Portela,** entre outros. Parellamente a estas mostras organízanse diversos obradoiros didácticos para escolares e visitas guiadas para adultos. Máis información en www.fbarrie.org.

JIMENA BERENGUER
A librería *A Ver Ho* amosa as súas fotografías até o venres 11.

ISABEL ALONSO
O casino *Atlántico* exhibe unha selección dos seus cadros até o vindeiro mércores 2.

***Galicia en arquitectura XXI* é unha das mostras que poderemos contemplar na *Fundación Barrié* da CORUÑA.**

FEDERICO
GARCÍA CABEZÓN
*Co Atlántico na mirada* titula a mostra de fotografías que podemos contemplar na Casa de Cultura *Salvador de Madariaga* até o 6 de febreiro. Nela recóllense 75 imaxes realizadas entre 1970 e o 2004 que inclúe as series *Os últimos labregos*, *Chapapote* e *Finisterrais.*

VARI CARAMÉS
O fotógrafo mostra as súas imaxes, de gran formato, na galería *Ana Vilaseco*. A súa fotografía actual, aínda que parte de elementos figurativos, evolúe cara a abstracción onde ten especial relevo a cor.

WILDLIFE
PHOTOGRAPHER
OF THE YEAR
As imaxes do máis coñecido concurso internacional de fotografía sobre a natureza, na súa edición correspondente ao ano 2005, poderanse contemplar no *Aquarium Finisterrae.*

CARMEN CASCUDO
A súa obra amósase na galería *Portas Ártabras* até final de xaneiro.

CREACIÓN DIXITAL
Até o 16 de febreiro podemos visitar esta mostra no *Centro On Imaxin@rte*.

CHICAGO
Até o 14 de febreiro podemos ollar, no *Colexio de Arquitectos*, esta colección de fotografías sobre a cidade norteamericana.

DE HAES
Esta mostra de pintura permanecerá no *Museo de Belas Artes* até o 20 de febreiro.

LUÍS SEOANE
A fundación do mesmo nome acolle a mostra ***Homenaxe á Torre de Hércules, 49 debuxos*** do artista como celebración dos 60 anos da súa publicación.

A VIDA SECRETA
DOS LIBROS
*Editorial Media Vaca: 1998-2004*, mostra sobre o percorrido desta editorial

**Para a inclusión de información nestas páxinas do *Lecer* pregámosvos nolas fagades chegar antes dos luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101ou correo electrónico info@anosaterra.com**

## Carteleira

**SÓ UN BICO.** Ken Loach preséntanos unha película de amor entre unha irlandesa católica afincada en Escocia e un paquistaní de Glasgow. A intolerancia relixiosa e racial dificultan a relación entre os dous rapaces. Comedia romántica.

**A VIDA É UN MILAGRE.** O director iugoslavo Emir Kusturika (*Papá está en viaxe de negocios*) presenta unha das mellores películas da temporada. Ambientado na Servo-Bosnia, o filme reune humor, música, paisaxes, política, boas interpretacións, un excelente guión e a marca persoal, felizmente excesiva, do seu director.

**DÚAS IRMÁS.** Dúas irmás chegan á casa da súa madrasta, unha muller coa que teñen unha mala relación a consecuencia dun pasado escuro que non se remata de aclarar. Ademais, na casa comezan a suceder fenómenos estraños.

**DOPO MEZZANOTTE.** Un ladrón de coches, a súa noiva, a compañeira de piso desta e un vixilante do museo do cinema forman dous triángulos amorosos cunha intriga policial polo medio. Comedia romántica.

**SKY CAPTAIN.** O mundo recibe o ataque dunhas máquinas ao tempo que desaparecen varios científicos dun grupo de investigación secreto, de modo que o Capitán Sky e a xornalista Polly Perkins deben investigar que sucede.

**WHISKY.** Fita uruguaia, con interprete de orixe galego, Andrés Pazos. Película sobria, con grande economía de diálogos e de orzamento. Un xudeo, fabricante de calcetíns, debe recibir ao seu irmán que vive no estranxeiro. Para iso finxe que está casado.

**O ASOMBROSO MUNDO DE BORJA MARI E POCHOLO.** Santiago Segura, o protagonista, consegue meterse no seu personaxe de "pijo madrileño". Ben a retranca, a música e o ambiente. O peor, o guionista, que deixa a película a medio camiño.

**OS INCRÍBEIS.** Especie de familia supersónica. Revival dos 50, mesmo na ideoloxía. Mantén o ritmo, aínda que carece do humor e da ironía que se anuncian.

**BRIDGET JONES. SOBREVIVIREI.** Segunda entrega da irreverente Bridget Jones, neste caso cuns cantos quilos de máis. A rapaza namórase dun avogado da clase media-alta inglesa, mentres que un presentador de televisión anda atrás dela. Máis frouxa que a primeira parte, pero con algún gag grazoso.

**2046.** Ambientada probabelmente en Hong Kong (aínda que só se ve o cuarto dun hotel) está película goza de culto entre especialistas, grazas a imitar certo cine francés dos anos sesenta que, á súa vez, arremedaba o cine americano dos corenta, con Clark Gable de protagonista. Ben rodada e fetichista, pero cun argumento estereotipado que, no mellor dos casos, a achega ao cómic. A seguinte frase do actor principal é un exemplo: "Bebo para esquecer as preocupacións".

**UN TOQUE DE CANELA.** Terceira película que mitifica Estambul en tres anos, o que –casualmente– coincide coa preparación de Turquía para formar parte da UE. O fío condutor é a comida turca e as especias daquel país (todo o cal desaparecerá, por certo, o día que entre en vigor a normativa de Bruxelas).

**O TREN DE ZHOU YOU.** Dúas veces á semana, Zhou You percorre o país nunha viaxe en tren para visitar o seu noivo o poeta Chen Ching. Mais todos se preguntan se é un soño, se existe en realidade o trobador ou se só está no seu corazón. Bonita.

**O LOBO.** Un vasco inmerso na ETA-PM nos últimos anos do franquismo. Grazas á súa intervención desmantélase a cúpula da banda terrorista. Acción baseada en feitos reais de pretendida equidistancia. Reparto máis que aceptábel entre o que destaca a actuación de Eduardo Noriega.♦

## As laranxas máis laranxas...

O *Centro Dramático Galego* representa a adaptación da obra de **Carlos Casares** este xoves 27 en **Viveiro;** o domingo 30 e luns 31 poderemos ollala en **Pontevedra;** e do mércores 2 ao domingo 13 de febreiro estará no *Salón Teatro* de **Santiago de Compostela.** ♦

**Na Virada dá un concerto de música folc para crianzas este domingo 30 en MIÑO.**

na *Fundación Luís Seoane*, onde vai permanecer até o 6 de marzo. No mesmo lugar podemos admirar tamén a mostra ***Ruedo Ibérico, un desafío intelectual.***

■ **MÚSICA**

CON RAÍCES
O ciclo de concertos promovido polo Concello e Caixanova presenta en directo ás portuguesas **Tucanas**, o vindeiro xoves 10 ás 21 h. no teatro *Rosalía de Castro*. Entradas á venda na billeteira do teatro, ou no servizo de telebilleteira no teléfono 902 434 443, por 7, 9, 12 ou 15 euros.

■ **TEATRO**

E AGORA QUE FACEMOS?
É a nova obra de **Teatro Avento,** froito do traballo do grupo, unha obra orixinal, dinámica e divertida, con diferentes lecturas e asimilábel por todo tipo de público e de calquer idade. A escenografía e dirección é de **Xoán Abreu,** os instrumentos están a cargo de **Marcos A. Costas** e os intérpretes son **Benito Alonso Correa, Gloria Sampedro, Carlos R. Roca, Marcos A. Costas, Karina González, Natalia Villarino** e **Xoán Abreu.** Estarán este domingo 30 ás 20:30 no auditorio do *Forum Metropolitano*.

## A Estrada

■ **MÚSICA**

POR ASIA
A sala *Lennon* acolle, a partir das 22 h. deste venres 28, unha gala solidaria co suleste asiático na que se escoitarán as voces da portuguesa **María do Ceo**, ou das galegas **Pili Pampín**, **Sabela** ou **María do Íncio**, ás que se sumará a actriz **Teté Delgado** como presentadora do recital xunto con **Antonio Durán *Morris*, Isabel Blanco**, **David Amor**, **Isi** e **Ali**, ou os humoristas **Farruco**, **Cándido Pazó** e **Santi Prego**. As entradas e bonos de fila cero están á venda por 5 euros na *Oficina de Información Xuvenil, Protección Civil*, o departamento de *Cultura* e os institutos *García Barros*, *Antón Losada* e *IES Nº 1*.

## Fene

■ **ACTOS**

CAMPO DA FESTA
Como en anos anteriores, este 30 de xaneiro na *Casa da Cultura* a partir da 19 h, celebrarase a IV edición do *Campo da Festa*, trinque para que a mocidade, ou calquer outra persoa, amose as súas habelencias musicais. Para esta edición confirmaron a participación os grupos **Ozono 3, Tuladopop, Último Giro, Deep Pain, Desiré** e **Rockicide**.

■ **EXPOSICIÓNS**

SEO
Que vén sendo o artista ourensán **Antonio Fernández Seoane** e que, baixo o título *Becherías*, e organizado polo *Obradoiro Un Paseo polas Artes*, ten unha mostra da súa obra na *Casa da Cultura.*

PAISAXES DO MAR
Na *Casa da Cultura* podemos ollar as fotografías submariñas realizadas por **David Deibe López.**

CURUXAS 04
Mostra conmemorativa dos premios *Curuxa*, con máis de un cento de traballos gráficos de todo o mundo. No *Museo do Humor.*

**Silvia Penide toca este xoves 27 no *Clavicémbalo* de LUGO.**

## Ferrol

■ **ACTOS**

SOLIDARIEDADE CON PALESTINA
A AC *Fuco Buxán* organizou unhas xornadas de solidariedade con Palestina na galería *Sargadelos*, que comezaron o pasado luns 24. Este xoves 27 ás 20 h, **Safa Mohamet,** delegado da OLP na Galiza, dará unha conferencia e, posteriormente, haberá un recital de poesía na que intervirán **Necha Díaz, Viy Taibo, Rosa Méndez** e **Fernando Ocampo.** Até o luns 31 poderemos contemplar unha exposición fotográfica en homenaxe á muller palestina e, ás 20 h. proxectarase o documental ***Jenín, Jenín,*** presentado polo crítico **José Torregrosa,** á que lle seguirá un coloquio.

A CONSTITUCIÓN EUROPEA
O salón de actos do *Ateneo* acolle a conferencia de **Fernando García Agudín** este venres 28 ás 20 h. O martes 1, de 12 a 14 e de a 20 h, farase unha lectura da Constitución europea.

■ **EXPOSICIÓNS**

DIEGO GÓMEZ
O centro *Carvalho Calero* acolle esta mostra até o luns 31.

SGHN
A Sociedade Galega de Historia Natural abre ao público o seu museo, no que se poden contemplar esqueletos de diferentes animais e unha colección de pegadas e de minerais, entre outros elementos. O horario é de 9:30 a 13:30 e de 16:30 a 20:30, de luns a venres.

## Gondomar

■ **ACTOS**

TERTULIAS DO IEM
O encontro desta ocasión terá como protagonista o profesor e dirixente político **Miguel Barros**, que será presentado polo psicólogo e concelleiro **Rafael Lores Rosal**. Poderemos escoitalos o vindeiro venres 4 ás 20:30 h. no *Pazo da Escola* no Barrio da Moreira en Mañufe.

■ **LEITURAS**

OS ARRISCADOS
Título do libro do que é autor **Miguel Anxo Mouriño** que o presentará este venres 28 ás 20:30 na *Casa da Cultura*. O acto será presentado por **Bieito Legaspi,** do Instituto de Estudos Miñoranos, e acompañarán o autor **Estanislao Fdez. de la Cigoña** e **Xosé A. Neira Cruz.**

## Lugo

■ **EXPOSICIÓNS**

ARTE TÉXTIL CONTEMPORÁNEA
Podemos visitar esta mostra, até o 30 de xaneiro, na capela de *Santa María*.

ISAAC DÍAZ PARDO
Na *Fundación Caixa Galicia* podemos ollar esta retrospectiva da súa obra pictórica, composta por cadros pertencentes aos fondos da entidade.

NARRACIÓNS
O ceramista e artista plástico **Caxigueiro** presenta durante xaneiro no *Museo Provincial* o seu traballo dos últimos catro anos, de luns a sábado de 10:30 a 14 h. e de 16:30 a 20:30 h. e os domingos de 11 a 14 h. Festivos pechado.

■ **MÚSICA**

SILVIA PENIDE
Este xoves 27, a cantautora de 25 anos con 5 traballos baixo o brazo e xiras por Eslovenia, Croacia e Italia, apresenta no *Clavicémbalo* o seu último traballo titulado *Invisible*.

■ **TEATRO**

V MOSTRA CLÁSICA
No auditorio *Gustavo Freire* represéntase este xoves 27 ás 20:30 h. a obra ***Medea (La extranjera),*** adaptación de **Carlos Iniesta** a partir de textos de Eurípides, Séneca, Heiner Müller e outros, da man da compañía andaluza **Atalaya-TNT;** o venres 28 á mesma hora a compañía **José Estruch-Resad** achéganos a peza ***Castelvines y Monteses,*** de Lope de Vega, nunha versión de **Darío Facal** dirixida por **Aitana Galán;** e o sábado 29 poderemos ver ***El lindo don Diego,*** de Agustín Moreno, adaptada e dirixida por **Eva del Palacio** e representada pola compañía madrileña **Morboria Teatro.** As entradas pódense adquirir por 6 euros na caseta da Praza Maior de 12 a 14 h. ou unha hora e media antes de cada función no *Gustavo Freire.*

## Miño

■ **MÚSICA**

NA VIRADA
O grupo dá un concerto de música folc para crianzas, cun repertorio pensado especialmente para elas, no Centro Social "A Rúa" o domingo 30 ás 19 h.

## Moaña

■ **ACTOS**

COLOQUIO CINEMATOGRÁFICO
Proxección e coloquio ao redor das curtametraxes *Santa do Maracatu, Capiba, ontem, hoje e sempre, Um instante maestro Nelson Ferreira, Trajetória do frevo* e *O último bolero no Recife*, do director brasileiro **Fernando Spencer Hartmann,** que estará presente. Este venres 28 ás 20:20 h. Salón de Plenos do Concello.

## Oleiros

■ **CINEMA**

COLOQUIO CON FERNANDO SPENCER
Este director brasileiro, especialista en cinema documental (ten recollida a cultura popular pernambucan e do movemento do Recife en distintas fitas) proxectará algúns dos súas curtas, e posterior coloquio, o mércores 2 ás 20:30 n'A Fábrica, en Perillo.

## Ourense

■ **EXPOSICIÓNS**

XOÁN BOSCO NA FOTOGRAFÍA DO S. XIX
Até final de xaneiro podemos visitar esta mostra na asociación xuvenil *Mencer*.

## Ponteareas

■ **EXPOSICIÓNS**

AS CORES DO MAR DE GALIZA
A sala de exposicións do auditorio municipal *Reveriano Soutullo* acolle, até final de mes, esta mostra de 50 fotografías submariñas realizadas por **José Luis González.**

**Carlos Blanco actúa este venres 28 no *Liceum* do PORRIÑO.**

## Pontedeume

■ **EXPOSICIÓNS**

DEZ ANOS DE TREME A TERRA
Até o 6 de febreiro, poderemos visitar, no baixo do Concello, dúas mostras sobre os *Dez Anos de Treme a Terra* e ***A reconversión naval nos 80.*** Ademais, no *Tostaky*, outra exposición sobre ***As mobilizacións da actual reconversión.***

## O Porriño

■ **ACTOS**

CARLOS BLANCO
O coñecido actor fai unha gala este venres 28 ás 23 h no café-bar *Liceum.* A maiores tocarán os **Cool Hamster.** Entradas antecipadas a 5 euros, 6 na billeteira.

COLOQUIO CINEMATOGRÁFICO
Proxección e coloquio ao redor das curtametraxes *Santa do Maracatu, Capiba, ontem, hoje e sempre, Um instante maestro Nelson Ferreira, Trajetória do frevo* e *O último bolero no Recife*, do director brasileiro e especialista en cine documental **Fernando Spencer Hartmann,** que estará presente. O próximo venres 4 ás 20:30 h. na *Casa da Cultura*.

■ **EXPOSICIÓNS**

PORTUGALES
É unha mostra dun colectivo de artistas de distintas rexións portuguesas que, a través da pintura e a escultura, quere recoller os principais momentos creativos da actualidade do país veciño. *Paisaxes* é como titula **Lisi González** a súa serie fotográfica sobre o corpo humano como parte da paisaxe. Ambas mostras estarán no *Liceum* até o 11 de marzo.

## Santiago

■ **ACTOS**

SANGUE SOBRE SILENZO
É o libro de **Brais González Pérez** que presentará este venres 28 ás 20 h na galería *Sargadelos*. Ademais do autor asistirán os profesores **Xiao Roel** e **Antón Figueroa,** xunto co presidente da AELG, **Eulogio Ruibal.**

MERCEDES RUÍZ-GIMÉNEZ
InteRed Galicia organiza esta conferencia que terá lugar o venres 28 ás 19:30 na *Fundación Caixa Galicia* (Rúa do Vilar 19).

■ **CINEMA**

MIKIO NARUSE
É o director xaponés da película ***A nai / Okasan*** (1952), que o cine clube *Compostela* proxectará o mércores 2 ás 20 e 22:30 no cine *Yago*. Ademais proxectarase a curta ***Emak-bakia,*** de **Man Ray** (Franza, 1926).

BERTOLT BRECHT
Ciclo que o cine *Yago* adica o autor alemán. O mércores 9, ás 20 e 22:30 h, podemos ollar ***A quen pertence o mundo? / Kuhle Wampe*** **(Slatan Dudow,** Alemaña-Suíza, 1932); o xoves 10 en sesión única ás 20 h, ***O meu nome é Bertolt Brecht-Exilio nos EUA / My name is Bertolt Brecht*** **(Norbert Bunge - Christine Frische-**



***Terra firme* (2004), acrílico sobre aluminio, obra do artista portugués Pedro Calapez, do que podemos ollar unha mostra no CGAC de SANTIAGO.**

**Defoy,** RFA, 1989), e ás 22:30, tamén en sesión única, ***Os verdugos tamén morren* / *Hagmen also die*** **(Fritz Lang,** EUA, 1943); o mércores 16 ás 19 e 22:30, ***Sombras* / *Shadows*** **(John Cassavetes,** EUA, 1959), xunto coa curtametraxe ***A marcha* / *The march*** **(James Blue,** EUA, 1963); e o mércores 23 ás 20 e 22:30, ***O que leva as labazadas* / *He who gets slapped*** **(Victor Sjöström,** EUA, 1924), xunto coa curta ***Idilio na praia* / *Idylle à la plage*** **(Henri Storck,** Bélxica, 1931)

■ **DANZA**

DISQUE DANZA
A compañía viguesa actúa desde este xoves 27 ao sábado 29 ás 22 h. na sala *Nasa*.

■ **EXPOSICIÓNS**

PEDRO CALAPEZ
A exposición *Piso Zero* inclue, principalmente, pinturas, debuxos e acuarelas realizadas entre 2001 e 2004, algunhas delas inéditas e creadas adrede para esta mostra que poderemos contemplar no CGAC até o 27 de marzo. Pedro Calapez é un dos pintores portugueses que máis sabiamente construíu o seu proxecto artístico, soubo enraizar cada proxecto nun lugar, nun tema ou nun momento específico, unindo esta espacialidade á conquista da pintura abstracta.

ALFONSO COSTA
*A vertixe na mirada*, mostra deste pintor noiés que podemos contemplar no salón artesonado do *Colexio de Fonseca*.

**Alfonso Costa mostra a súa obra no Colexio de Fonseca en SANTIAGO.**

EDUCAR UNHA MULLER...
*...é educar un pobo é* a mostra, organizada por InteRed Galicia, que podemos contemplar na Aula de Cultura de Caixa Galicia (Carreira do Conde 18) até este venres 28.

ADOSADOS
A *Fundación Granell* amosa, até o 15 de marzo, diversos traballos de artistas novos.

SKY SHOUT
A mostra *A pintura despois da pintura* pódese ollar, até o 27 de marzo, no *Auditorio de Galicia*.

**Até o domingo 30 Matarile Teatro estará no *Principal* coa obra *Historia Natural (eloxio do entusiasmo).***

GALICIA EN FOCO
Unha mostra de fotografía con maior prestixio. Trinta traballos de 15 fotoxornalistas galegos, incluído Xosé Marra (*A Nosa Terra*). Até este venres 28 de xaneiro, na sede do Colexio de Arquitectos de Galicia.

CODE CIVIL DES FRANÇAIS
Na Biblioteca *Concepción Arenal* da USC, no Campus Sur, até o 31 de xaneiro, recolle numerosos libros que ilustran os precedentes do Código Civil Francés, promulgado por Napoleón en 1804, aparición, consecuencias e como infuíu en España.

ANTONIO BALLESTER
*Greens* chámalle á mostra da galería *DF* (rúa de San Pedro 11) e onde poderemos contemplar vídeos con episodios da súa vida: en diferentes empregos temporais, enfermo, cos seus amigos... fotografías ou obra en papel de pequenas imaxes obtidas da páxina electrónica da Guarda Civil, que dan pé á reflexión sobre a orde, o prohibido, o permitido, o abstracto e o figurativo. Até o 12 de febreiro.

RAMÓN CONDE
Mostra unha escolma de seis esculturas, de distintas épocas, no Casino, durante xaneiro.

A GALICIA MODERNA
O *CGAC* acolle unha magnífica retrospectiva que aborda o traballo creativo nos diversos ámbitos artísticos (pintura, escultura, arquitectura, cinema, fotografía, literatura, teatro e deseño) durante os vinte anos transcorridos entre 1916 e 1936, pretendendo provocar a reflexión sobre o ritmo que marcaron os feitos culturais e acontecementos históricos no devir do noso país.

DE OCA A OCA... POLO CAMIÑO DE SANTIAGO
As fotografías de **Luisa Rubines** permanecerán no *Museo das Peregrinacións* até o 30 de xaneiro.

## Convocatorias

CAMIÑAR PREGUNTANDO: PRECARIEDADE, POR QUÉ EN FEMININO?
Obradoiro organizado pola Asemblea de Mulleres de Galiza Nova de **SANTIAGO** para este sábado 29 ás 17 h. na rúa do Home Santo 54, baixo. Proxectarase *Precarias á deriva*, vídeo de testemuñas sobre a precarización feminina; tres mulleres contarannos a súa experiencia e, ademais, entregarase un dossier sobre a materia. Trátase de que asistamos o maior número de mulleres para falar do que entendemos por precariedade, como experimentamos o traballo ou a falta del, como nos organizamos, as responsabilidades familiares e a dobre xornada que temos que facer e que espectativos temos a curto e longo prazo no mercado laboral. As mulleres somos auténticas malabaristas, con frecuencia con rendas moi baixas, calendarios delirantes e moita contabilidade creativa. Pero non nos gusta laiarnos. Queremos facer da nosa condición un desafío. Tecer redes que amortigüen as posibeis caídas e, sobre todo, tirar o medo a caer. Apuntate en mulleresgncompostela@gmail.com

XIV PREMIO MANUEL MURGUÍA
O Concello de Arteixo convoca este certame de narracións breves no que poden participar aqueles autores que o desexen cun único relato, orixinal e inédito, de temática libre e escrito en lingua galega. Os traballos, dunha extensión mínima de 15 folios e un máximo de 30 mecanografados a duplo espazo e por unha soa cara, enviaranse, por cuadriplicado e só co título e un lema nun sobre pecho, no que se aportará o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo do autor antes do 1 de marzo, ao Concello de **Arteixo**, praza Alcalde R. Dopico 1, 15142.

XXII PREMIO XERAIS DE NOVELA
Ao que poderán concorrer todos aqueles persoas, de calquera nacionalidade, que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente, con traballos inéditos e totalmente orixinais. De cada obra entregaranse seis copias en papel, tamaño folio ou holandesa, mecanografados a duplo espazo, antes do 11 de abril nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, SA, Doutor Marañón, 12 - 36211 **Vigo.** Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, axuntarase, en sobre pecho, o nome completo, enderezo e teléfono do autor/a e o título da obra, indicando no sobre: para o Premio Xerais de Novela. Edicións Xerais convoca igualmente A ***XX Edición do Premio Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil***, que se rexerá baixo as mesmas normas co anterior, tendo que indicar no sobre: para o Premio Merlín. Máis información no teléfono 986 214 888 ou en www.xerais.es

PREMIO DE NARRACIÓNS XUVENÍS RÚA NOVA 33
Poden participar todos os rapaces e rapazas que o desexen e que non teñan feito os 18 anos o día 2 de abril de 2005 con textos en galego ou castelán, dunha extensión mínima de 25 folios e máxima de 125 folios, mecanografados a duplo espazo e con letra de corpo 12. Os traballos presentaranse por quintuplicado e farase constar o nome, enderezo e teléfono, incluíndo unha fotocopia do DNI, Libro de Familia ou documento equivalente. Deben enviarse antes do 1 de marzo á *Biblioteca Nova 33* r/ Nova 33-2º, 15705 de **Santiago,** ao apartado de correos nº 637, 15780 ou a calquera das oficinas de Obras Socias de *Caixa Galicia* das principais cidades galegas. Máis información no 981 584 436 ou en bibnova33@telefonica.net.

IV CERTAME ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS
O Concello de Noia, a revista *Casa da Gramática* e o IES *Virxe do Mar* convocan este premio literario de relatos de aventuras, ao que poderán concorrer todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego e de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. A obra, cunha extensión entre 70.000 e 100.000 caracteres, presentarase por cuadriplicado en exemplares separados, mecanografados por unha única cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados, sen sinatura e cun lema, baixo o sistema de plica. Enviarase antes do 4 de marzo ao Concello de **Noia** (Rosalía de Castro 2, 15200). O xurado emitirá o seu fallo o 6 de abril, coincidindo coa data de nacemento de Antón Avilés de Taramancos. ♦

## D.O.G.

CONSELLARÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Véñense de convocar axudas para o fomento daquelas actividades destinadas a mellorar a produción e comercialización do mel, das que se poderán beneficiar aquelas persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas. Será requisito imprescindible estar inscrito no rexistro oficial apícola galego, polo menos con anterioridade ao primeiro de xaneiro do 2004. Na paxina electrónica da Xunta están recollidos todos os documentos que cómpre presentar coa solicitude.

CONSELLARÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Esta consellaría acaba de convocar axudas para o desenvolvemento de guións e para a realización de proxectos de produción audiovisual en lingua galega que incorporen novos realizadores ou sexan obras innovadoras. As solicitudes faranse mediante instancia dirixida ao conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo e presentaranse no rexistro xeral desta consellaría ou nos rexistros das delegacións provinciais. A información referida á documentación e os requisitos para poder ser beneficiarios pode atoparse no DOG do mércores 19 de xaneiro de 2005. ♦

## Vigo

■ **ACTOS**

CASA DO LIBRO
Dentro da programación de actividades desta libraría temos, este xoves 27 ás 20 h, as xornadas *Pensar Europa*, que acollen unha mesa redonda titulada ***A constitución europea: unha restauración conservadora?*** na que van intervir **Manuel Martínez Barreiro** de ATTAC, **Almudena Bergareche Gros**, Catedrática de Direito Constitucional da Universidade de Vigo, e o historiador **Rubén Carrera.**

■ **DANZA**

ROMEO Y JULIETA
O ballet de **Carmen Roche** actúa o vindeiro mércores 2 ás 20:30 h. no *CC Caixanova*.

■ **EXPOSICIÓNS**

sRUBÉN LEDO
Mostrará as súas pinturas na Casa da Xuventude até o 4 de febreiro.

FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA
As mellores imaxes pertencentes á *Colección de Telefónica* exhíbense desde este venres 28 e até o 5 de xuño na planta baixa do *MARCO*.

COLECCIÓN CAIXANOVA
A planta primeira do *Centro Social* da entidade acolle unha escolma de máis de 120 obras da súa colección particular, entre as que destacan as adquisicións máis recentes, onde a fotografía ten un lugar relevante.

CAROLINA MARTÍNEZ
A galería *Dua2* acolle até o 25 de febreiro a mostra *Un anaquiño de ceo*, de luns a venres de 11 a 14 h. e de 18 a 21 h., e os sábados de 12 a 14 h.

ARQUITECTOS GALEGOS
O Consello da Cultura Galega e a CRTVG organizan esta mostra de cartaces no *Colexio de Arquitectos*, que está acompañada do documental ***A idea construída.***

Mª CARMEN IGLESIAS
A *Sala II* do *CS Caixanova* acolle unha mostra da obra desta artista até o 6 de febreiro.

20 DESARRANXOS
O *MARCO* alberga unha mostra sobre o ***Panorama da arte brasileira,*** conformada por 57 obras en todo tipo de soportes, como instalacións, intervencións, obxectos, pinturas, gravados, esculturas, videos, etc... concebidas a partir da idea do desarranxo artístico de estruturas, materiais, da dimensión formal ou do contido das mesmas. Os participantes foron ecollidos por seren protagonistas impor-

■ **MÚSICA**

HAMS
No *pub Modus Vivendi*, este xoves 27, escoitaremos ao dúo **Hams,** con **Héctor Lorenzo** á guitarra e **Najla** coa voz.

REAL PHILARMONÍA DE GALICIA
Vai dar un concerto, baixo a dirección de **Paul Daniel,** con **Radovan Vlatkovic** na trompa e o tenor **Mark Padmore**, no que interpretará pezas de Haydn, Britten e Bethoven, este xoves 27 ás 21 h. no *Auditorio de Galicia*. O vindeiro xoves 3 poderemos escoitala baixo a batuta de **Antoni Ros Marbà** e con **Ilona Timtchenko** ao piano, presentando composicións de X. De Paz, S. Prokofiev e F.J. Haydn.

■ **TEATRO**

MATARILE
A compañía compostelana estrea, até o domingo 30 ás 21 h. no *Principal*, ***Historia Natural (eloxio do entusiasmo),*** un espectáculo de gran formato que xunta teatro, danza e música en directo. Os textos e a dirección é de **Ana Vallés,** as citas de **Peter Handke,** composicións orixinais de **Benjamín Otero**, o espazo e iluminación de **Baltasar Patiño** e os actores, bailaríns e músicos **Daniel Abreu, Mariu del Amo, Helen Bertels, Lorena Cobas, Pablo Doval, José Mª Golmar, Roberto Leal, Daniel Moreno, Sergio Zearreta, Guillermo Wickert, Enma Silva** e **Benjamín Otero.**

Rubén Ledo mostra a súa pintura na Casa da Xuventude de VIGO.

tantes destas orientacións, o que permitiu incluir a catro artistas que non naceron nen viviron no Brasil, como o galego Jorge Barbi, o belga Wim Delvoye, a chinesa Kan Xuan e o arxentino Jorge Macchi, dándolle á mostra un carácter máis temático e aberto.

NACHO MENÉNDEZ
Ten unha mostra da súa arte na galería *Chroma* onde permanecerá até o 9 de febreiro.

BIENAL CAIXANOVA
No *Centro Cultural* da entidade exhíbense, até o 13 de febreiro, os gravados participantes no recoñecido certame internacional.

NAVEGANDO ENTRE CULTURAS
Nestes días podemos visitar, na *Casa Galega da Cultura* (Praza da Princesa 29) esta mostra interétnica.

GALICIA, CAMIÑO CELESTE
Na *Casa das Artes* encóntrase esta exitosa mostra fotográfica de **Xurxo Lobato,** até o 30 de xaneiro.

■ **MÚSICA**

HEISSEL
Esta banda vai tocar en directo, xunto cos galegos **Revolujoin**, este venres 28 ás 00:30 h. na sala *Iguana Club*, cunha entrada de 5 euros. O vindeiro sábado 5 estarán no mesmo lugar o dúo barcelonés de pop **Astrud,** acompañado dos **Superputa,** para presentar o seu terceiro disco, *Performance*. Entradas á venda, por 10 euros, en *Elepé, Gong* e *Columna*, e por 12 euros na billeteira.

■ **TEATRO**

CON LAS ALAS CORTADAS
Este venres 28 ás 20:30 h. podemos ollar no *CC Caixanova* a obra de **John Godber**, adaptada e dirixida por **Ana Diosdado**, e protagonizada por **Blanca Marsillach** e **Juán Gea**.

ENSAIO
**Teatro do Noroeste** representa esta peza, escrita por **Eduardo Alonso** e protagonizada por **Luma Gómez** e **Manuel Areoso**, na que se narra o proceso de ensaios dunha obra de teatro, o vindeiro venres 4 ás 22:30 h. no *CC Caixanova*.

O ANTROIDO DOS ANIMAIS
A peza de **Saint-Saëns** represéntase o vindeiro domingo 6 ás 18 h. no *CC Caixanova* da man dos **Monicrekes de Kukas**, nun espectáculo musical de marionetas de gran formato, interpretado en directo polos músicos da **Camerata Quiodi,** e cunha introdución didáctica a cargo de **Paula Carballeira**. Localidades á venda por un prezo único de 2 euros.

## Porto

■ **EXPOSICIÓNS**

PORTOCARTOON
Os gañadores das seis edicións do PortoCartoon, considerado un dos tres principais concursos humorísticos do mundo, xunto coas mencións de honra, no Museu Nacional da Imprensa até o 31 de marzo.



COLECCIÓN DO CONCELLO DE VIGO
Mostra fotográfica, criada a partir das fotobienais, con obras de profisionais galegos e internacionais (Willian Klein, W. Eggleston, Álvarez Bravo, Flor Garduño, Pere Formiguera, Robert Frank, Les Krim...), no Centro Portugués da Fotografía até o 13 de marzo.

■ **MÚSICA**

JUSTIN BOND
*Kiki & Herb* é unha criación de Justin Bond e Kenny Mellman, que presenta as tribulacións deste dúo ficticio ao longo de unha xornada de catarse con interpretacións de rock, pop, underground ou vintage, dos Styx aos Radiohead ou Eminem. Bond é unha lenda do travestismo en New York e San Fancisco e o seu traballo foi definido como "cabaré feito como guerrilla urbana". O sábado 29 no Auditório Mac Serralves ás 22 h.

ARNALDO ANTUNES
Fundador dos *Titãs*, un dos grupos fundamentais da música brasileira, seguiu a súa carreira a solo, tivo tempo, aínda, para aventuras "tribalistas" de tanto éxito como as anteriores etapas. Estará no *Rivoli Teatro Municipal* o luns 31 ás 21:30 h. traendo na bagaxe o seu último traballo *Saiba*.

## Lisboa

■ **EXPOSICIÓNS**

JÓIAS DA TERRA
Uha visión particular da xeoloxía da da explotación das minas da Panasqueira, de onde se extrae o wolframio en cristais, moitos de gran beleza, sendo presentada unha selección de especimes extraordinarios. No *Museu Nacional de História Natural* até o 30 de xuño.

## Madrid

■ **MÚSICA**

BALDO MARTÍNEZ GRANDE ENSAMBLE
Este xoves 27 ás 20 h. e o venres 28 ás 22 h. preséntase, no *Círculo de Bellas Artes*, dentro da programación do *Festival Internacional Escena Contemporanea*, o ***Proxecto Miño,*** xurdido por encargo do *Festival Internacional de Jazz de Guimaraes*, vai xa para 5 anos. Nesta ocasión contarase, ademais, coa participación especial do virtuoso zanfonista francés **Valentín Castrier.** ♦

En VIGO podemos visitar unha mostra sobre arte brasileira que se atopa no MARCO. Na imaxe, *Os ríos por meu fluído entrego meu coração,* de Leonilson.

## A Rede

CONSTITUCIÓN EUROPEA EN GALEGO
http://www.esquerdanacionalista.com/novas/const_ue.htm

Para os que están a favor e en contra, Esquerda Nacionalista colgou na rede unha versión íntegra da Constitución europea no noso idioma que inclúe todos os anexos. Tamén se inclúen artigos de opinión sobre este texto. ♦

FOTOGRAFÍA E PINTURA
**Emilio López Bastos, Xela Conde Fernández** e **Carlos R. Leyenda** teñen unha mostra de fotografía dixital e pintura na *Casa do Libro.*

BOUZAS-VIGO. CEN ANOS DE UNIÓN
No museo municipal *Quiñones de León* podemos visitar esta mostra conmemorativa até o 27 de marzo.

EU MUSEO, CENTRO DE ARTE EGO
Esta mostra, que se encontra no *Espazo Anexo* do *MARCO*, é o resultado dunha obra en proceso, iniciada na primavera deste ano coa selección de cinco proxectos de 6 artistas procedentes da *Facultade de Belas Artes* de Pontevedra. Todo o proceso creativo en www.marcovigo.com/ego.

Baldo Martínez Grande Ensamble toca este xoves 27 e venres 28 en MADRID.

## Anuncios de balde

■ Véndense **escudos da Galiza de Castelao feitos en madeira** de cedro e cocobolo.Económicos.Tlfs:699 103 510-687 315 234

■ Ofrécese **rapaza responsábel para coidar crianzas en horas soltas en Vigo.** Tlf: 687 315 234.

■ **Psicólogo galego-arxentino atende consultas de emigrantes.** Crise na reintegración, na familia, na escola. Primeira consulta de balde. Psicoterapia breve. Organización de grupos de reflexión en cidades galegas. Pedir cita no tel. 981 134 144.

■ **Coidanse nenos e anciáns e faise limpeza de fogar** en Vigo a calquer hora. Chamar ao 655 976 180 ou ao 986 403 492.

■ **Busco unha muller solteira e sen compromiso,** preferibelmente entre 25 e 35 anos, que sexa honesta, sensíbel e teña uns ideais progresista e galeguistas, para amizade e compatir momentos, aficións e o que xurda. O meu correo electrónico é galizanacion1965@yahoo.es

■ **Alúgase cuarto en Vigo,** na Travesía de Vigo. Telf. 670 528 678 ou 986 250 144.

■ **Mudanzas e traslados con eficacia** e seriedade en Vigo. J.J. Herbón, telf. 647 047 790.

■ **Véndese *Subaru*** traído dos Estados Unidos, con catro cilindros e motor de 1.8 por 3000 euros. Preguntar por Alfonso no 986 584 911.

■ **Merco *Diccionario de usos Castellano-Gallego*** de Xosé Mª Freixedo e Fe Álvarez Carracedo. Ofertas ao telf. 986 204 774.

■ **Cóidanse nenos e anciáns en Vigo,** persoal especializado en educación e con experiencia na atención de persoas maiores. Preguntar por Rosana Pérez no telf. 667 545 033.

■ Realizo **animación de festas infantís** con xogos, deportes e bailes, e **adestramentos persoais** para distintas idades **para manterse en forma física en Vigo.** Interesados contactar con Emiliano no telf. 667 545 033.

■ **En Meira, Lugo, alúgase casa rural, perto do nacemento do río Miño.** Tres cuartos dobres con baño, cociña, calefacción e 10.000 m² de finca. Fins de semana ou temporada. Telf. 982 331 700, 686 753 105 ou www distridido.com

■ **Envía a túa protesta contra a cadea de tendas Custo** por deturpar a nosa toponimia a www custo-barcelona.com

■ **Merco violoncello 1/8,** de madeira maciza. Chamar ao 629 955 152.

■ **Véndese lote de móbeis antigos** e variados. Preguntar por Fátima no 665 386 661.

■ **Merco montes na provincia de Lugo,** preferentemente occidental. Contactar no 630 522 101 ou en moncho_com@yahoo.es.

■ **Véndese Renault Super 5** coa ITV pasada, en excelente estado, por 800 euros. Tel. 981 890 723.

■ **Alúgase cuarto exterior en Santiago** (zona de Conxo), con moita luz, calefacción, con dereito a cociña en piso a estrear. Telf. 687 581 137.

■ **Interésate pola reivindicación galeguista do Bierzo.** Visita www.falaceibe.tk e opin no noso foro. A loita cultural e lingüística dos galegofalantes do Bierzo tamén é túa. Apóianos xa!

■ **Oferécese Diplomado en Relacións Laborais,** zona de Vigo. Telf. 627 938 747.

■ A *Plataforma en Defensa do Río Miño* desenvolve unha iniciativa coa que **quere instar á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta a declarar as pesqueiras de Arbo, Crecente e Salvaterra como *Bens de Interese Cultural,*** a maior protección prevista pola lei para os bens culturais, co fin de frear a construción de presas neste río. Quen queira adscribirse ao proxecto pode enviar un correo a alberte_reboreda@yahoo.es, incluíndo nome e profesión.

■ **Merco casa con finca perto de Santiago.** Telf. 981 565 633.

■ A **Comisión Viguesa pola Memoria do 36,** pide a colaboración voluntaria de xornalistas, historiadores, deseñadores, programadores de web, antropólogos, arqueólogos e todos aqueles que queiran traballar pola memoria histórica do 36. As persoas interesadas poden porse en contacto con Lois Pérez Leira no 986 266 282.

■ Damas e cabaleiros, **xuntémonos para ler os nosos escritores galegos.** Ambiente familiar. Telf. 986 378 608.

■ **Alugo cuarto a señora de entre 50 e 65 anos en Vigo,** na zona do Calvario**.** Bon comportamento. Margarida Agulló, telf. 986 378 608.

■ **Ofrécese persoa para traballar como repoñedora, limpadora** ou auxiliar a domicilio na zona de **Negreira.** Telf. 981 191 096.

■ **Vendo piso en Vigo** na zona de Gregorio Espiño. 100 m², 4 dormitorios, garaxe, trasteiro, exterior. Telf. 639 134 041.

■ **Vende-se amplificador de baixo eléctrico Trace-Elliot Combo GP7 SM,** 300 w, 1x15 w mais 2 tweeters, pre/post equalizaçom, baixo activo/passivo, 7 bandas de equalizaçom, line out (600 euros). Telf. 988 240 680 / 619 370 043. ♦

ROSALIA CASTRO

**Augusto G. Besada**
Edición de
Mª Pilar Garcia Negro
COLECCIÓN
|N|Ó|S | O|S | G|A|L|E|G|O|S|
**A NOSA TERRA**

A NOSA TERRA
Nº 1.161
Do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2005
Ano XXVIII.
IV Xeira.

**VOLVER AO REIO**

Fraga é un individuo eminentemente moderno. Sempre ten unha frase para cebar o motor da parvada mediática. A última foi a de que nunca usou preservativo. Será certo, pero ponllos aos demais. O seu historial consistíu en poñerlle condóns a revistas, escritores e demócratas en xeral. Aló polo 1976, cando el mesmo se autoproclamou bandeira do *aperturismo*, percorreu os valados unha pintada que, malia o seu cuestionábel gusto, reprodúcese aquí polo seu rigor histórico: *Democracia con Fraga é como foder con braga*. En todo caso, o seu é a marcha atrás.♦

Q1161
8 400021 303104

DIRECTOR: Afonso Eiré López. EMPRESA XORNALÍSTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Xosé Fernández Puga.
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830*. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101.
info@anosaterra.com
Impreso en papel reciclado *Greenrecy 100* de 60 gr./m²

# Xavier R. Baixeras

## ‘Agora só como cocido se me obrigan’

CÉSAR LORENZO GIL

**Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) expón a súa afección pola gastronomía en *Diario de comidas* (Galaxia), un libro no que amais de crítica e apuntes de cociña desde moitos enfoques, garda nalgunhas páxinas eses recendos e sabores que excitan os xugos gástricos.**

XAN CARBALLA

**Un ano enteiro comendo e escribindo sobre comida. Nunca documentarse para un libro fora tan gorentoso.**

É certo que con estas obras, ao tempo que escribes, desfrutas. Non só porque, en efecto, comín moi ben senón porque ao transmitir esas sensacións ao libro, quixen que o lector puidese, ás veces, estimular outros sentidos, á parte da vista.

**Ultimamente, moita xente se gaba de ser gastrónomo. Non acabará converténdose en eufemismo de larpeiro.**

Algo diso hai. Igual que demasiada comida empacha, tamén falar demasiado de comida pode aburrir. Sobre todo se a gastronomía se converte nunha teoloxía.

**É que a gastronomía saíu da torre de almafí. Ferrán Adrià ten un guiñol propio na televisión.**

Converteuse a cociña nun fenómeno mediático. Eu penso que hai tres motivos. Un é, obviamente, a moda. Alguén comeza a facer algo simplemente porque está de moda. Hai a quen lle interesa que determinados comportamentos se impoñan e usan o seu poder para conseguilo. É un mercado moi interesante, que vai desde o prato no restaurante até o libro ou a conferencia. Tamén hai que ter en conta que na nosa sociedade do benestar, resoltos outros problemas, hai un gusto pola boa mesa. Á xente gústalle cultivar o padal. E, principalmente, no nivel psicolóxico, hai un desquite a respecto dos tempos da fame. É coma un esconxuro. Algo parecido sucede coas festas gastronómicas. Comamos até fartar para espantar a pantasma da miseria.

**A gastronomía tamén se pode gozar na casa?**

É erróneo levar un debate a se é mellor comer na casa ou facelo de restaurante. Até o tópico de que sae máis barato xantar na túa propia cociña pode resultar falso porque moitas veces déixamonos levar pola gula no supermercado e acabamos gastando moito máis do que nos costa o mesmo prato xa feito.

**Mais vostede si recomenda “convidar” na propia casa.**

Algo fundamental no bo comer é aquilo que nada ten a ver co propio alimento. Estar con alguén que queres, compartindo un bo xantar e un bo momento, desfrutando da comida feita por alguén non profesional. Agora case ninguén convida desa maneira. Prefiren quedar nun restaurante.

**Vostede tamén cociña. Experimenta o cociñeiro o pracer de ver satisfeito o comensal?**

Desde logo. É algo marabilloso achar unha receita que gusta. E iso costa moito. Os cociñeiros son creadores que deben ter moi presentes os receptores da súa arte. Ten que haber un equilibrio, igual que na poesía, entre a propia orixinalidade do autor e a necesidade de comunicar, de que a comida non acabe no lixo.

**Conta no libro que o porco xa non lle sabe a nada. Non será cousa de nostalxia da infancia.**

Unha cousa nada ten a ver coa outra e non son incompatíbeis. Hai quen di que a súa nai é a mellor cociñeira do mundo e resulta que todas as nais son a mellor do mundo. Outra cousa é que ao acabarse a matanza tradicional, os sabores, as texturas e os aromas do porco mudaron para peor. Eu agora só como cocido se me obrigan. Non me interesa ese lacón sen gusto a nada. É o que ten certa tradición gastronómica. Fálase daquela mazá reineta ou camoesa saborosa, daquela pescada marabillosa. Pero eu pregúntome, onde están eses produtos de tanta calidade? A nosa alimentación perdeu graza.

**Que lle recomenda a alguén que queira levar o mellor da comida galega?**

A lamprea e a vitela asada. Son produtos autenticamente nosos e irrepetíbeis. En Galiza tamén se fai moi ben a tortilla. Todos os premios desta receita lévanos cociñeiros galegos.

**E algún manxar exótico?**

O entrecot con trufas está boísimo. Ten un sabor telúrico, da profundidade da terra. Tamén está bo o bofongo de Puerto Rico e o cebiche que se fai en Perú en en México. Este é un prato moi popular, que se fai con corvina marinada e millo.♦




**Breve Historia da Música Galega**

**Mª Pilar Alén**

Colección: ESENCIAS

Desde o esplendor medieval e a música do camiño aos mestres de capela das catedrais. As figuras do noso nacionalismo musical no século XIX e o rexurdir dos coros galegos. Veiga, Montes, De Adalid, Perfecto Feijoo e Santalices e outros compositores da música clásica no noso país ao par dos grandes nomes do folclore.

Un percorrido pola nosa música da man de Pilar Alén no que tamén ocupan lugar as últimas aportacións, tendencias e movementos da música popular galega contemporanea.

A NOSA TERRA

# Perder o paraíso

XOSÉ RAMÓN POUSA

Teño amigos en Barcelona que levan anos soñando en regresar ao Caurel. Queren voltar ao paraíso, pechando así o ciclo vital dun proceso emigratorio que nos anos 60 e 70 arrincounos de Vilamor, Froxán, Visuña, e de tantas pequenas aldeas dos concellos de Seoane e de Folgoso. Houbo un tempo en que había máis xente do Courel en Barcelona que na propia bisbarra luguesa. Liñas de transporte clandestino, facían case que a diario o percorrido levando e traendo a novos emigrantes en busca dun posto de traballo na Seat, principalmente, pero tamén no sector do móbel e da carpintaría, e, como non, na hostalaría e en tantos outros oficios que permitía unha grande urbe, chea de contaminación, pero tamén de riqueza e cultura.

“Irei algún día de Barcelona ao Caurel por terra liberada…” era a transformación habitual que en pleno franquismo facían os lugueses do verso de Novoneira. O horizonte compartido por case que todos de regresar a un lugar idílico, trúncase agora polo informe da Comisión Europea, avalado polo eurocomisario Stavros Dimas, de que na aínda virxinal reserva biolóxica do Courel, que segue intacta como a deixaron anos atrás, hai tanta contaminación como na cidade de Barcelona.

Ano e medio de seguimento a través de satélite delata unha alta concentración de dióxido de carbono na troposfera, a parte máis baixa da atmosfera, comprendida entre os 8 e os 16 quilómetros de altura. Cando vén o vento do noroeste a crista contaminante da central térmica das Pontes descarga o seu veleno sobre o Caurel. Cando o vento vén do leste, chega o mesmo veleno, pero neste caso dende a veciña Ponferrada.

O mesmo acontece en Irlanda, onde cada verán, coincidindo cos ventos dominantes procedentes do sur, a televisión pública denuncia a través de *spots* publicitarios a mesma situación que, igualmente, ten como orixe as centrais térmicas situadas en Galiza, que non galegas, de Meirama e As Pontes, particularmente.

O gran paradoxo de Galiza é que, unha vez máis, chegamos aos máis altos niveis de degradación ambiental sen os beneficios dunha industrialización racional. Dúas empresas esgotan os cupos de $CO_2$ e acadamos límites insoportábeis de contaminación sen industria, sen riqueza, sen benestar.♦